*mentonar o emitido pola Demarcación de Costas de Galicia, que enumera unha serie de desaxustes na representación da liña de servidume de protección, e as observacións que realiza a Consellería de Ordenación do Territorio e Urbanismo en canto ao trazado do viario VL-12. Ambas as observacións corríronse e non supoñen ningunha modificación substancial que obrigue a unha nova exposición pública.*

*O importante, sen dúbida, deste documento é atender a petición dos veciños do barrio das Roseiras para acondicionar un paso que se utiliza para comunicar as rúas Simón Bolívar e Alfonso Rodríguez Castelao, e para acceder á Parroquia da nosa Señora dos Rosales, contribuíndo a mellorar as condicións de mobilidade, accesibilidade e seguridade, e calidade viaria dos peóns.*

*Este interese público que motiva esta tramitación para a modificación do Plan Xeral duns terreos cualificados actualmente como espazo libre privado e equipamento privado, sendo necesaria a súa recualificación como viario público para facilitar a súa adquisición e urbanización por parte do Concello, fai que o Grupo do Partido Popular vote a favor da aprobación deste expediente.*

*Moitas grazas.*

### **Presidencia**

*Moitas grazas.*

*Pecha o debate o concelleiro de Urbanismo, señor Díaz Villoslada.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Si. Gracias por facer referencia a unha das cuestións que se apuntaron por parte*

*mentonar el emitido por la Demarcación de Costas de Galicia, que enumera una serie de desajustes en la representación de la línea de servidumbre de protección, y las observaciones que realiza la Consellería de Ordenación del Territorio y Urbanismo en cuanto al trazado del viario VL-12. Ambas observaciones se han corregido y no suponen ninguna modificación sustancial que oblige a una nueva exposición pública.*

*Lo importante, sin duda, de este documento es atender la petición de los vecinos del barrio de Los Rosales para acondicionar un paso que se utiliza para comunicar las calles Simón Bolívar y Alfonso Rodríguez Castelao, y para acceder a la Parroquia de Nuestra Señora de Los Rosales, contribuyendo a mejorar las condiciones de movilidad, accesibilidad y seguridad, y calidad vial de los peatones.*

*Este interés público que motiva esta tramitación para la modificación del Plan General de unos terrenos calificados actualmente como espacio libre privado y equipamiento privado, siendo necesaria su recalificación como viario público para facilitar su adquisición y urbanización por parte del Ayuntamiento, hace que el Grupo del Partido Popular vote a favor de la aprobación de este expediente.*

*Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Cierra el debate el concejal de Urbanismo, señor Díaz Villoslada.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí. Gracias por hacer referencia a una de las cuestiones que se apuntaron por parte*





dos grupos municipais. Eu creo, en primeiro lugar, que é unha moi boa noticia que por fin o Pleno de forma unánime leve adiante esta aprobación definitiva, porque como tamén sinalaba, por exemplo, o señor Martínez, non é unha cuestión menor este viario nos Rosales. É dicir, se trata dunha modificación puntual do planeamento urbanístico que parece unha cuestión a priori pequena, pero que se trata dunha cuestión importante para a vida das veciñas e dos veciños dos Rosales. Nese sentido, case a título de reflexión, eu faría unha consideración sobre que para determinadas modificacións urbanísticas a tramitación que precisa a modificación do planeamento a veces resulta absolutamente pesada ou eterna. Deberíamos facer unha reflexión de como, bueno, pois a lexislación urbanística actualmente en Galicia necesitaría dunha certa, non vou dicir que flexibilización, pero si axilización dos trámites que precisan modificación de planeamento en cuestións destas características.

Aparte desá consideración, agradecer... O podemos agradecer desde o Goberno municipal na medida en que traemos este asunto a aprobación definitiva no Pleno, pero eu creo que quen máis vai agradecer esta modificación son os veciños e as veciñas do barrio dos Rosales, que son os que van ser beneficiarios.

Efectivamente, as melloras de accesibilidade que indicaba a señora Veira as analizaremos con motivo do proxecto de urbanización. Normalmente estamos, ademais, sometendo a análise e consideración do GAC, do Grupo de Accesibilidade da Coruña, os distintos proxectos de urbanización que estamos levando adiante, e así o faremos neste caso.

*de los grupos municipales. Yo creo, en primer lugar, que es una muy buena noticia que por fin el Pleno de forma unánime lleve adelante esta aprobación definitiva, porque como también señalaba, por ejemplo, el señor Martínez, no es una cuestión menor este viario en Os Rosales. Es decir, se trata de una modificación puntual del planeamiento urbanístico que parece una cuestión a priori pequeña, pero que se trata de una cuestión importante para la vida de las vecinas y de los vecinos de Os Rosales. En ese sentido, casi a título de reflexión, yo haría una consideración sobre que para determinadas modificaciones urbanísticas la tramitación que precisa la modificación del planeamiento a veces resulta absolutamente pesada o eterna. Deberíamos hacer una reflexión de cómo, bueno, pues la legislación urbanística actualmente en Galicia necesitaría de una cierta, no voy a decir que flexibilización, pero sí agilización de los trámites que precisan modificación de planeamiento en cuestiones de estas características.*

*Aparte de esa consideración, agradecer... Lo podemos agradecer desde el Gobierno municipal en la medida en que traemos este asunto a aprobación definitiva en el Pleno, pero yo creo que quien más va a agradecer esta modificación son los vecinos y las vecinas del barrio de Os Rosales, que son los que van a ser beneficiarios.*

*Efectivamente, las mejoras de accesibilidad que indicaba la señora Veira las analizaremos con motivo del proyecto de urbanización. Normalmente estamos, además, sometiendo a análisis y consideración del GAC, del Grupo de Accesibilidad de A Coruña, los distintos proyectos de urbanización que estamos llevando adelante, y así lo haremos en este caso.*



Só unha precisión, señor Martínez, e a veces ó Pleno veñen os asuntos que teñen que vir. Quero dicir que as competencias plenarias nos municipios de gran poboación basicamente se circunscriben ós orzamentos, ás ordenanzas e ós instrumentos de planeamento que necesitan consideración plenaria. Moitas das outras accións de goberno que se están levando adiante, pois son competencia directa da Xunta de Goberno Local ou da propia Alcaldía, nesa distribución de competencias que establece o Réxime Local. Por iso que, bueno, pois traemos o que temos que traer no momento procedimental oportuno, *como adoita dicirse*.

E agradecer tamén o voto a favor por parte do Partido Popular porque aínda non tiña claro, con motivo das abstencións na Comisión Informativa de Urbanismo, se houbera un pronunciamento neste sentido, aínda que, bueno, como votara afirmativamente na aprobación provisional, creo que si que todos os veciños e as veciñas dos Rosales estaban esperando un voto unánime de todos os grupos da Corporación.

Por iso que, bueno, agradecer os apoios e proceder entón a aprobar definitivamente a proposta, realizar os trámites para a súa entrada en vigor e preparar a continuación os proxectos da necesaria urbanización deste novo vial.

Grazas

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Remata o debate. Procedemos á

*Solo una precisión, señor Martínez, y a veces al Pleno vienen los asuntos que tienen que venir. Quiero decir que las competencias plenarias en los municipios de gran población básicamente se circunscriben a los presupuestos, a las ordenanzas y a los instrumentos de planeamiento que necesitan consideración plenaria. Muchas de las otras acciones de gobierno que se están llevando adelante, pues son competencia directa de la Junta de Gobierno Local o de la propia Alcaldía, en esa distribución de competencias que establece el Régimen Local. Por eso que, bueno, pues traemos lo que tenemos que traer en el momento procedimental oportuno, como suele decirse.*

*Y agradecer también el voto a favor por parte del Partido Popular porque aún no tenía claro, con motivo de las abstenciones en la Comisión Informativa de Urbanismo, si había habido un pronunciamiento en este sentido, aunque, bueno, como había votado afirmativamente en la aprobación provisional, creo que sí que todos los vecinos y las vecinas de los Rosales estaban esperando un voto unánime de todos los grupos de la Corporación.*

*Por eso que, bueno, agradecer los apoyos y proceder entonces a aprobar definitivamente la propuesta, realizar los trámites para su entrada en vigor y preparar a continuación los proyectos de la necesaria urbanización de este nuevo vial.*

Gracias

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Finaliza el debate. Procedemos a la*



votación. Lembro que é necesaria maioría absoluta legal do Pleno para a súa aprobación.

### **Votación do asunto número dous**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación o asunto número dous referenciado na orde do día, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Queda aprobado por unanimidade.

### **Acordo**

**PRIMEIRO.** Aprobar definitivamente o documento da “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM/13 PARA APERTURA DUN NOVO VIARIO ENTRE AS RÚAS SIMÓN BOLÍVAR E ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SETEMBRO 2021”, redactado pola

votación. Recuerdo que es necesaria mayoría absoluta legal del Pleno para su aprobación.

### **Votación del asunto número dos**

Seguidamente por la Presidencia se somete a votación el asunto número dos referenciado en el orden del día, produciéndose el siguiente resultado:

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos)

Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (2 votos)

Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto)

Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto)

### **Presidencia**

Muchas gracias.

Queda aprobado por unanimidad.

### **Acuerdo**

**PRIMERO.** Aprobar definitivamente el documento de la “MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PGOM/13 PARA APERTURA DE UN NUEVO VIARIO ENTRE LAS CALLES SIMÓN BOLÍVAR Y ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SEPTIEMBRE 2021”, redactado por la Oficina técnica



Oficina técnica municipal do Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

**SEGUNDO.** Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e artigos 199, 209 e 212 do Regulamento para o desenvolvemento da lei anterior, para a entrada en vigor do documento aprobado.

### **Presidencia**

Asunto número tres. Señor Secretario.

**150. Expte. 631/2016/299 MPX-6/16 Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM para a inclusión no catálogo de protección do PXOM 2013 de novos elementos.**

**Asunto:** Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM para a inclusión no catálogo de protección do PXOM 2013 de novos elementos.

Este asunto foi ditaminado pola Comisión Informativa Urbanismo e Vivenda celebrada o día 4 de outubro de 2021, co voto a favor do Grupo Municipal Socialista, de Marea Atlántica e do Bloque Nacionalista Galego, e as abstencións do Grupo Municipal do Partido Popular e da concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponiéndose ó Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

**PRIMEIRO.-** Aprobar definitivamente o documento da “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A CORUÑA PARA INCORPORACIÓN DE ELEMENTOS AO CATÁLOGO. Documento 1, Separata 1. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SETEMBRO 2021”, redactado pola Oficina técnica do

*municipal del Servicio de Planeamiento y Gestión del Suelo.*

**SEGUNDO.** *Realizar los trámites previstos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia y artículos 199, 209 y 212 del Reglamento para el desarrollo de la ley anterior, para la entrada en vigor del documento aprobado.*

### **Presidencia**

*Asunto número tres. Señor Secretario.*

**150. Expte. 631/2016/299 MPX-6/16 Aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM para la inclusión en el catálogo de protección del PGOM 2013 de nuevos elementos.**

**Asunto:** *Aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM para la inclusión en el catálogo de protección del PGOM 2013 de nuevos elementos.*

*Este asunto fue dictaminado por la Comisión Informativa Urbanismo y Vivienda celebrada el día 4 de octubre de 2021, con el voto a favor del Grupo Municipal Socialista, de Marea Atlántica y del Bloque Nacionalista Galego, y las abstenciones del Grupo Municipal del Partido Popular y de la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, proponiéndose al Pleno municipal a adopción de los siguientes acuerdos:*

**PRIMERO.-** *Aprobar definitivamente el documento de la “MODIFICACIÓN PUNTUAL DEL PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE A Coruña PARA INCORPORACIÓN DE ELEMENTOS Al CATÁLOGO. Documento 1, Separata 1. DOCUMENTO PARA APROBACIÓN DEFINITIVA. SEPTIEMBRE 2021”, redactado por la Oficina técnica del Servicio de*



Servizo de Planeamento e Xestión do Solo.

**SEGUNDO.-** Realizar os trámites previstos nos artigos 82 e 88 da Lei 2/2016, do solo de Galicia e artigos 199, 209 e 212 do Regulamento de desenvolvemento da lei anterior, para a entrada en vigor do documento aprobado.

### **Señor Secretario**

Aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM para a inclusión no Catálogo de protección do PXOM 2013 de novos elementos, que tamén require maioría absoluta legal.

### **Presidencia**

Igual que no anterior, exporá o asunto o concelleiro de Urbanismo e despois haberá unha única quenda de tres minutos.

Señor Díaz Villoslada, ten a palabra.

### **Señor Díaz Villoslada**

Si. Gracias de novo, señora alcaldesa.

O asunto anterior urbanístico non era menor, este si que tampouco é precisamente menor porque estamos a falar dunha aprobación definitiva que sometemos a consideración, e agardo que a aprobación deste pleno de hoxe. É unha modificación puntual, pero é unha modificación moi relevante do Catálogo de protección que ten o Plan Xeral en vigor.

Como sabemos —por lembrar algún dos antecedentes—, esta iniciativa de ampliar o Catálogo do Plan Xeral arrancara en 2016, naquel Pleno de decembro de 2016, con aquela

*Planeamiento y Gestión del Suelo.*

**SEGUNDO.-** Realizar los trámites previstos en los artículos 82 y 88 de la Ley 2/2016, del suelo de Galicia y artículos 199, 209 y 212 del Reglamento de desarrollo de la ley anterior, para la entrada en vigor del documento aprobado.

### **Señor Secretario**

*Aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM para la inclusión en el Catálogo de protección del PGOM 2013 de nuevos elementos, que también requiere mayoría absoluta legal.*

### **Presidencia**

*Igual que en el anterior, expondrá el asunto el concejal de Urbanismo y después habrá un único turno de tres minutos.*

*Señor Díaz Villoslada, tiene la palabra.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí. Gracias de nuevo, señora alcaldesa.*

*El asunto anterior urbanístico no era menor, este sí que tampoco es precisamente menor porque estamos hablando de una aprobación definitiva que sometemos a consideración, y espero que a aprobación de este pleno de hoy. Es una modificación puntual, pero es una modificación muy relevante del Catálogo de protección que tiene el Plan General en vigor.*

*Como sabemos —por recordar alguno de los antecedentes—, esta iniciativa de ampliar el Catálogo del Plan General arrancó en 2016, en aquel Pleno de diciembre de 2016, con aquella*





suspensión cautelar de licenzas para levar adiante esta modificación. A aprobación inicial dunha primeira proposta de catalogación, que non coincide na súa meirande parte coa que hoxe traemos a aprobación definitiva, a aprobación inicial fora acordada en sesión plenaria do 12 de novembro de 2018. O que pasa é que contara naquel trámite de información sectorial e información pública cun informe desfavorable relevante emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

Nese sentido, naquel trámite de información pública, ademais de ese informe desfavorable que poñía moitas cuestións encima da mesa para analizar por parte da Dirección de Patrimonio Cultural, presentáranse e formuláranse 69 alegacións que, lóxicamente, tamén había que analizar.

Á vista de todos estes antecedentes, como sabemos, a decisión que se tomou en setembro de 2020 foi proceder a elaborar unha separata específica de todos eses elementos a catalogar, a que chamamos a Separata número un do Documento número un, que é a que traemos hoxe precisamente a aprobación definitiva, na que se recollen as exixencias e cuestións principais que apuntaba a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e se protexeran, polo tanto, os bens con características merecedoras da súa protección e que puideran estar en risco de desaparición, así como aqueles outros que responderan a un principio de coherencia para levar adiante esta proposta de catalogación, e por iso, como digo, se formulara un novo documento titulado Documento un, Separata número un, que foi o que deu lugar ós seguintes trámites.

*suspensión cautelar de licencias para llevar adelante esta modificación. La aprobación inicial de una primera propuesta de catalogación, que no coincide en su mayor parte con la que hoy traemos a aprobación definitiva, la aprobación inicial había sido acordada en sesión plenaria de 12 de noviembre de 2018. Lo que pasa es que había contado en aquel trámite de información sectorial e información pública con un informe desfavorable relevante emitido por la Dirección General de Patrimonio Cultural.*

*En ese sentido, en aquel trámite de información pública, además de ese informe desfavorable que ponía muchas cuestiones encima de la mesa para analizar por parte de la Dirección de Patrimonio Cultural, se habían presentado y se habían formulado 69 alegaciones que, lógicamente, también había que analizar.*

*A la vista de todos estos antecedentes, como sabemos, la decisión que se tomó en septiembre de 2020 fue proceder a elaborar una separata específica de todos esos elementos a catalogar, la que llamamos la Separata número uno del Documento número uno, que es la que traemos hoy precisamente a aprobación definitiva, en la que se habían recogido las exigencias y cuestiones principales que apuntaba la Dirección General de Patrimonio Cultural de la Xunta de Galicia y se habían protegido, por lo tanto, los bienes con características merecedoras de su protección y que pudieran estar en riesgo de desaparición, así como aquellos otros que respondieran a un principio de coherencia para llevar adelante esta propuesta de catalogación, y por eso, como digo, se formuló un nuevo documento titulado Documento uno, Separata número uno, que fue el que dio lugar a los siguientes trámites.*



Este documento de Separata un foi aprobado, como sabemos, provisionalmente no Pleno do pasado mes de decembro de 2020 e recibiu o informe favorable da Dirección de Patrimonio Cultural o 15 de abril deste ano e despois, o 17 de agosto deste ano mesmo tamén, recibíuse o informe favorable da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e de Vivenda en materia urbanística, e a partir de todas estas consideracións a Oficina Técnica de Planeamento Municipal formula o documento final para aprobación definitiva datado en setembro pasado.

Se trata dunha aprobación definitiva que, conforme ó establecido na Lei do solo de Galicia e sobre todo tendo en conta os principios e obrigas tamén establecidas na Lei de patrimonio cultural de Galicia de 2016, protexe o valor histórico ou artístico, arquitectónico, mesmo nalgúns casos arqueolóxico ou incluso industrial, dos inmobles que se inclúen nesta catalogación.

Como sabemos, —por lembralo, aínda que estamos en fase de aprobación definitiva— hai determinados edificios que incluso estaban incluídos, por unha parte, na Guía de Arquitectura da Coruña do propio Colexio de Arquitectos de Galicia, ou incluso, dunha forma moi relevante, no propio documento da Fundación do DOCOMOMO. Falamos da catalogación do edificio do Noroeste, de Vázquez Molezún, por exemplo; do edificio Pou, de Fisac; do edificio de Alféreces, de Meijide; do edificio número 28 de Juan Flórez, tamén de Vázquez Molezún. Falamos da catalogación do edificio do que era o concesionario de Citroën na avenida de Oza, no número 43; falamos da catalogación da Escola Pablo Picasso,

*Este documento de Separata uno fue aprobado, como sabemos, provisionalmente en el Pleno del pasado mes de diciembre de 2020 y recibió el informe favorable de la Dirección de Patrimonio Cultural el 15 de abril de este año y después, el 17 de agosto de este mismo año también, se recibió el informe favorable de la Consellería de Medio Ambiente, Territorio y de Vivienda en materia urbanística, y a partir de todas estas consideraciones a Oficina Técnica de Planeamiento Municipal formula el documento final para aprobación definitiva datado en septiembre pasado.*

*Se trata de una aprobación definitiva que, conforme a lo establecido en la Ley del Suelo de Galicia y sobre todo teniendo en cuenta los principios y obligaciones también establecidas en la Ley de patrimonio cultural de Galicia de 2016, protege el valor histórico o artístico, arquitectónico, incluso en algunos casos arqueológico o incluso industrial, de los inmuebles que se incluyen en esta catalogación.*

*Como sabemos, —por recordarlo, aunque estamos en fase de aprobación definitiva— hay determinados edificios que incluso estaban incluidos, por una parte, en la Guía de Arquitectura de A Coruña del propio Colegio de Arquitectos de Galicia, o incluso, de una forma muy relevante, en el propio documento de la Fundación del DOCOMOMO. Hablamos de la catalogación del edificio del Noroeste, de Vázquez Molezún, por ejemplo; del edificio Pou, de Fisac; del edificio de Alféreces, de Meijide; del edificio número 28 de Juan Flórez, también de Vázquez Molezún. Hablamos de la catalogación del edificio del que era el concesionario de Citroën en la avenida de Oza, en el número 43; hablamos de la catalogación de la Escuela Pablo Picasso,*

tamén polo papel relevante que tivo con esta obra o profesor Jose Antonio Corrales Gutiérrez; e falamos tamén da catalogación das vivendas pareadas do número 35 da rúa Eladio Rodríguez e número 26 de Pai Sarmiento e os grupos de vivendas de Claudio Sanmartín do barrio dos Mariñeiros. Este sería o conxunto dos oito elementos edificatorios e dous grupos de vivendas que se inclúen nesta primeira Separata.

Quédanos traballo por diante. Sabemos, e todos os grupos municipais presentes na Comisión Informativa de Urbanismo e Vivenda deste pleno coñecen un segundo documento en preparación que se está analizando nesa comisión para levar adiante unha separata número dous na que se incluírían os outros elementos máis de carácter... incluso algúns etnolóxicos, outros tamén arqueolóxicos, que habería que incluír nesa, como digo, separata número dous para seguir ampliando e mellorando o Catálogo do Plan Xeral, e polo tanto, para seguir protexendo o patrimonio cultural, arquitectónico e histórico da cidade da Coruña. Seguramente, todo o que representa a traza do Camiño Inglés de Santiago debería ser obxecto dun propio documento específico que deberíamos, conforme ó calendario de traballo que temos establecido, abordar durante o ano que vén.

Neste sentido, someteuse este documento de aprobación definitiva ó ditame da Comisión de Urbanismo deste pasado luns, que conta tamén co informe favorable da Secretaría Xeral, sen prexuízo dunha observación respecto da execución de sentenza que se ditara no que era o expediente de licenza de demolición do edificio Citröen na avenida de Oza 43, e fora finalmente ditaminado a aprobación definitiva

*también por el papel relevante que tuvo con esta obra el profesor Jose Antonio Corrales Gutiérrez; y hablamos también de la catalogación de las viviendas pareadas del número 35 de la calle Eladio Rodríguez y número 26 de Padre Sarmiento y los grupos de viviendas de Claudio Sanmartín del barrio de Os Mariñeiros. Este sería el conjunto de los ocho elementos edificatorios y dos grupos de viviendas que se incluyen en esta primera Separata.*

*Nos queda trabajo por delante. Sabemos, y todos los grupos municipales presentes en la Comisión Informativa de Urbanismo y Vivienda de este pleno conocen, un segundo documento en preparación que se está analizando en esa comisión para llevar adelante una separata número dos en la que se incluirían los otros elementos más de carácter... incluso algunos etnológicos, otros también arqueológicos, que habría que incluir en esa, como digo, separata número dos para seguir ampliando y mejorando el Catálogo del Plan General, y por lo tanto, para seguir protegiendo el patrimonio cultural, arquitectónico e histórico de la ciudad de A Coruña. Seguramente, todo lo que representa la traza del Camino Inglés de Santiago debería ser objeto de un propio documento específico que deberíamos, conforme al calendario de trabajo que hemos establecido, abordar durante el año que viene.*

*En este sentido, se sometió este documento de aprobación definitiva al dictamen de la Comisión de Urbanismo de este pasado lunes, que cuenta también con el informe favorable de la Secretaría General, sin perjuicio de una observación respecto a la ejecución de sentencia que se había dictado en el que era el expediente de licencia de demolición del edificio Citröen en la avenida de Oza 43, y había sido finalmente dictaminada la aprobación*



favorablemente por esta comisión do pasado luns.

Por iso propoñemos finalmente, e creo que si que é unha gran noticia para o patrimonio cultural da cidade, a aprobación definitiva desta primeira Separata número un do Catálogo do Plan Xeral.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Faraldo, o seu turno.

### **Señora Faraldo Calvo**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Celebramos que se amplíe o Catálogo e que se recoñeza e se protexa o patrimonio desta cidade, especialmente dunha cidade donde o urbanismo da última década do século pasado e da primeira deste maltratou radicalmente o noso patrimonio. Para mostra, o que sucedeu no asilo de Adelaida Muro na época de Paco Vázquez, sendo concelleiro de Urbanismo Salvador Fernández Moreda, onde se derrubou un edificio dun altísimo valor patrimonial e simbólico para a cidade, derrube, a pesar da oposición popular, dos informes dos técnicos da cidade. Esta irresponsabilidade cumpriu este setembro vinte anos, por eso nos parece importante lembralo. Tampouco podemos esquecer no listado de pérdidas irrecuperables a demolición do antigo edificio de Sanidade da Mariña polo Goberno do PP, sendo alcalde Negreira e sendo concelleiro de Urbanismo o actual presidente do Porto, Martín Fernández Prado.

*definitiva favorablemente por esta comisión del pasado lunes.*

*Por eso proponemos finalmente, y creo que sí que es una gran noticia para el patrimonio cultural de la ciudad, la aprobación definitiva de esta primera Separata número uno del Catálogo del Plan General.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Señora Faraldo, su turno.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Celebramos que se amplíe el Catálogo y que se reconozca y se proteja el patrimonio de esta ciudad, especialmente de una ciudad donde el urbanismo de la última década del siglo pasado y de la primera de este maltrató radicalmente nuestro patrimonio. Para muestra, lo que sucedió en el asilo de Adelaida Muro en la época de Paco Vázquez, siendo concejal de Urbanismo Salvador Fernández Moreda, donde se derribó un edificio de un altísimo valor patrimonial y simbólico para la ciudad, derribo, a pesar de la oposición popular, de los informes de los técnicos de la ciudad. Esta irresponsabilidad cumplió este septiembre veinte años, por eso nos parece importante recordarlo. Tampoco podemos olvidar en el listado de pérdidas irrecuperables la demolición del antiguo edificio de Sanidad de la Marina por el Gobierno del PP, siendo alcalde Negreira y siendo concejal de Urbanismo el actual presidente del Puerto, Martín Fernández Prado.*





Esta modificación do PXOM vai no sentido contrario e por eso nos alegramos, pola inclusión dos novos elementos no Catálogo de protección do PXOM 2013. Instar, en todo caso, o Concello a poñer en valor o patrimonio que queda sen recoñecer todavía. É dicir, que se bota en falta algún dos elementos que estaban inicialmente na proposta de protección e que non aparecen por diferentes motivos, entre eles especialmente a Lonxa do Gran Sol, cúa protección depende tamén doutras administracións, pero que entendemos que é básico, que o Concello ten que facer todos os esforzos, presións e xestións para que este elemento tan importante nos peiraos interiores da cidade non se perda.

En todo caso, non nos cabe outro voto que a favor.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Polo Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.

### **Señora Veira González**

Si. Canto este asunto da orde do día, de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM para incluír os novos elementos no Catálogo, quixera sinalar, en primeiro lugar, que desde o Grupo do BNG imos votar a favor, do mesmo xeito que o fixemos na aprobación provisional. Como dicía daquela, estamos de acordo coa inclusión de todos os edificios que se incorporan ó Catálogo. En moitos casos trátase de inmóbeis que inexplicablemente non estaban presentes no PXOM aprobado definitivamente en 2013, ben pola autoría do deseño, ou ben polo que

*Esta modificación del PGOM va en el sentido contrario y por eso nos alegramos, por la inclusión de los nuevos elementos en el Catálogo de protección del PGOM 2013. Instar, en todo caso, al Ayuntamiento a poner en valor el patrimonio que queda sin reconocer todavía. Es decir, que se echa en falta alguno de los elementos que estaban inicialmente en la propuesta de protección y que no aparecen por diferentes motivos, entre ellos especialmente la Lonja del Gran Sol, cuya protección depende también de otras administraciones, pero que entendemos que es básico, que el Ayuntamiento tiene que hacer todos los esfuerzos, presiones y gestiones para que este elemento tan importante en los muelles interiores de la ciudad no se pierda.*

*En todo caso, no nos cabe otro voto que a favor.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Por el Bloque Nacionalista Galego, señora Veira.*

### **Señora Veira González**

*Sí. En cuanto a este asunto del orden del día, de aprobación definitiva de la modificación puntual del PGOM para incluir los nuevos elementos en el Catálogo, quisiera señalar, en primer lugar, que desde el Grupo del BNG vamos a votar a favor, al igual que lo hicimos en la aprobación provisional. Como decía en aquel momento, estamos de acuerdo con la inclusión de todos los edificios que se incorporan al Catálogo. En muchos casos se trata de inmuebles que inexplicablemente no estaban presentes en el PGOM aprobado definitivamente en 2013, bien por la autoría del diseño, o*





supoñen de únicos na nosa cidade e que grazas a súa inclusión no Catálogo imos poder conservar. Noutros casos trátase de inmóbeis que nos falan de como xurdiron os nosos barrios e dan conta das transformacións que foron sufrindo estes.

En todo caso, estamos diante de —como dicía o concelleiro— da aprobación da Separata número un e fican outros elementos por incorporar ó Catálogo, elementos que a nós, cando menos dende o BNG, entendemos o Goberno local se comprometera a incluír, como o caso do Observatorio meteorolóxico ou o caso da Lonxa do Gran Sol, sobre os que o Concello da Coruña ademais non ten moita capacidade de control e, polo tanto, se acontece a súa desaparición, cousa que non desexamos e que entendemos que debería de evitarse a toda costa, pois o problema é, como digo, que temos poucas capacidades para controlar iso, non? xa que depende da Administración do Estado. E fica tamén, como dicía o concelleiro, por traer ó Pleno, a revisión dos elementos etnográficos, que debiera tamén recollerse no Catálogo.

Entón, por este motivo, adiantou algo o concelleiro, mais queríamos unha contestación un pouquiño máis concreta sobre o calendario que manexa o Goberno local para aprobar os seguintes documentos, as separatas ou no seu caso as modificacións puntuais. E preguntámolo porque o ano pasado, en decembro, cando aprobamos provisionalmente esta separata número un, falábase de que no primeiro semestre de 2021 se aprobaría definitivamente e empezariamos a traballar nesa separata número dous, e demais.

E quería rematar cunha reflexión: de

*bien por lo que suponen de únicos en nuestra ciudad y que gracias a su inclusión en el Catálogo vamos a poder conservar. En otros casos se trata de inmuebles que nos hablan de cómo surgieron nuestros barrios y dan cuenta de las transformaciones que fueron sufriendo estos.*

*En todo caso, estamos ante —cómo decía el concejal— la aprobación de la Separata número uno y quedan otros elementos por incorporar al Catálogo, elementos que a nosotros, cuando menos desde el BNG, entendemos el Gobierno local se había comprometido a incluir, como el caso del Observatorio meteorológico o el caso de la Lonja del Gran Sol, sobre los que el Ayuntamiento de A Coruña además no tiene mucha capacidad de control y, por lo tanto, si sucede su desaparición, cosa que no deseamos y que entendemos que debería de evitarse a toda costa, pues el problema es, como digo, que tenemos pocas capacidades para controlar eso, ¿no? ya que depende de la Administración del Estado. Y queda también, como decía el concejal, por traer al Pleno, la revisión de los elementos etnográficos, que debiera también recogerse en el Catálogo.*

*Entonces, por este motivo, adelantó algo el concejal, pero queríamos una contestación un poquito más concreta sobre el calendario que maneja el Gobierno local para aprobar los siguientes documentos, las separatas o en su caso las modificaciones puntuales. Y lo preguntamos porque el año pasado, en diciembre, cuando aprobamos provisionalmente esta separata número uno, se hablaba de que en el primer semestre de 2021 se aprobaría definitivamente y enpezaríamos a trabajar en esa separata número dos, y demás.*

*Y quería finalizar con una reflexión: de*



pouco serve incluír elementos no Catálogo do PXOM se logo as propias administracións públicas e os propios gobernos non se encargan de que estes inmóbeis cun certo valor patrimonial e histórico se manteñan, teñan vida e usos actuais. E digo isto porque o propio Concello da Coruña ten inmóbeis da súa propiedade ou que debera reclamar para si que están caendo por anacos e en desuso, cando podían ser moi útiles para o tecido asociativo ou económico da cidade e vai pasando o tempo sen que se empreguen ou se amaíen, co deterioro que iso implica. E xa non falamos só do cárcere da Coruña, cuxa situación xa é delirante, que dá vergoña e mágoa a un mesmo tempo, non?, senón casos máis humildes, como pode ser o da Ragua de San Roque que nestes días viamos como rachaba un dos seus escaparates polo abandono no que se atopan estes baixos.

Nada máis.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señor Martínez.

### **Señor Martínez Durán**

Si, grazas, señora Rey.

Pois como no caso anterior —non deixa de ser sintomático— volvemos debater e votar un asunto que procede do pasado mandato. É sintomático en moitas cousas, non só da acción de goberno, senón —como antes dicía o señor Villoslada— tamén do periplo que teñen que percorrer algúns asuntos antes de rematar e poder dar os resultados que a cidadanía espera deles, non?

Esta incorporación de elementos ó

*pouco serve incluir elementos en el Catálogo del PGOM si luego las propias administraciones públicas y los propios gobiernos no se encargan de que estos inmuebles con un cierto valor patrimonial e histórico se mantengan, tengan vida y usos actuales. Y digo esto porque el propio Ayuntamiento de A Coruña tiene inmuebles de su propiedad o que debiera reclamar para sí que se están cayendo por trozos y en desuso, cuando podían ser muy útiles para el tejido asociativo o económico de la ciudad y va pasando el tiempo sin que se empleen o se arreglen, con el deterioro que eso implica. Y ya no hablamos solo de la cárcel de A Coruña, cuya situación ya es delirante, que da vergüenza y lástima a un mismo tiempo, ¿no?, sino casos más humildes, como puede ser el de la Ragua de San Roque que en estos días veíamos como se rompía uno de sus escaparates por el abandono en el que se encuentran estos bajos.*

*Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Por la Marea Atlántica, señor Martínez.*

### **Señor Martínez Durán**

*Sí, gracias, señora Rey.*

*Pues como en el caso anterior —no deja de ser sintomático— volvemos a debatir y votar un asunto que procede del pasado mandato. Es sintomático en muchas cosas, no solo de la acción de gobierno, sino —como antes decía el señor Villoslada— también del periplo que tienen que recorrer algunos asuntos antes de finalizar y poder dar los resultados que la ciudadanía espera de ellos, ¿no?*

*Esta incorporación de elementos al*



Catálogo de protección do Plan Xeral de Ordenación Municipal, efectivamente é unha iniciativa do Goberno da Marea Atlántica que arranca en 2016 e que até hoxe, pois fixo unha viaxe accidentada, como recordarán os grupos que naquela altura tiñan como deporte favorito poñer obstáculos a calquera cousa que saíse do Goberno da Marea Atlántica, pero tamén longo. Pasaron cinco anos e polo camiño encolleu aquela iniciativa que contiña case 90 elementos para incorporar ó Catálogo, pois hoxe contén unicamente 10.

Non temos ningún reparo sobre estes 10 elementos nin sobre os argumentos que xustifican a súa incorporación ó Catálogo. Xa o explicamos, xa é coñecida a nosa opinión. Votamos a favor no chanzo anterior da tramitación, en decembro do ano pasado, pero si que tiñamos a preocupación sobre o resto dos elementos, os que non ían incorporados nesta separata e que si estaban naquela iniciativa de hai cinco anos, non?

Como recordaba a señora Veira na súa intervención, daquela formulamos unha emenda que tiña basicamente dous obxectivos. O primeiro era instar a Autoridade Portuaria a empregar as súas propias ferramentas de protección para garantir a conservación da Lonxa do Gran Sol, e a segunda era arrincarlle ó Goberno municipal un compromiso para que o resto dos elementos incluídos no expediente de 2016 se tramitasen, se consensuasen e se aprobasen neste salón de sesións no primeiro semestre de 2021. É evidente que a Autoridade Portuaria —ningunha sorpresa á vista do histórico— non atendeu aquela petición, e tamén é evidente que o resto dos elementos, que non están neste expediente ó que hoxe lle daremos aprobación definitiva, tampouco se incorporaron, efectivamente, no primeiro semestre. En

*Catálogo de protección del Plan General de Ordenación Municipal, efectivamente es una iniciativa del Gobierno de la Marea Atlántica que arranca en 2016 y que hasta hoy, pues hizo un viaje accidentado, como recordarán los grupos que en aquella altura tenían como deporte favorito poner obstáculos la cualquier cosa que saliera del Gobierno de la Marea Atlántica, pero también largo. Pasaron cinco años y por el camino encogió aquella iniciativa que contenía casi 90 elementos para incorporar al Catálogo, pues hoy cuentan únicamente 10.*

*No tenemos ningún reparo sobre estos 10 elementos ni sobre los argumentos que justifican su incorporación al Catálogo. Ya lo explicamos, ya es conocida nuestra opinión. Votamos a favor en el escalón anterior de la tramitación, en diciembre del año pasado, pero sí que teníamos la preocupación sobre el resto de los elementos, los que no iban incorporados en esta separata y que sí estaban en aquella iniciativa de hace cinco años, no?*

*Como recordaba la señora Veira en su intervención, luego formulamos una enmienda que tenía básicamente dos objetivos. El primero era instar a la Autoridad Portuaria a emplear sus propias herramientas de protección para garantizar la conservación de la Lonja del Gran Sol, y la segunda era arrancarle al Gobierno municipal un compromiso para que el resto de los elementos incluidos en el expediente de 2016 se tramitaran, se consensuaran y se aprobaran en este salón de sesiones en el primer semestre de 2021. Es evidente que la Autoridad Portuaria —ninguna sorpresa a la vista del histórico— no atendió aquella petición, y también es evidente que el resto de los elementos, que no están en este expediente al que hoy le daremos aprobación definitiva, tampoco se incorporaron, efectivamente, en el primer*

todo caso, está en marcha, nos consta. Tivemos unha primeira aproximación na Comisión de Urbanismo e Vivenda e forma parte, ademais, das conversas que temos iniciadas entre o Partido Socialista e a Marea Atlántica para abordar non só a recuperación de orzamentos para este concello de cara ó ano que vén, senón tamén outros moitos asuntos vitais para a cidade de carácter estratéxico, dende as modificacións de Planeamento pendentes, até cousas da máxima urxencia como é o plan municipal polo dereito á vivenda, do que seguramente falaremos despois.

E en relación a isto, fiando co comentario que antes facía o concelleiro de Urbanismo, sei perfectamente cales son as competencias que en sentido estrito a Lei de Bases lle concede a este pleno, pero tamén sei, e vostede tamén sabe que ós plenos, ademais de asuntos nada pequenos como orzamentos, ordenanzas fiscais, ordenanzas, regulamentos, etcétera, etcétera, tamén veñen se hai vontade do Goberno, os asuntos estratéxicos de cidade, e non están vindo eses asuntos estratéxicos. Poderíamos facer unha relación de todos aqueles que poderían vir, porque nalgún momento (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) —e xa remato— e non están, pero poño un exemplo: dous anos e medio case despois da súa toma de posesión, o traballo iniciado no pasado mandato para a aprobación da Axenda Urbana, que é un asunto de suficiente calado como para que sexa discutido, debatido e aprobado neste pleno, non está, e iso non deixa de ser un mal síntoma.

Nada máis.

*semestre. En todo caso, está en marcha, nos consta. Tuvimos una primera aproximación en la Comisión de Urbanismo y Vivienda y forma parte, además, de las conversaciones que tenemos iniciadas entre el Partido Socialista y la Marea Atlántica para abordar no solo la recuperación de presupuestos para este ayuntamiento de cara al año que viene, sino también otros muchos asuntos vitales para la ciudad de carácter estratégico, desde las modificaciones de Planeamiento pendientes, hasta cosas de la máxima urgencia como es el plan municipal por el derecho a la vivienda, del que seguramente hablaremos después.*

*Y en relación a esto, hilando con el comentario que antes hacía el concejal de Urbanismo, sé perfectamente cuáles son las competencias que en sentido estricto la Ley de Bases le concede a este pleno, pero también sé, y usted también sabe que a los plenos, además de asuntos nada pequeños como presupuestos, ordenanzas fiscales, ordenanzas, reglamentos, etcétera, etcétera, también vienen si hay voluntad del Gobierno, los asuntos estratégicos de ciudad, y no están viniendo esos asuntos estratégicos. Podríamos hacer una relación de todos aquellos que podrían venir, porque en algún momento (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) —y ya finalizo— y no están, pero pongo un ejemplo: dos años y medio casi después de su toma de posesión, el trabajo iniciado en el pasado mandato para la aprobación de la Agenda Urbana, que es un asunto de suficiente calado como para que sea discutido, debatido y aprobado en este pleno, no está, y eso no deja de ser un mal síntoma.*

*Nada más.*





**Presidencia**

Moitas grazas, señor Martínez.

Polo Grupo Popular, señor Deus.

**Señor Deus Álvarez**

Grazas.

*Traen a este pleno a aprobación definitiva dun documento para incorporar elementos ao Catálogo de protección do Plan Xeral, e digo algúns porque se trata dunha separata ao documento de modificación puntual ao Plan elaborado polo Goberno de Marea.*

*Gustárame comezar dicindo que está en vigor un plan xeral aprobado no ano 2013. Trátase dun plan recente, moito máis recente é tamén o PEPRI, aprobado no ano 2015, por tanto, xa contabamos cun catálogo actualizado, cunha análise exhaustiva do patrimonio histórico para establecer o adecuado nivel de protección desas pezas no ámbito do termo municipal.*

*É certo que o Catálogo poderá ser modificado para inclusión ou exclusión de elementos, pero ha de seguir as determinacións esixidas pola lexislación en materia de patrimonio cultural. Con iso preténdese deixar pouco espazo á discrecionalidade. E dígoos á vista do informe que a Dirección Xeral de Patrimonio emitiu en relación ao documento inicial da modificación puntual para incorporar elementos ao Catálogo, aprobado inicialmente no Pleno de 12 do 11 do 2018. O devandito informe non deixa lugar a dúbidas sobre a documentación elaborada polo Goberno da Marea e que o Partido Popular xa advertía no seu escrito de alegacións: bótase en falta para os edificios da segunda metade do século*

**Presidencia**

*Muchas gracias, señor Martínez.*

*Por el Grupo Popular, señor Deus.*

**Señor Deus Álvarez**

*Gracias.*

*Traen a este pleno la aprobación definitiva de un documento para incorporar elementos al Catálogo de protección del Plan General, y digo algunos porque se trata de una separata al documento de modificación puntual al Plan elaborado por el Gobierno de Marea.*

*Me gustaría comenzar diciendo que está en vigor un plan general aprobado en el año 2013. Se trata de un planeamiento reciente, mucho más reciente es también el PEPRI, aprobado en el año 2015, por lo tanto, ya contábamos con un catálogo actualizado, con un análisis exhaustivo del patrimonio histórico para establecer el adecuado nivel de protección de esas piezas en el ámbito del término municipal.*

*Es cierto que el Catálogo podrá ser modificado para inclusión o exclusión de elementos, pero ha de seguir las determinaciones exigidas por la legislación en materia de patrimonio cultural. Con ello se pretende dejar poco espacio a la discrecionalidad. Y lo digo a la vista del informe que la Dirección Xeral de Patrimonio emitió en relación al documento inicial de la modificación puntual para incorporar elementos al Catálogo, aprobado inicialmente en el Pleno de 12 del 11 del 2018. Dicho informe no deja lugar a dudas sobre la documentación elaborada por el Gobierno de la Marea y que el Partido Popular ya advertía en su escrito de alegaciones: se echa en falta para los edificios de la segunda mitad del siglo XX un estudio*



*XX un estudo pormenorizado desa época na cidade, non entendendo que a semellanza con outros proxectos ou a traxectoria dese autor pode determinar a inclusión no Catálogo, debendo acreditarse a súa singularidade, representatividade, ademais da dimensión social significativa. Advertíase a falta dun criterio homoxéneo, é dicir, discrecionalidade.*

*Catalóganse edificios cun nivel de protección ambiental sen identificar ningún valor relevante. A pesar da protección ambiental prohibíase a adición de plantas, prohibíase a adición de plantas que si se permitía nalgúns edificios xa catalogadas, e en canto á calidade da documentación, aquela modificación puntual aprobada inicialmente contiña numerosos erros e carencias, nalgúns casos da definición necesaria.*

*Á vista deste informe non é de estrañar que optasen vostedes por elaborar esta separata de circunstancias.*

*Nas alegacións presentadas polo noso grupo do Partido Popular poñíamos de manifesto o noso compromiso claro co interese xeral da cidade, estando sempre a favor de calquera tipo de actuación que pretenda preservar ou protexer os seus bens patrimoniais. Para que dita protección sexa entendida e respectada polos coruñeses é imprescindible que as decisións estean adecuadamente xustificadas e que se cumpra o principio de igualdade entre os cidadáns. Así o fixemos na aprobación do Plan Xeral do ano 2013, que ampliaba e recollía no Catálogo de maneira notable máis elementos que os existentes no Plan do ano 98.*

*Algo fallou na tramitación desta modificación puntual que deu os seus*

pormenorizado de esa época en la ciudad, no entendiendo que la semejanza con otros proyectos o la trayectoria de ese autor puede determinar la inclusión en el Catálogo, debiendo acreditarse su singularidad, representatividad, además de la dimensión social significativa. Se advertía la falta de un criterio homogéneo, es decir, discrecionalidad.

Por iso —e xa conclúo— pola defensa dos postos de traballo e pola defensa dunhas condicións laborais dignas, pedimos o voto favorábel a esta moción e anuncio que aceptamos a incorporación das emendas de adición presentadas polo Grupo Popular e a concelleira non adscrita señora Faraldo, que complementan os contidos da moción. Entendemos que a emenda da Marea fica subsumida na emenda incorporada do Grupo Popular, dado que a única diferenza é que se empraza a que a Corporación, e non so o Goberno municipal, teña unha reunión coa representación dos traballadores, e polo que respecta á emenda do Grupo Socialista, chegamos a unha transacción para engadir un novo punto para esixir así mesmo á Xunta de Galiza que poña todos os medios e mecanismos para garantir os dereitos das persoas traballadoras de este empresa.

Ben, este é o acordo ó que chegamos e reitero a solicitude de apoio a esta moción. Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Turno para a señora Faraldo.

**Ás doce horas e trinta e tres minutos sae do Salón de Sesións a señora Martínez Lema e entran os señores Martínez Durán e Coira Andrade.**

ofertaban.

*En definitiva, técnicas de marketing al más puro estilo Vox estigmatizando y atacando la dignidad de colectivos vulnerables (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**).*

*Por eso —y ya concluyo— por la defensa de los puestos de trabajo y por la defensa de unas condiciones laborales dignas, pedimos el voto favorable a esta moción y anuncio que aceptamos la incorporación de las enmiendas de adición presentadas por el Grupo Popular y la concejala no adscrita señora Faraldo, que complementan los contenidos de la moción. Entendemos que la enmienda de la Marea queda subsumida en la enmienda incorporada del Grupo Popular, dado que la única diferencia es que se emplaza a que la Corporación, y no solo el Gobierno municipal, tenga una reunión con la representación de los trabajadores, y por lo que respecta a la enmienda del Grupo Socialista, llegamos a una transacción para añadir un nuevo punto para exigir asimismo a la Xunta de Galicia que ponga todos los medios y mecanismos para garantizar los derechos de las personas trabajadoras de esta empresa.*

*Bien, este es el acuerdo al que llegamos y reitero la solicitud de apoyo a esta moción. Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Turno para la señora Faraldo.*

***A las doce horas y tres minutos sale del Salón de Sesiones la señora Martínez Lema y entran los señores Martínez Durán y Coira Andrade.***



**Señora Faraldo Calvo**

Grazas, señora alcaldesa.

Anunciamos xa o noso voto favorable a esta moción desde o primeiro ao último punto. O telemarketing é un sector no que traballan aproximadamente uns 6.000 coruñeses e coruñesas en condicións xeralmente moi duras e suxeitos a uns riscos psicosociais elevados. A loita dos traballadores e traballadoras de Extel merece o recoñecemento deste pleno e así llo trasladamos na reunión que tivemos cos representantes sindicais.

Gustaríanos engadir que nestes días outra empresa do sector, Conecta, tamén está a levar a cabo mobilizacións por problemáticas moi similares. A nosa solidariedade e apoio tamén para todas elas.

Creemos convinte traer a colación aquí que o convenio do sector leva máis de dous anos vencidos e as negociacións cara ó novo convenio atópanse estancadas pola mala fe negociadora da patronal de Contact Center, agravada pola non consideración da sentenza do Tribunal Supremo que considera a tódolos traballadores do sector contratados baixo a modalidade de obra ou servizo como traballadores indefinidos, consideración que debe consolidarse no novo convenio. A dilatación torticeira das negociacións leva aparellada a conxelación do salario dos traballadores e das traballadoras desde o ano 2019.

Outra cuestión do bloqueo é a compensación de gastos polo teletraballo. Mentres a patronal ofrece 18 euros mensuais, a parte social pide 55. Coa luz disparada, moitos

**Señora Faraldo Calvo**

Gracias, señora alcaldesa.

*Anunciamos ya nuestro voto favorable a esta moción desde el primero al último punto. El telemarketing es un sector en el que trabajan aproximadamente unos 6.000 coruñeses y coruñesas en condiciones generalmente muy duras y sujetos a unos riesgos psicosociales elevados. La lucha de los trabajadores y trabajadoras de Extel merece el reconocimiento de este pleno y así se lo trasladamos en la reunión que tuvimos con los representantes sindicales.*

*Nos gustaría añadir que en estos días otra empresa del sector, Conecta, también está llevando a cabo movilizaciones por problemáticas muy similares. Nuestra solidaridad y apoyo también para todas ellas.*

*Creemos conveniente traer a colación aquí que el convenio del sector lleva más de dos años vencidos y las negociaciones hacia el nuevo convenio se encuentran estancadas por la mala fe negociadora de la patronal de Contact Center, agravada por la no consideración de la sentencia del Tribunal Supremo que considera a todos los trabajadores del sector contratados bajo la modalidad de obra o servicio como trabajadores indefinidos, consideración que debe consolidarse en el nuevo convenio. La dilatación torticera de las negociaciones lleva aparejada la congelación del salario de los trabajadores y de las trabajadoras desde el año 2019.*

*Otra cuestión del bloqueo es la compensación de gastos por el teletrabajo. Mientras la patronal ofrece 18 euros mensuales, la parte social pide 55. Con la luz disparada, muchos*



traballadores e traballadoras están asumindo desde os seus bolsillos uns costes impropios. A lei de teletraballo aprobada en plena pandemia remite á negociación colectiva esta compensación e a patronal segue bloqueando as mesas precisamente para evitar estas melloras. Desde a Dirección Xeral do Ministerio de Traballo xa se instou á patronal para encarar as negociacións con maior celeridade e con maior vontade de chegar a un acordo.

**Ás doce horas e catro minutos entra no Salón de Sesións a señora Gutiérrez Roselló.**

Desde o Concello da Coruña debemos empuxar no que poidamos para mellorar as condicións de traballo do sector. Non só polo seu xa mencionado carácter estratéxico no tecido social local sino porque ademais os servizos como o teléfono de atención cidadá municipal son xestionados por una empresa do sector. As persoas que son a voz do Concello ante a cidadanía réxense por ese convenio de telemarketing bloqueado e merecen unhas condicións tamén laborais dignas e xustas.

Por todo o exposto, apoiar sen fisuras a moción do BNG e agradecer que aceptasen a nosa emenda de adición para complementala, porque esa achega faise unicamente coa vontade de apoiar a mellora das condicións de vida e de traballo dos traballadores e traballadoras do sector.

Grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Pola Marea Atlántica, señor Lema.

*trabajadores y trabajadoras están asumiendo desde sus bolsillos unos costes impropios. La ley de teletrabajo aprobada en plena pandemia remite a la negociación colectiva esta compensación y la patronal sigue bloqueando las mesas precisamente para evitar estas mejoras. Desde la Dirección General del Ministerio de Trabajo ya se instó a la patronal para encarar las negociaciones con mayor celeridad y con mayor voluntad de llegar a un acuerdo.*

***A las doce horas y cuatro minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Gutiérrez Roselló.***

*Desde el Ayuntamiento de A Coruña debemos empujar en lo que podamos para mejorar las condiciones de trabajo del sector. No solo por su ya su mencionado carácter estratégico en el tejido social local sino porque además los servicios como el teléfono de atención ciudadana municipal son gestionados por una empresa del sector. Las personas que son la voz del Ayuntamiento ante la ciudadanía se rigen por ese convenio de telemarketing bloqueado y merecen unas condiciones también laborales dignas y justas.*

*Por todo lo expuesto, apoyar sin fisuras la moción del BNG y agradecer que aceptaran nuestra enmienda de adición para complementarla, porque esa aportación se hace únicamente con la voluntad de apoyar la mejora de las condiciones de vida y de trabajo de los trabajadores y trabajadoras del sector.*

*Gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Por la Marea Atlántica, señor Lema.*



**Señor Lema Suárez**

Bo día, moitas grazas.

Dicir que imos retirar a nosa emenda porque efectivamente consideramos que na propia emenda que presenta o Partido Popular está recollida o mesmo sentido desta moción que nos foi presentada hai xa uns meses con vontade de que fose unha moción conxunta, non?. En todo caso e como chega ó Pleno e é a proposta dun dos grupos e cómpre debatela nestes termos, non?.

Dicía o alcalde Xulio Ferreiro que alí onde rematan as miñas competencias empezan as miñas incumbencias, non?. Estamos nun deses casos non?, no que, efectivamente, a situación dunha empresa privada dun sector moi precarizado e feminizado como é o de telemarketing, como é o sector servizos en xeral, presenta ante este Concello pois unha solicitude de apoio a súa loita.

Debo dicir que no pasado, no mandato pasado, cando nos reunimos coa a que daquela era a propiedade desta empresa, de Extel, con Adeco, esta vez si, con Adeco, pois foi unha xuntanza na que se puña de manifesto pois que estabamos ante unha propiedade, ante unha patronal, con moi pouca disposición ó diálogo, con moi pouca vontade, en definitiva, de mellorar a situación das traballadoras, que na súa maior parte son mulleres e, polo que soubemos na xuntanza que mantivemos este ano co Comité de empresa de Extel, a nova propiedade non mellorou en absoluto a situación dos traballadores, senón que moi ó contrario as fixo todavía peores como dalgún xeito xa se ten relatado no debate ata agora, non?

**Señor Lema Suárez**

Buenos días, muchas gracias.

*Decir que vamos a retirar nuestra enmienda porque efectivamente consideramos que en la propia enmienda que presenta el Partido Popular está recogida el mismo sentido de esta moción que nos fue presentada hace ya unos meses con voluntad de que fuera una moción conjunta, ¿no? En todo caso y como llega al Pleno y es la propuesta de uno de los grupos, y procede debatirla en estos términos, ¿no?*

*Decía el alcalde Xulio Ferreiro que allí donde finalizan mis competencias empiezan mis incumbencias, ¿no? Estamos en uno de esos casos ¿no?, en el que, efectivamente, la situación de una empresa privada de un sector muy precarizado y feminizado como es el de telemarketing, como es el sector servicios en general, presenta ante este Ayuntamiento pues una solicitud de apoyo a su lucha.*

*Debo decir que en el pasado, en el mandato pasado, cuando nos reunimos con la que entonces era la propiedad de esta empresa, de Extel, con Adeco, esta vez sí, con Adeco, pues fue una reunión en la que se ponía de manifesto pues que estábamos ante una propiedad, ante una patronal, con muy poca disposición al diálogo, con muy poca voluntad, en definitiva, de mejorar la situación de las trabajadoras, que en su mayor parte son mujeres y, por lo que supimos en la reunión que mantuvimos este año con el Comité de empresa de Extel, la nueva propiedad no mejoró en absoluto la situación de los trabajadores, sino que muy al contrario las hizo todavía peores como de alguna forma ya se ha relatado en el debate hasta ahora, ¿no?*

**Ás doce horas e sete minutos entra no Salón de Sesións a señora Veira González.**

Ben, nos pensamos que o Concello non pode permanecer pasivo ante a situación do emprego, do traballo na Coruña. Ten que ter unha interlocución estable con todas as aquelas persoas que representa y ten que manifestar o seu apoio do xeito que considere mellor, pero cando menos recibindo no Concello á representación sindical destas empresas que están nunha situación de loita como é esta que nos ocupa hoxe, non?. Porque dalgún xeito iso é o que vén a denunciar esta moción, que non se atende debidamente a reclamación de apoio que lle fan a este Concello, non?

Vemos, indo un pouco mais alá do inmediato, do que se pon de manifesto nesta moción, que no Concello falta unha estratexia de promoción económica, tamén unha estratexia que ten que ver coa propia política de emprego non? Séguese pois pasivamente, burocráticamente, repetindo unhas liñas de traballo, Coruña Suma y outros programas que veñen de atrás, pero falta estratexia. Non se renovou o Plan de emprego municipal, falta interlocución co sector, falta actualizar os programas de emprego aos indicadores e á situación actual da crise, falta en definitiva, realmente, unha área de emprego con un mínimo de protagonismo no día a día da cidade. Xa non me refiro solo á expresión de solidariedade e apoio que se nos require nesta moción, senón que me refiro ao que ten que ver coa acción propia, digamos, da Área de Emprego, que está ausente, está ausente y entendemos que non é de recibo.

***A las doce horas y siete minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Veira González.***

*Bien, nosotros pensamos que el Ayuntamiento no puede permanecer pasivo ante la situación del empleo, del trabajo en A Coruña. Tiene que tener una interlocución estable con todas aquellas personas que representa y tiene que manifestar su apoyo de la manera que considere mejor, pero cuando menos recibiendo en el Ayuntamiento a la representación sindical de estas empresas que están en una situación de lucha como es esta que nos ocupa hoy, ¿no? Porque de alguna manera eso es lo qque viene a denunciar esta moción, que no se atiende debidamente la reclamación de apoyo que le hacen a este Ayuntamiento, ¿no?*

*Vemos, yendo un poco más allá de lo inmediato, de lo que se pone de manifesto en esta moción, que en el Ayuntamiento falta una estrategia de promoción económica, también una estrategia que tiene que ver con la propia política de empleo ¿no? Se sigue pues pasivamente, burocráticamente, repitiendo unas líneas de trabajo, Coruña Suma y otros programas que vienen de atrás, pero falta estrategia. No se renovó el Plan de empleo municipal, falta interlocución con el sector, falta actualizar los programas de empleo a los indicadores y a la situación actual de la crisis, falta en definitiva, realmente, un área de empleo con un mínimo de protagonismo en el día a día de la ciudad. Ya no me refiero solo a la expresión de solidaridad y apoyo que se nos requiere en esta moción, sino que me refiero a lo que tiene que ver con la acción propia, digamos, del Área de Empleo, que está ausente, está ausente y entendemos que no es de recibo.*





Entendemos que hai que actualizar, cando menos, as ferramentas que se dispuñan, que veñan de lonxe, ó contexto actual da crise. Hai que ter interlocución cos axentes económicos e hai que intentar elaborar, insisto, ó medio prazo, unha estratexia para que A Coruña recupere o emprego perdido durante esta suma de crises y que dalgunha maneira poidamos pois saír dela o mais reforzados posibles.

Con todo dito expresamos tamén o noso apoio a esta moción.

Grazas.

**Ás doce horas e nove minutos entra no Salón de Sesións a señora Delso Carreira e sae a señora Martínez Acón.**

#### **Presidencia**

Moitas grazas señor Lema.

Turno para o Partido Popular, señora Peñalosa.

#### **Señora Peñalosa López-Pin**

*Bos días a todos os presentes, aos traballadores de Extel e aos que nos seguen en directo.*

*O traballo e as condicións nas que se pode e debe ser desenvolto son unha garantía que co paso dos séculos adquirimos os traballadores. As relacións entre empregados e empresa quedan fixadas claramente coa lexislación laboral e o Estatuto dos traballadores. Tanto a lexislación europea, a española ou a autonómica, claramente reflicten cales son as competencias, dereitos e deberes de empregados e empregadores.*

*Entendemos que hay que actualizar, cuando menos, las herramientas de que se disponían, que vengan de lejos, al contexto actual de la crisis. Hay que tener interlocución con los agentes económicos y hay que intentar elaborar, insisto, a medio plazo, una estrategia para que A Coruña recupere el empleo perdido durante esta suma de crisis y que de alguna manera podamos pues salir de ella lo más reforzados posibles.*

*Con todo dicho expresamos también nuestro apoyo a esta moción.*

*Gracias.*

***A las doce horas y nueve minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Delso Carreira y sale la señora Martínez Acón.***

#### **Presidencia**

*Muchas gracias señor Lema.*

*Turno para el Partido Popular, señora Peñalosa.*

#### **Señora Peñalosa López-Pin**

*Buenos días a todos los presentes, a los trabajadores de Extel y a los que nos siguen a través de streaming*

*El trabajo y las condiciones en las que se puede y debe ser desarrollado son una garantía que con el paso de los siglos hemos adquirido los trabajadores. Las relaciones entre empleados y empresa quedan fijadas claramente con la legislación laboral y el Estatuto de los trabajadores. Tanto la legislación europea, la española o la autonómica, claramente reflejan cuales son las competencias, derechos y deberes de empleados y empleadores.*

*Que un traballador vexa que os seus dereitos son respectados e desempeñe as súas obrigacións dunha maneira eficiente, fai que as organizacións crezan, a calidade e a cantidade de traballo aumente. Os problemas que denuncian os traballadores de Extel débennos facer pensar a todos e que podemos facer. Pensar e falar nun ton máis alto que ultimamente este Goberno local tennos afeitos, debería ser o primeiro que saíse deste pleno, aínda que parece bastante difícil de conseguir.*

*Despois da reunión que mantivemos todos os grupos desta Corporación co comité doutra empresa coruñesa que está en serios apuros e aos que a señora Rey prometeu axuda, non foi capaz de redactar unha carta contundente, non só iso, é que non foi capaz de redactar ningunha carta que esixa ao Goberno de España que desenvolva políticas que non protexan o emprego desta cidade. Imaxínome que aumentar o ton, para o Goberno de Inés Rey, é case imperceptible, sobre todo para os que estamos a ver como o traballo en sectores diferentes ao sector servizos cada vez escasea máis nesta cidade. Cando temos un goberno tan afastado do emprego, como o da señora Rey, é fácil que non vexa o que se está pasando. Señor Lema, como non van faltar cousas se o responsable da área ten como quinta actividade a protección do emprego despois de educación, memoria histórica, innovación e industria?. Iso xa di bastante. Para Inés Rey o emprego dos coruñeses non é importante, ou se o é, só rumoreoullo nesas reunións e chamadas clandestinas que só sabe o señor Lage pero que ninguén viu ningún froito, porque falar por falar e reunirse por reunirse, como lle dixeron aos traballadores de Alu Ibérica, non creo que sexa un obxectivo para ninguén eficiente.*

Que un trabajador vea que sus derechos son respetados y desempeñe sus obligaciones de una manera eficiente, hace que las organizaciones crezcan, la calidad y la cantidad de trabajo aumente. Los problemas que denuncian los trabajadores de Extel nos deben hacer pensar a todos y qué podemos hacer. Pensar y hablar en un tono más alto que últimamente este Gobierno local nos tiene acostumbrados, debería ser lo primero que saliera de este pleno, aunque parece bastante difícil de conseguir.

Después de la reunión que mantuvimos todos los grupos de esta Corporación con el comité de otra empresa coruñesa que está en serios apuros y a los que la señora Rey prometió ayuda, no ha sido capaz de redactar una carta contundente, no solo eso, es que no ha sido capaz de redactar ninguna carta que exija al Gobierno de España que desarrolle políticas que no protejan el empleo de esta ciudad. Me imagino que aumentar el tono, para el Gobierno de Inés Rey, es casi imperceptible, sobre todo para los que estamos viendo cómo el trabajo en sectores diferentes al sector servicios cada vez escasea más en esta ciudad. Cuando tenemos un gobierno tan alejado del empleo, como el de la señora Rey, es fácil que no vea lo que se está pasando. Señor Lema, ¿cómo no van a faltar cosas si el responsable del área tiene como quinta actividad la protección del empleo después de educación, memoria histórica, innovación e industria? Eso ya dice bastante. Para Inés Rey el empleo de los coruñeses no es importante, o si lo es, solo se lo ha susurrado en esas reuniones y llamadas clandestinas que solo sabe el señor Lage pero que nadie ha visto ningún fruto, porque hablar por hablar y reunirse por reunirse, como le dijeron a los trabajadores de Alu Ibérica, no creo que sea un objetivo para nadie eficiente.



*Ás doce horas e doce minutos entra no Salón de Sesións a señora Martínez Acón.*

*A verdade é que algúns deberían pensar que están a facer para que A Coruña non vexa desaparecer o seu tecido industrial e empresarial. Esquecerse dos traballadores nestes momentos postCOVID parece ser que é parte do ADN socialista, non se se porque están metidos en liortas internas ou porque simplemente los traballadores de Alu Ibérica, de Gamesa, de Alcoa, de As Pontes, de Meirama, de Emce, de Navantia, non lles importan. Cada decisión do Goberno Socialista do estado supón perdas de miles de empregos na nosa comunidade e 6.000 nestas empresas.*

*Señor Jorquera, díxollo recentemente o presidente Feijóo no Parlamento ao seu líder Ana Pontón: os responsables da situación industrial de Galicia, que afecta a 16.000 empregos, son o PSOE e o BNG por esta orde. As decisións que poñen en risco 16.000 postos de traballo son decisións do Goberno central, só hai un problema e é que o BNG goberna co partido do Goberno central. Non se pode sorber e soprar. Ou defendan a industria de Galicia ou gobernen co PSOE, pero decídanse. Miren, é moi fácil aprobar mocións (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención) incluso prometer elaborar cartas, pero vemos que non é tan fácil para o Goberno do Estado pensar como evitar que isto siga ocorrendo e para o Goberno municipal pensar cal é a cidade que queremos ter.*

*Por todo iso e porque estamos a favor dun traballo en condicións laborais xustas, apoiaremos a moción.*

*A las doce horas y doce minutos entra en el Salón de Sesiones la señora Martínez Acón.*

La verdad es que algunos deberían pensar qué están haciendo para que A Coruña no vea desaparecer su tejido industrial y empresarial. Olvidarse de los trabajadores en estos momentos postCOVID parece ser que es parte del ADN socialista, no sé si porque están metidos en rencillas internas o porque simplemente los trabajadores de Alu Ibérica, de Gamesa, de Alcoa, de As Pontes, de Meirama, de Emce, de Navantia, no les importan. Cada decisión del Gobierno Socialista del estado supone pérdidas de miles de empleos en nuestra comunidad de pérdidas y 6.000 en estas empresas.

Señor Jorquera, se lo dijo recientemente el presidente Feijóo en el Parlamento a su líder Ana Pontón: los responsables de la situación industrial de Galicia, que afecta a 16.000 empleos, son el PSOE y el BNG por este orden. Las decisiones que ponen en riesgo 16.000 puestos de trabajo son decisiones del Gobierno central, solo hay un problema y es que el BNG gobierna con el partido del Gobierno central. No se puede sorber y soplar. O defiendan la industria de Galicia o gobiernen con el PSOE, pero decídanse. Miren, es muy fácil aprobar mociones (*se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención*) incluso prometer elaborar cartas, pero vemos que no es tan fácil para el Gobierno del Estado pensar cómo evitar que esto siga ocurriendo y para el Gobierno municipal pensar cuál es la ciudad que queremos tener.

Por todo ello y porque estamos a favor de un trabajo en condiciones laborales justas, apoyaremos la moción.



Moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Peñalosa.

Señor Celemín.

### **Señor Celemín Santos**

*Moitas grazas, señora alcaldesa. Bos días a todas e a todos.*

*Señora Peñalosa, é vostede igual que Robin Hood. Ponse... Robin Hood, Robin Hood, aquel que disparaba flechas a todo o mundo, eh?, entón ponse vostede a criticar a todo o que ten diante sen vostede facer un pequeno exame de conciencia. Mire vostede, as competencias en emprego e en industria tenas a Xunta de Galicia e todas e todos os problemas que non resolve a Xunta vostedes trasládanllo ó Estado, ós partidos políticos, á alcaldesa desta cidade, incluso algún día o farán e dirallo ós cidadáns tamén teñen a culpa. Pois non, non é así.*

*Mire, Extel que foi constituída en 1991, formou parte do Grupo Adeco ata maio de 2020 que foi adquirida polo Grupo Abai. Ten como obxecto social, como vostede sabe, a prestación de servizos de xestión externalizada de Contact Center, atención telefónica, cualificación de bases de datos, campañas de telemarketing, concertación de visitas comerciais, etc., etc. Extel configura os servizos gran público de Telefónica de modo paralelo á organización territorial do Grupo Telefónica en España. O seu matriz, Abai Grupo, Abai Group perdón, resultou tamén adxudicataria do primeiro contrato licitado pola Xunta de Galicia, a xestión dun sistema estable de rastrexo de casos e contactos positivos polo COVID-19. O contrato licitado*

Muchas gracias.

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Peñalosa.*

*Señor Celemín.*

### **Señor Celemín Santos**

Muchas gracias, señora alcaldesa. Buenos días a todas y a todos.

Señora Peñalosa, es usted igual que Robin Hood. Se pone... Robin Hood, Robin Hood, aquel que disparaba flechas a todo el mundo, ¿eh?, entonces se pone usted a criticar a todo lo que tiene delante sin usted hacer un pequeño examen de conciencia. Mire usted, las competencias en empleo y en industria las tiene la Xunta de Galicia y todas y todos los problemas que no resuelve la Xunta ustedes se lo trasladan al Estado, a los partidos políticos, a la alcaldesa de esta ciudad, incluso algún día lo harán y se lo dirá a los ciudadanos también tienen la culpa. Pues no, no es así.

Mire, Extel que fue constituida en 1991, ha formado parte del Grupo Adeco hasta mayo de 2020 que fue adquirida por el Grupo Abai. Tiene como objeto social, como usted sabe, la prestación de servicios de gestión externalizada de Contact Center, atención telefónica, cualificación de bases de datos, campañas de telemarketing, concertación de visitas comerciales, etc., etc. Extel configura los servicios gran público de Telefónica de modo paralelo a la organización territorial del Grupo Telefónica en España. Su matriz, Abai Grupo, Abai Group perdón, resultó también adjudicataria del primer contrato licitado por la Xunta de Galicia, la gestión de un sistema estable de rastreo de casos y contactos positivos por el COVID-19. El contrato licitado por el



*polo Servizo Galego de Saúde, SERGAS, establece un custo total estimado polo servizo de 13,8 millóns de euros anuais. Abai Group opera neste servizo a través da súa empresa subsidiaria Extel. Ou sexa que a ver que é o que contrata e a quen contrata a Xunta de Galicia.*

*A empresa sufriu ao longo destes anos importantes recortes no seu persoal, ata que pouco máis de 600 traballadores e traballadoras actuais na súa sede da Coruña que día a día sofren o endurecemento das súas condicións laborais, recortes nos seus dereitos e aumentos dos obxectivos. Por iso sumámonos á moción do BNG e instamos á Xunta de Galicia, como contratante da empresa Abai Group, a expresar a súa solidariedade cos traballadores de Extel Coruña ante as deplorables condicións laborais en que se atopan, tendo en conta de que están a realizar un servizo público e apoiamos todas as súas demandas.*

*Nada máis. Moitas grazas.*

### **Presidencia**

*Moitas grazas, señor Celemín.*

*Entendo señor Jorquera que aceptou as emendas presentadas, que a Marea retira a súa por ser similar á do Partido Popular, polo tanto haberá unha única votación que será a favor da moción. Ou en contra, vamos.*

### **Votación da primeira moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**

*Seguidamente, pola Presidencia sométese a votación a primeira moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, transaccionada cos grupos municipais do*

*Servicio Galego de Saúde, SERGAS, establece un coste total estimado por el servizo de 13,8 millóns de euros anuais. Abai Group opera en este servizo a través de su empresa subsidiaria Extel. O sea que a ver qué es lo que contrata y a quién contrata la Xunta de Galicia.*

*La empresa ha sufrido a lo largo de estos años importantes recortes en su plantilla, hasta que poco más de 600 trabajadores y trabajadoras actuales en su sede de A Coruña que día a día sufren el endurecimiento de sus condiciones laborales, recortes en sus derechos y aumentos de los objetivos. Por ello nos sumamos a la moción del BNG e instamos a la Xunta de Galicia, como contratante de la empresa Abai Group, a expresar su solidaridad con los trabajadores de Extel Coruña ante las deplorables condiciones laborales en que se encuentran, habida cuenta de que están realizando un servicio público y apoyamos todas sus demandas.*

*Nada más. Muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Celemín.*

*Entiendo señor Jorquera que aceptó las enmiendas presentadas, que la Marea retira la suya por ser similar a la del Partido Popular, por lo tanto habrá una única votación que será a favor de la moción. O en contra, vamos.*

### **Votación de la primera moción del Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego**

*Seguidamente, por la Presidencia se somete a votación la primera moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego, transaccionada con los grupos*





Partido Socialista e Partido Popular, e coa concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, sobre as demandas do cadro de persoal da empresa de telemarketing Extel Contact Center, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

### **Presidencia**

Moitas grazas a todos, queda aprobada por unanimidade.

**154. Moción presentada polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego transaccionada cos grupos municipais do Partido Socialista e do Partido Popular, e coa concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, sobre as demandas do cadro de persoal da empresa de telemarketing Estel Contact Center**

### **Acordo**

1. Facer público o apoio e solidariedade do Concello da Coruña cos/as traballadores/as de Extel Contact Center SAJ, así como o rexeitamento da

*municipales del Partido Socialista y Partido Popular, y con la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, sobre las demandas del cuadro de personal de la empresa de telemarketing Extel Contact Center, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

### **Presidencia**

*Muchas gracias a todos, queda aprobada por unanimidad.*

**154. Moción presentada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego transaccionada con los grupos municipales del Partido Socialista e del Partido Popular, y con la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo, sobre las demandas de la plantilla de la empresa de telemarketing Extel Contact Center**

### **Acuerdo**

*1. Hacer público el apoyo y solidaridad del Ayuntamiento de A Coruña con los/las trabajadores/las de Extel Contact Center SAJ, así como el rechazo de la actitud que*



actitude que esta empresa está a ter no sentido anteriormente exposto.

2. Apoiar as mobilizacións que se podan convocar en defensa dos dereitos dos traballadores/as de Extel Contact Center SAU.

3. Demandar unha mesa de mediación xunto aos axentes sociais para defender unhas condicións de traballo dignas para os/as traballadores/as da citada empresa e instar a unha maior celeridade nas negociacións do convenio estatal das empresas do sector, cuxa paralización está perxudicando ao persoal traballador, tendo ademais en conta que o servizo do teléfono municipal de atención á cidadanía está xestionado por unha empresa do sector.

4. Esixir á empresa a eliminación das prácticas habituais consistentes en sancións e presións.

5. Instar a empresa a adoptar outra metodoloxía de traballo que non poña en risco a situación psicosocial das traballadoras e traballadores.

6. Instar a empresa a respectar o cumprimento dos acordos co Comité de Empresa e co Comité de Seguridade e Saúde, así como os dereitos adquiridos polo cadro de persoal.

7. Instar a Telefónica a garantir unhas condicións de traballo dignas para todas as traballadoras e traballadores das súas empresas auxiliares, e nomeadamente en Extel Contact Center SAU.

8. Esixir que a Telefónica e a Abai Group un compromiso de mantemento de emprego e de incremento da contratación no centro de Extel na Coruña.

*esta empresa está tendo en el sentido anteriormente expuesto.*

*2. Apoyar las movilizaciones que se puedan convocar en defensa de los derechos de los trabajadores/as de Extel Contact Center SAU.*

*3. Demandar una mesa de mediación junto a los agentes sociales para defender unas condiciones de trabajo dignas para los/as trabajadores/as de la citada empresa e instar a una mayor celeridad en las negociaciones del convenio estatal de las empresas del sector, cuya paralización está perjudicando al personal trabajador, teniendo además en cuenta que el servicio del teléfono municipal de atención a la ciudadanía está gestionado por una empresa del sector.*

*4. Exigir a la empresa a eliminación de las prácticas habituales consistentes en sanciones y presiones.*

*5. Instar a la empresa a adoptar otra metodología de trabajo que no ponga en riesgo la situación psicosocial de las trabajadoras y trabajadores.*

*6. Instar a la empresa a respetar el cumplimiento de los acuerdos con el Comité de Empresa y con el Comité de Seguridad y Salud, así como los derechos adquiridos por la plantilla.*

*7. Instar a Telefónica a garantizar unas condiciones de trabajo dignas para todas las trabajadoras y trabajadores de sus empresas auxiliares, y concretamente en Extel Contact Center SAU.*

*8. Exigir ora a Telefónica ora a Abai Group un compromiso de mantenimiento de empleo y de incremento de la contratación en el centro de Extel en A Coruña.*



9. Exixir a todas as administracións competentes na materia que se poñan todos os medios e mecanismos para garantir os dereitos dos/as traballadores/as desta empresa.

9. Bis. Exixir, así mesmo, a Xunta de Galiza, que poña todos os medios e mecanismos para garantir os dereitos dos/as traballadores/as desta empresa.

10. Manter unha reunión no Concello entre o comité de empresa e a Corporación municipal para coñecer de primeira man a situación da empresa e darlle publicidade as súas reclamacións.

#### **Presidencia**

Sendo as doce e vinte, se lles parece facemos agora a pausa para ventilar e tamén para acompañar ós traballadores de Alcoa. Retomamos ás doce e corenta e cinco minutos.

Moitas grazas.

**Ás doce horas e dezanove minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás doce horas e cincuenta e oito minutos cos mesmos asistentes relacionados ut supra, a excepción dos señores Díaz Villoslada e Lema Suárez, que non se atopan no Salón de Sesións.**

#### **Presidencia**

Bo día, retomamos a sesión do Pleno coa segunda das mocións do Bloque Nacionalista Galego sobre vivenda. Aquí consta unha emenda de substitución do Grupo municipal da Marea Atlántica.

Ten a palabra a señora Veira.

*9. Exigir a todas las administraciones competentes en la materia que se pongan todos los medios y mecanismos para garantizar los derechos de los/as trabajadores/as de esta empresa.*

*9. Bis. Exigir, asimismo, a la Xunta de Galicia, que ponga todos los medios y mecanismos para garantizar los derechos de los/las trabajadores/las de esta empresa.*

*10. Mantener una reunión en el Ayuntamiento entre el comité de empresa y la Corporación municipal para conocer de primera mano la situación de la empresa y darle publicidad sus reclamaciones.*

#### **Presidencia**

*Siendo las doce y veinte, si les parece hacemos ahora la pausa para ventilar y también para acompañar a los trabajadores de Alcoa. Retomamos a las doce y cuarenta y cinco minutos.*

*Muchas gracias.*

***A las doce horas y diecinueve minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se reanuda a las doce horas y cincuenta y ocho minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra, a excepción de los señores Díaz Villoslada y Lema Suárez, que no se encuentran en el Salón de Sesiones.***

#### **Presidencia**

*Buenos días, reanudamos la sesión del Pleno con la segunda de las mociones del Bloque Nacionalista Galego sobre vivienda. Aquí consta una enmienda de sustitución del Grupo municipal de la Marea Atlántica.*

*Tiene la palabra a señora Veira.*



**Segunda. Moción sobre vivenda.**

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución do Grupo Municipal da Marea Atlántica.**

**Señora Veira González**

Si, aínda que é unha emenda de substitución, ten engadidos e ten partes de substitución. Vale, ou sexa, non substitúe á totalidade da parte resolutiva.

Ben, quixera empezar esta intervención miña para darlles un truco, non sei se para rir ou para chorar, escollan vostedes o que queren facer en según que momentos, e é o seguinte truco: intenten procurar en Google “Feijóo culpa a”, e atoparán unhas cantas entradas nos buscadores onde o presidente da Xunta de Galiza culpa a calquera, a calquera, a cidadanía, a Zapatero, a Pedro Sánchez, a Inés Rey, a quen sexa, a quen sexa, antes que responsabilizarse das súas propias competencias.

Agora resulta, señora Peñalosa, que o problema de Alu Ibérica é responsabilidade do BNG porque goberna no Estado co Partido Socialista. Eu recoñezo de verdade que ando algo despistada, que non me entero algunhas veces dalgunhas cousas, pero xuraría que o BNG nin ostenta ningún ministerio nin ten ningunha responsabilidade no Estado mais que representar os intereses das galegas e dos galegos no Congreso dos Deputados co noso único deputado, Néstor Rego. Eu xuraría que ese capítulo de que o BNG goberna no Estado non o perdín.

Pero saben quen si goberna e ten competencias sobre industria, competencias exclusivas recollidas no

**Segunda. Moción sobre vivienda.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución del Grupo Municipal de la Marea Atlántica.***

**Señora Veira González**

*Sí, aunque es una enmienda de sustitución, tiene añadidos y tiene partes de sustitución. Vale, o sea, no sustituye a la totalidad de la parte resolutiva.*

*Bien, quisiera empezar esta intervención mía para darles un truco, no sé se para reír o para llorar, escojan ustedes lo que quieren hacer en según qué momentos, y es el siguiente truco: intenten encontrar en Google “Feijóo culpa a”, y encontrarán unas cuantas entradas nos buscadores donde el presidente de la Xunta de Galicia culpa a cualquiera, a cualquiera, la ciudadanía, a Zapatero, a Pedro Sánchez, a Inés Rey, a quién sea, a quién sea, antes que responsabilizarse de sus propias competencias.*

*Ahora resulta, señora Peñalosa, que el problema de Alu Ibérica es responsabilidad del BNG porque gobierna en el Estado con el Partido Socialista. Yo reconozco de verdad que ando algo despistada, que no me entero algunas veces de algunas cosas, pero juraría que el BNG ni ostenta ningún ministerio ni tiene ninguna responsabilidad en el Estado más que representar los intereses de las gallegas y de los gallegos en el Congreso de los Diputados con nuestro único diputado, Néstor Rego. Yo juraría que ese capítulo de que el BNG gobierna en el Estado no me lo perdí.*

*¿Pero saben quién sí gobierna y tiene competencias sobre industria, competencias exclusivas recogidas en el*

Estatuto de Autonomía sobre industria e sobre vivenda da que falarei agora? Pois mire, ten competencias exclusivas un goberno liderado por un señor que logo de dez anos gobernando nunha campaña electoral, dixo que se el fose presidente e se gañase o Partido Popular as eleccións galegas, en 2019 solucionaríase o problema de Alcoa. Ese señor chámase Alberto Núñez Feijóo.

**Ás doce horas e cincuenta e nove minutos entran no Salón de Sesións os señores Díaz Villoslada e Lema Suárez.**

Eu recoñezolle, señora Peñalosa, que é vostede Feijóo *style* absoluto. É culpa de todo o mundo o que pasa en Galiza menos do Partido Popular e da Xunta de Galiza. Y non estou exculpando por suposto, a responsabilidade que poida ter o Estado neste asunto.

No que ten a ver con esta moción, e non podía resistirme a contestar a intervención anterior, no que ten a ver co tema de vivenda, que tamén me parece suficientemente serio, desde o BNG estamos absolutamente preocupadas porque este 31 de outubro vencen as medidas do chamado escudo social, esas medidas polas cales os desahucios se podían suspender en caso de vulnerabilidade social. E malia as medidas de ese escudo social, na provincia da Coruña, no primeiro trimestre de 2021 chegaron a practicarse 213 desahucios, en 2020: 651 e no 2019: 949. E fala, falamos, de procesos xudiciais, de datos provinciais porque faltan os datos da cidade, e tamén falamos só até o primeiro trimestre deste ano.

E desde o BNG estamos preocupadas porque o problema é que as administracións públicas en todo este

*Estatuto de Autonomía sobre industria y sobre vivienda de la que hablaré ahora? Pues mire, tiene competencias exclusivas un gobierno liderado por un señor que después de diez años gobernando, en una campaña electoral dijo que si él fuera presidente y si ganara el Partido Popular las elecciones gallegas, en 2019 solucionarían el problema de Alcoa. Ese señor se llama Alberto Núñez Feijóo.*

***A las doce horas y cincuenta y nueve minutos entran en el Salón de Sesiones los señores Díaz Villoslada y Lema Suárez.***

*Yo le reconozco, señora Peñalosa, que es usted Feijóo style absoluto. Es culpa de todo el mundo lo que pasa en Galicia menos del Partido Popular y de la Xunta de Galicia. Y no estoy exculpando por supuesto, la responsabilidad que pueda tener el Estado en este asunto.*

*En lo que tiene que ver con esta moción, y no podía resistirme a contestar la intervención anterior, en lo que tiene que ver con el tema de vivienda, que también me parece suficientemente serio, desde el BNG estamos absolutamente preocupadas porque este 31 de octubre vencen las medidas del llamado escudo social, esas medidas por las cuales los desahucios se podían suspender en caso de vulnerabilidad social. Y a pesar de las medidas de ese escudo social, en la provincia de A Coruña, en el primer trimestre de 2021 llegaron a practicarse 213 desahucios, en 2020: 651 y en el 2019: 949. Y habla, hablamos, de procesos judiciales, de datos provinciales porque faltan los datos de la ciudad, y también hablamos solo hasta el primer trimestre de este año.*

*Y desde el BNG estamos preocupadas porque el problema es que las administraciones públicas en todo este*



tempo non fixeron os deberes que deberían de ter feito. Non están preparadas as administracións públicas para solucionar o problema de vivenda, porque hai moitas persoas que van quedar na rúa, que non teñen unha alternativa habitacional. E por que non existen esas alternativas de vivenda? Por que as administracións públicas non teñen alternativas de vivenda? Pois porque, entre outras cousas, no Estado español nunca houbo unha política de vivenda que reforzase, por exemplo, o parque público de vivenda nun contexto ademais no que a vivenda é un problema social de primeira orde.

Pero é que tampouco a Xunta de Galiza está exercendo os seus deberes en materia de vivenda, do que ten ademais competencia exclusiva. Na Xunta de Galiza (**óese un sinal acústico indicativo do finalización do tempo de intervención**), si, a Xunta de Galiza leva anos e anos e anos con 15.000 unidades de convivencia no Rexistro de Demandantes de Vivenda Pública, un rexistro que está absolutamente saturado, do que se negan a facer unha diagnose, unha radiografía. Recortou dous tercios do orzamento dos programas de acceso á vivenda e en 2019, fronte ós 949 desafiuzamentos que houbo só na Provincia da Coruña, so se incorporaron como vivendas de protección oficial no ano 2019 catro vivendas. 949 desafiuzamentos na Provincia e so catro vivendas de protección oficial en todo o país.

O novo Plan de Vivenda da Xunta de Galiza non recolle en canto se ten pensado o Goberno galego aumentar o parque público de vivenda protexida e as únicas iniciativas que impulsa o Goberno galego están pensadas en subvencionar a adquisición de vivendas, en ningún caso de impulsar un parque

*tiempo no hicieron los deberes que deberían de haber hecho. No están preparadas las administraciones públicas para solucionar el problema de vivienda, porque hay muchas personas que van a quedarse en la calle, que no tienen una alternativa habitacional. ¿Y por qué no existen esas alternativas de vivienda? ¿Por qué las administraciones públicas no tienen alternativas de vivienda? Pues porque, entre otras cosas, en el Estado español nunca hubo una política de vivienda que reforzara, por ejemplo, el parque público de vivienda en un contexto además en el que la vivienda es un problema social de primer orden.*

*Pero es que tampoco la Xunta de Galicia está ejerciendo sus deberes en materia de vivienda, del que tiene además competencia exclusiva. En la Xunta de Galicia (se oye una señal acústica indicativa del finalización del tiempo de intervención), sí, la Xunta de Galicia lleva años y años y años con 15.000 unidades de convivencia en el Registro de Demandantes de Vivienda Pública, un registro que está absolutamente saturado, del que se niegan a hacer una diagnosis, una radiografía. Recortó dos tercios del presupuesto de los programas de acceso a la vivienda y en 2019, frente a los 949 desahucios que hubo solo en la Provincia de A Coruña, solo se incorporaron como viviendas de protección oficial en el año 2019 cuatro viviendas. 949 desahucios en la Provincia y solo cuatro viviendas de protección oficial en todo el país.*

*El nuevo Plan de Vivienda de la Xunta de Galicia no recoge en cuánto ha pensado el Gobierno gallego aumentar el parque público de vivienda protegida y las únicas iniciativas que impulsa el Gobierno gallego están pensadas en subvencionar la adquisición de viviendas, en ningún caso de impulsar un parque público de*



público de vivenda en aluguer. Non está tomando, como digo, o Goberno galego, a iniciativa, pero tamén no ámbito local estamos preocupadas por (**óense dúas sinais acústicas indicativas do finalización do tempo de intervención**) —e remato xa— porque entendemos que os servizos sociais, que EMVSA, debe adiantarse ás situacións que se van dar a partir do 31 de outubro cando remate este escudo social. Traballando coas familias cuxos despoños foron paralizados, pero tamén aumentando o parque público de vivenda.

Reiteramos a cuestión da SAREB, reiteramos esa petición de que sexan transferidos eses bens que foron rescatados con cartos públicos, a ampliación do parque público de vivendas en réxime de aluguer.

### **Presidencia**

Ten que rematar señora Veira.

### **Señora Veira González**

E remato, a regulación dos prezos do mercado de aluguer tamén hai que intervir e tamén as condicións abusivas en que moitas veces se ofrecen os alugueres.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Faraldo o seu turno.

### **Señora Faraldo Calvo**

O noso partido coñece ben o contido da proposición de lei de garantía do dereito a vivenda digna e adecuada á que se fai referencia nesta moción e que ven a rexistrar hai apenas unha semana no Congreso dos deputados por parte das

*vivienda en alquiler. No está tomando, como digo, el Gobierno gallego, la iniciativa, pero también en el ámbito local estamos preocupadas (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención), —y finalizo ya— porque entendemos que los servicios sociales, que EMVSA, debe adelantarse a las situaciones que se van a dar a partir de 31 de octubre cuando finalice este escudo social. Trabajando con las familias cuyos desalojos fueron paralizados, pero también aumentando el parque público de vivienda.*

*Reiteramos la cuestión de la SAREB, reiteramos esa petición de que sean transferidos esos bienes que fueron rescatados con dinero público, la ampliación del parque público de viviendas en régimen de alquiler.*

### **Presidencia**

*Tiene que finalizar señora Veira.*

### **Señora Veira González**

*Y finalizo, la regulación de los precios del mercado de alquiler también hay que intervenirla y también las condiciones abusivas en que muchas veces se ofrecen los alquileres.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Señora Faraldo su turno.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Nuestro partido conoce bien el contenido de la proposición de ley de garantía del derecho a vivienda digna y adecuada a la que se hace referencia en esta moción y que ven a registrar hace apenas una semana en el Congreso de los diputados*



### **Señor Jorquera Caselas**

Grazas, señora alcaldesa.

Empezo por dicir que coincidimos co que plantea a Marea nesta declaración de intencións. E por que digo isto? Bueno, digo isto en relación a algúns comentarios que se fixeron no debate da primeira moción que debatemos hoxe, a moción dos Mallos, onde, aínda que todos os grupos votaron a favor, parece que houbo intervencións nas que pretendían restarlle valor. E efectivamente, toda moción é unha declaración de intencións, é unha declaración de vontade política, non ten forza executiva –iso pasa cando a promove o BNG, cando a promove o PP, cando a promove a Marea–. Pero se non concibimos a política como un xogo de aparencias, se se aproba unha moción será porque hai vontade política de levala a cabo e cumprila. E é certo que as mocións non teñen consignación orzamentaria. Pero iso tamén ten fácil corrección. A moción dos Mallos non ten corrección orzamentaria, pero o BNG se compromete a condicionar calquera acordo orzamentario a que todos eses programas e liñas teñan plasmación orzamentaria. Se todos os grupos fixeran o propio, estaría asegurado que haxa votación nos orzamentos do ano 2022.

Dito iso, estamos de acordo co que plantea a Marea. De feito, no que

*oligopolio bancario. En todo caso, en este intento de salvar algún mueble, vaya por delante nuestro voto a favor.*

### **Presidencia**

*Gracias, señora Faraldo.*

*Señor Jorquera, por el BNG.*

### **Señor Jorquera Caselas**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Empiezo por decir que coincidimos con lo que plantea la Marea en esta declaración de intenciones. ¿Y por qué digo esto? Bueno, digo esto en relación a algunos comentarios que se hicieron en el debate de la primera moción que debatimos hoy, la moción de Os Mallos, donde, aunque todos los grupos votaron a favor, parece que hubo intervenciones en las que pretendían restarle valor. Y efectivamente, toda moción es una declaración de intenciones, es una declaración de voluntad política, no tiene fuerza ejecutiva –eso pasa cuando la promueve el BNG, cuando la promueve el PP, cuando la promueve la Marea–. Pero si no concebimos la política como un juego de apariencias, si se aprueba una moción será porque hay voluntad política de llevarla a cabo y cumplirla. Y es cierto que las mociones no tienen consignación presupuestaria. Pero eso también tiene fácil corrección. La moción de Os Mallos no tiene corrección presupuestaria, pero el BNG se compromete a condicionar cualquier acuerdo presupuestario a que todos esos programas y líneas tengan plasmación presupuestaria. Si todos los grupos hiciesen lo propio, estaría asegurado que haya votación en los presupuestos del año 2022.*

*Dicho eso, estamos de acuerdo con lo que plantea la Marea. De hecho, en lo que*



levamos de mandato, suscitamos en Pleno o peche da sucursal de Abanca na avenida da Concordia, o peche da sucursal de Abanca na rúa Orillamar, do caixeiro situado no mercado de Durmideiras. O peche de sucursais bancarias ten consecuencias moi graves en termos de destrución de emprego. En moitas vilas do interior é un paso máis no proceso de desmantelamento de servizos e de esmorecemento que vive a Galiza interior. Pero, ademais, o peche de oficinas empeora a calidade do servizo, dificulta o acceso dos cidadáns a servizos financeiros básicos e moitas veces provoca auténticas situacións de exclusión. Pensemos en persoas maiores que dificilmente poden resolver as operacións por internet ou incluso usando un caixeiro. E tanto Mesoiro Vello como Feáns son núcleos cunha alta porcentaxe de xente maior. E, neste caso concreto, estamos ademais a falar de barrios afastados da cidade, ós que se lle deixa como única opción viaxar 4 quilómetros ou ter que desprazarse ó polígono de Pocomaco.

Hai quen pode dicir que é unha decisión dunha entidade privada e dende as institucións públicas pouco se pode facer. Pero hai que lembrar que Abanca foi saneada con fondos públicos. O propio Banco de España da por perdidos máis de 42.000 millóns de euros do rescate. A propia débeda pública sufriu un significativo incremento ó obrigar Eurostat a computar como débeda pública 35.000 millóns de pasivos da Sareb.

Por non falar en Galiza do caso concreto de Abanca, entidade resultante da privatización de Novagalicia Banco –as antigas caixas–, que foi saneada coa inxección de 9.052 millóns de euros de recursos públicos, para logo ser vendida

*llevamos de mandato, suscitamos en Pleno el cierre de la sucursal de Abanca en la avenida de la Concordia, el cierre de la sucursal de Abanca en la calle Orillamar, del cajero situado en el mercado de Durmideiras. El cierre de sucursales bancarias tiene consecuencias muy graves en términos de destrucción de empleo. En muchas villas del interior es un paso más en el proceso de desmantelamiento de servicios y de decaimiento que vive la Galicia interior. Pero, además, el cierre de oficinas empeora la calidad del servicio, dificulta el acceso de los ciudadanos a servicios financieros básicos y muchas veces provoca auténticas situaciones de exclusión. Pensemos en personas mayores que difícilmente pueden resolver las operaciones por internet o incluso usando un cajero. Y tanto Mesoiro Vello como Feáns son núcleos con un alto porcentaje de gente mayor. Y, en este caso concreto, estamos además a hablar de barrios alejados de la ciudad, a los que se le deja como única opción viajar 4 kilómetros o tener que desplazarse al polígono de Pocomaco.*

*Hay quien puede decir que es una decisión de una entidad privada y desde las instituciones públicas poco se puede hacer. Pero hay que recordar que Abanca fue saneada con fondos públicos. El propio Banco de España da por perdidos más de 42.000 millones de euros del rescate. La propia deuda pública sufrió un significativo incremento al obligar Eurostat a computar como deuda pública 35.000 millones de pasivos de la Sareb.*

*Por no hablar en Galicia del caso concreto de Abanca, entidad resultante de la privatización de NovaGalicia Banco –las antiguas cajas–, que fue saneada con la inyección de 9.052 millones de euros de recursos públicos, para luego ser vendida*

por 1.003 millóns. Venda acompañada, ademais, dunha serie de garantías e avantaxes fiscais que, de materializarse na súa totalidade, practicamente equivalen ó prezo de venda. En definitiva, despois de inxectar máis de 9.000 millóns, foi regalada. E ante esta situación que fai a Xunta de Galiza? Porque lles lembro, señores do Grupo Popular, que a Xunta de Galicia ten competencias. Pois non fai outra cousa que subvencionar o peche de oficinas. Porque é subvencionar o peche de oficinas subvencionar a instalación de caixeiros. Subvencionar a instalación de caixeiros é o mesmo que incentivar ós bancos a que pechen sucursais prescindindo da atención presencial. Subvencionar a instalación de caixeiros é usar recursos públicos para pagarlle ás entidades a infraestrutura que necesitan para que sigan facendo negocio.

E por se isto fose pouco, na emenda que presentan, propoñen ademais que o Concello poña a disposición das entidades financeiras espazos municipais.

En definitiva, seica unha banca pública é pecado, parece ser que iso é pecado mortal, inda que exista en moitísimos países, en cambio non é pecado enterrar miles de millóns de euros de todas e todos en sanear entidades (***óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención***) e subvencionar con cartos de todos os custos da infraestrutura destas entidades financeiras. Curioso liberalismo o que vostedes defenden e practican.

Pero en calquera caso, como dixemos ó principio, coincidimos co que plantea a Marea nesta moción e por iso imos votar a favor.

*por 1.003 millones. Venta acompañada, además, de una serie de garantías y ventajas fiscales que, de materializarse en su totalidad, prácticamente equivalen al precio de venta. En definitiva, después de inyectar más de 9.000 millones, fue regalada. Y ante esta situación ¿qué hace la Xunta de Galicia? Porque les recuerdo, señores del Grupo Popular, que la Xunta de Galicia tiene competencias. Pues no hace otra cosa que subvencionar el cierre de oficinas. Porque es subvencionar el cierre de oficinas subvencionar la instalación de cajeros. Subvencionar la instalación de cajeros es lo mismo que incentivar a los bancos a que cierren sucursales prescindiendo de la atención presencial. Subvencionar la instalación de cajeros es usar recursos públicos para pagarle a las entidades la infraestructura que necesitan para que sigan haciendo negocio.*

*Y por si esto fuera poco, en la enmienda que presentan, proponen además que el Ayuntamiento ponga a disposición de las entidades financieras espacios municipales.*

*En definitiva, parece ser que una banca pública es pecado, parece ser que eso es pecado mortal, aunque exista en muchísimos países, en cambio no es pecado enterrar miles de millones de euros de todas y todos en sanear entidades (***se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención***) y subvencionar con dinero de todos los costes de la infraestructura de estas entidades financieras. Curioso liberalismo el que ustedes defienden y practican.*

*Pero en cualquier caso, como dijimos al principio, coincidimos con lo que plantea la Marea en esta moción y por eso vamos a votar a favor.*





Moitas grazas.

**Presidencia**

Moitas grazas, señor Jorquera.

Polo Grupo Popular, señor Rodríguez.

**Señor Rodríguez Martínez**

Grazas, señora alcaldesa.

Bo día a todos.

A ver, o primeiro, quero comezar por agradecerlle á señora Veira que me rescatara do... bueno, voullo confesar, non tiña regresado de todo do receso e bueno, pois a mención que fixo a esa busca en Google de Feijóo culpa, a verdade é que chamou a miña atención – porque debo de conservar algo dese neno curioso que fun–, pois se me deu por facer unha cousa que non ten ningún sentido, que foi tamén *buscar en Google Ana Pontón culpa*. Abraiante. Iso si, o que non van atopar é esa diferenza que vostede dicía de que Feijóo a veces culpa a algún, a veces culpa a outro, non, Ana Pontón culpa sempre a Feijóo, é monoculpa. Entón, eu agradézollo, por se llo queren trasladar mentres está nesa reflexión. Falaba antes o señor Martínez do gran Nanni Moretti. Como non admiralo despois dese, desa conmovedora radiografía da dor que foi “A habitación do fillo”, pero tiña outra película que era “Habemus papam”, en que ese Papa *acabado de ser* elixido, verdade?, ten aí un ataque de pánico antes de saír ao balcón e resulta que se vai de reflexión, non? –como a señora Pontón–, está dous días por Roma e bueno, logo volve, sae ó balcón e, ollo, que o que di é que o sente moito pero que non é o elixido. Non penso que vaian por aí os tiros da señora Pontón, pero aí o deixo, en fin.

*Muchas gracias.*

**Presidencia**

*Muchas gracias, señor Jorquera.*

*Por el Grupo Popular, señor Rodríguez.*

**Señor Rodríguez Martínez**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Buenos días a todos.*

*A ver, lo primero, quiero comenzar por agradecerle a la señora Veira que me haya rescatado del... bueno, se lo voy a confesar, no había regresado de todo del receso y bueno, pues la mención que hizo a esa búsqueda en Google de Feijóo culpa la verdad es que llamó mi atención – porque debo de conservar algo de ese niño curioso que fui–, pues se me dio por hacer una cosa que no tiene ningún sentido, que fue también buscar en Google Ana Pontón culpa. Asombroso. Eso sí, lo que no van a encontrar es esa diferencia que usted decía de que Feijóo a veces culpa a alguno, a veces culpa a otro, no, Ana Pontón culpa siempre a Feijóo, es monoculpa. Entonces, yo se lo agradezco, por si se lo quieren trasladar mientras está en esa reflexión. Hablaba antes el señor Martínez del gran Nanni Moretti. Cómo no admirarlo después de ese, de esa conmovedora radiografía del dolor que fue “La habitación del hijo”, pero tenía otra película que era “Habemus papam”, en que ese Papa recién elegido, ¿verdad?, tiene ahí un ataque de pánico antes de salir al balcón y resulta que se va de reflexión, ¿no? –como la señora Pontón–, está dos días por Roma y bueno, luego vuelve, sale al balcón y, ojo, que lo que dice es que lo siente mucho pero que no es el elegido. No pienso que vayan por ahí los tiros de la señora Pontón, pero ahí lo dejo, en fin.*



Imos falar da moción. Evidentemente, todos sabemos –porque a toro pasado todos somos Manolete–, entón, 10 anos despois, todos sabemos o que derivou dese proceso de concentración bancaria. Pero si que tamén é certo e aquí parece que a única causa que orixina a situación na que hoxe estamos a debater, e que por unha vez ademais temos que darlle as gracias ó Grupo de Marea, por unha vez estamos a falar dun problema que seguramente se vai producir pero aínda non se produciu, ollo, isto é unha cousa que hai que ter en conta, non chegamos tarde como habitualmente. Pero bueno, aquí hai unha serie de cuestións que teñen influencia en isto. Previamente a esa reordenación bancaria houbo unha crise financeira da que aquí parece que ninguén se acorda. Parece que é a reordenación bancaria un día se levantou un goberno do Estado e dixo imos facer isto porque, pois porque si. Non home, non. Houbo unha crise previa da que ninguén parece acordarse. Unha crise previa na que ademais ese rescate, non sendo a opción obviamente idónea, o que fixo foi salvagardar o estado do benestar. Porque hai que recordarlle, señora Faraldo, que o seu amado líder, o señor Pablo Iglesias, ía a levantar a man aos mitins de peche de campaña de Syriza e a dicir *jroña que jroña* –ou como queira que se diga “Si se pode” en grego– mentres os xubilados dese país non só non tiñan caixeiros ós que acudir, é que non podían nin retirar 50 euros en metálico, nin os portugueses. Iso foi o que se intentou facer, evidentemente, co rescate que non, evidentemente, non foi unha decisión fácil ni voluntaria. Se a iso lle sumamos o proceso de dixitalización, lle sumamos a crise demográfica, lle sumamos a pandemia, bueno, pois evidentemente se están a xerar problemas e especialmente no entorno rural, pero que tamén pode chegar, como

*Vamos a hablar de la moción. Evidentemente, todos sabemos –porque a toro pasado todos somos Manolete–, entonces, 10 años después, todos sabemos lo que derivó de ese proceso de concentración bancaria. Pero sí que también es cierto y aquí parece que la única causa que origina la situación en la que hoy estamos debatiendo, y que por una vez además tenemos que darle las gracias al Grupo de Marea, por una vez estamos hablando de un problema que seguramente se va a producir pero aun no se produjo, ojo, esto es una cosa que hay que tener en cuenta, no llegamos tarde como habitualmente. Pero bueno, aquí hay una serie de cuestiones que tienen influencia en esto. Previamente a esa reordenación bancaria hubo una crisis financiera de la que aquí parece que nadie se acuerda. Parece que es la reordenación bancaria un día se levantó un gobierno del Estado y dijo vamos a hacer esto porque, pues porque sí. No hombre, no. Hubo una crisis previa de la que nadie parece acordarse. Una crisis previa en la que además ese rescate, no siendo la opción obviamente idónea, lo que hizo fue salvaguardar el estado del bienestar. Porque hay que recordarle, señora Faraldo, que su amado líder, el señor Pablo Iglesias, iba a levantar la mano a los mítines de cierre de campaña de Syriza y a decir “jroña que jroña” –o comoquiera que se diga “Sí se puede” en griego– mientras los jubilados de ese país no solo no tenían cajeros a los que acudir, es que no podían ni retirar 50 euros en metálico, ni los portugueses. Eso fue lo que se intentó hacer, evidentemente, con el rescate que no, evidentemente, no fue una decisión fácil ni voluntaria. Si a eso le sumamos el proceso de digitalización, le sumamos la crisis demográfica, le sumamos la pandemia, bueno, pues evidentemente se están generando problemas y especialmente en el entorno*

ben apuntaba a señora Delso, ó entorno urbano. E ante isto, que facemos? Que facemos? Porque o que vostede propón e o que tamén apunta o señor Jorquera é: pero como non imos dar batalla? Imos tombar ao oligopolio bancario. Como? Igual que tombaron o oligopolio das eléctricas? Esa é a solución que vostedes nos van dar? Non, mentres haberá que facer algo. Evidentemente, a situación actual non é a idónea, pero haberá que ir a rescatar a eses usuarios que están en risco de exclusión financeira. Bueno, pois iso é o que se fai a través dunha liña de axudas na que non se paga, señor Jorquera, por instalar caixeiros, se paga porque esas persoas, mentres non se adopta un marco xeral que é competencia estatal. Porque este non é un problema exclusivo de Galicia, nin por certo afecta a un 30 % dos galegos, afecta a un 2 %, a unhas 50 e pico mil persoas, non a esas 300.000 que vostedes din na súa moción, menos que no resto de España, pero é igual, nos importa os que o padecen aquí. Entón, que hai que facer? Pois haberá que dar unha solución transitoria. É a idónea? Non. Por que se fala na nosa emenda de ceder espazos municipais? Home, pois digo eu que se temos un centro cívico en Novo Mesoiro, home ó mellor antes de que esas persoas queden á espera de que se resolva un marco normativo estatal no que se poida falar duns servizos básicos financeiros, no que se poida falar de un plan de despregue de redes multicaixeiros, no que se poida falar (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**), no que se poida falar de programas de formación, pois haberá que darlles unha solución transitoria. A idónea? Por suposto que non, pero algo haberá que facer.

*rural, pero que también puede llegar, como bien apuntaba la señora Delso, al entorno urbano. Y ante esto, ¿qué hacemos? ¿Qué hacemos? Porque lo que usted propone y lo que también apunta el señor Jorquera es: ¿pero cómo no vamos a dar batalla? Vamos a tumbar al oligopolio bancario. ¿Cómo? ¿Igual que tumbaron el oligopolio de las eléctricas? ¿Esa es la solución que ustedes nos van a dar? No, mientras habrá que hacer algo. Evidentemente, la situación actual no es la idónea, pero habrá que ir a rescatar a esos usuarios que están en riesgo de exclusión financiera. Bueno, pues eso es lo que se hace a través de una línea de ayudas en la que no se paga, señor Jorquera, por instalar cajeros, se paga porque esas personas, mientras no se adopta un marco general que es competencia estatal. Porque este no es un problema exclusivo de Galicia, ni por cierto afecta a un 30 % de los gallegos, afecta a un 2 %, a unas 50 y pico mil personas, no a esas 300.000 que ustedes dicen en su moción, menos que en el resto de España, pero es igual, nos importa los que lo padecen aquí. Entonces, ¿qué hay que hacer? Pues habrá que dar una solución transitoria. ¿Es la idónea? No. ¿Por qué se habla en nuestra enmienda de ceder espacios municipales? Hombre, pues digo yo que si tenemos un centro cívico en Nuevo Mesoiro, hombre a lo mejor antes de que esas personas queden a la espera de que se resuelva un marco normativo estatal en el que se pueda hablar de unos servicios básicos financieros, en el que se pueda hablar de un plan de despliegue de redes multicajeros, en el que se pueda hablar (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**), en el que se pueda hablar de programas de formación, pues habrá que darles una solución transitoria. ¿La idónea? Por supuesto que no, pero algo habrá que hacer.*

A min me gustaría compartir a súa indignación con esa lei de subvencións, con ese decreto aberto ó que concorreron dúas entidades bancarias –é certo que esa a levou, a levou Abanca–, pero claro, é dicir, eu entendería que vostede se alporizase deste xeito se estivéramos a falar, por exemplo, de que un Goberno do que vostede forma parte lle regalara 53 millóns de euros a unha aeroliña estranxeira para salvagardar non se sabe que liña estratéxica que afecta a parte da poboación española, dunha aeroliña que non ten nin avións no momento no que recibe eses cartos. A min iso si que me parecería, pero vamos, alporizante. Entendería o seu enfado. Pero claro, é dicir, de que se trate de que fomentar unha actividade que non resulta rendible dende o aspecto económico, a lei da oferta e a demanda, para que, en tanto entre todos non se consiga establecer un marco que corresponda ao ámbito do Estado, pois a min me parece que é unha solución (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo da intervención**). Por iso non estamos en contra da moción da Marea. Non podemos apoiala porque non temos nada en contra de que a Xunta estudie retirar esa liña de subvencións, pero consideramos que sería un erro en tanto haxa outro marco. Por iso nós vamos máis alá e o propoñemos, e por iso solicitamos unha reflexión sobre o posible apoio á nosa emenda.

Máis nada e moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señor Rodríguez.

Señor Lage

**Señor Lage Tuñas**

*A mí me gustaría compartir su indignación con esa ley de subvenciones, con ese decreto abierto al que concurrieron dos entidades bancarias –es cierto que esa la llevó, la llevó Abanca–, pero claro, es decir, yo entendería que usted se enervase de este modo si estuviéramos hablando, por ejemplo, de que un Gobierno del que usted forma parte hubiera regalado 53 millones de euros a una aerolínea extranjera para salvaguardar no se sabe qué línea estratégica que afecta a parte de la población española, de una aerolínea que no tiene ni aviones en el momento en el que recibe ese dinero. A mí eso sí que me parecería, pero vamos, enervante. Entendería su enfado. Pero claro, es decir, de que se trate de que fomentar una actividad que no resulta rentable desde el aspecto económico, la ley de la oferta y la demanda, para que, en tanto entre todos no se consiga establecer un marco que corresponda al ámbito del Estado, pues a mí me parece que es una solución (**se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de la intervención**). Por eso no estamos en contra de la moción de la Marea. No podemos apoyarla porque no tenemos nada en contra de que la Xunta estudie retirar esa línea de subvenciones, pero consideramos que sería un error en tanto haya otro marco. Por eso nosotros vamos más allá y lo proponemos, y por eso solicitamos una reflexión sobre el posible apoyo a nuestra enmienda.*

*Nada más y muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señor Rodríguez.*

*Señor Lage*

**Señor Lage Tuñas**



Grazas, señora alcaldesa.

Quero renderlle unha homenaxe, señor Rodríguez. Vostede está bastante desaproveitado polo seu Grupo, teño que dicirlle, porque é capaz de defender, vamos, practicamente, acaba de defender o sistema financeiro actual dunha maneira, que hai cousas difíciles de defender, pero esta é unha das máis difíciles de facer. E facelo ademais repartíndolle a todos, fixo todo un reparto.

A ver, non podemos negar unha evidencia, estamos a falar de entidades privadas, pero entidades privadas que tamén terán algún tipo de compromiso ético nesta sociedade. E se non o teñen, haberá que reclamarllo. Porque falar desde as filas do Partido Popular da situación do sistema financeiro e das caixas cando en Galicia aínda non fomos capaces de saber que pasou coa desfeita das caixas galegas e teñen bloqueado no Parlamento de Galicia desde, non quero recordar desde cando. É que se lle negou aos galegos saber a realidade de como – ía dicir dous suxeitos– dous suxeitos e uns cantos máis, fixeron o que fixeron coas caixas. E vostedes, e vostedes, que gobernan en Galicia e teñen maioría absoluta, levan impediéndolle ós galegos e ás galegas que se acabe a comisión de investigación do Parlamento de Galicia.

Vostede fixo un intento razoable, pero, como é iso de que a Marea trae temas que se adiantan ó que vai pasar? Como que se adiantan? É que non o estamos vendo? E que non somos conscientes de que hai unha brecha dixital...? A fenda dixital que hai en España é evidente, e supoño que nós formamos parte de España tamén, porque antes o señor Coira, dicía incluso *os galegos*, bueno,

Gracias, señora alcaldesa.

*Quiero rendirle un homenaje, señor Rodríguez. Usted está bastante desaprovechado por su Grupo, tengo que decirle, porque es capaz de defender, vamos, prácticamente, acaba de defender el sistema financiero actual de una manera, que hay cosas difíciles de defender, pero esta es una de las más difíciles de hacer. Y hacerlo además repartiéndole a todos, hizo todo un reparto.*

*A ver, no podemos negar una evidencia, estamos hablando de entidades privadas, pero entidades privadas que también tendrán algún tipo de compromiso ético en esta sociedad. Y si no lo tienen, habrá que reclamárselo. Porque hablar desde las filas del Partido Popular de la situación del sistema financiero y de las cajas cuando en Galicia aun no fuimos capaces de saber qué pasó con el destroz de las cajas gallegas y han bloqueado en el Parlamento de Galicia desde, no quiero recordar desde cuando. Es que se le negó a los gallegos saber la realidad de cómo –iba a decir dos sujetos– dos sujetos y unos cuantos más, hicieron lo que hicieron con las cajas. Y ustedes, y ustedes, que gobiernan en Galicia y tienen mayoría absoluta, llevan impidiéndole a los gallegos y a las gallegas que se acabe la comisión de investigación del Parlamento de Galicia.*

*Usted hizo un intento razonable, pero, ¿cómo es eso de que la Marea trae temas que se adelantan a lo que va a pasar? ¿Cómo que se adelantan? ¿Es que no lo estamos viendo? ¿Y que no somos conscientes de que hay una brecha digital...? La brecha digital que hay en España es evidente, y supongo que nosotros formamos parte de España también, porque antes el señor Coira,*



pois eu dígolle, señor Rodríguez, nós que formamos parte de España, o que non poderemos é negar é que existe unha brecha dixital. Creo que, se non recordo mal, a normativa di que os pagos en efectivo se poden facer só dun máximo de 1.000 euros para particulares. Entón, habendo a fenda dixital que hai, vostede considera que o que está a suceder é que aínda non pasou? Inventárono? Ós da Marea podemos criticalos por moitas cousas, pero non están inventando que se están pechando oficinas bancarias, que están reducindo os servicios neste país. Ah, a solución é que lle poñamos os locais públicos nós ás entidades financeiras que ganan centos de millóns de euros? Bueno, a verdade é que vostede fixo unha intervención moi amena e moi simpática, pero a min me parece dunha desvergonza que alguén defenda que se utilicen os espazos públicos para poñer a disposición de quen ten beneficios tódolos anos. Moi lícito, porque é a economía na que estamos. Moi lícito si, pero aínda –en fin, ía utilizar unha expresión que non se debe, eh?–, señor Rodríguez, aínda por encima aplaudir, mexan por nós e dicimos que chove. Pois non, pois non, pois non.

E eu creo que hai que ser capaces de empatizar cunha realidade. Seguramente non se lle pode obrigar a unha entidade financeira a que abra x espazos, pero o que non se poderá é incentivar, aínda por riba, que moitos veciños e veciñas quedan sen un servicio de proximidade. Porque, os servizos financeiros, os servicios bancarios, son servicios importantes, son servicios de primeira necesidade? Ou non? Ou non? Eu só deixo aquí unha reflexión: antes, máis pronto que tarde, en España volveremos a falar duns servicios dunha empresa

*decía incluso los gallego, bueno, pues yo le digo, señor Rodríguez, nosotros que formamos parte de España, lo que no podremos es negar es que existe una brecha digital. Creo que, si no recuerdo mal, la normativa dice que los pagos en efectivo se pueden hacer solo de un máximo de 1.000 euros para particulares. Entonces, habiendo la brecha digital que hay, ¿usted considera que lo que está sucediendo es que aún no pasó? ¿Lo inventaron? A los de la Marea podemos criticarlos por muchas cosas, pero no están inventando que se están cerrando oficinas bancarias, que están reduciendo los servicios en este país. Ah, ¿la solución es que le pongamos los locales públicos nosotros a las entidades financieras que ganan cientos de millones de euros? Bueno, la verdad es que usted hizo una intervención muy amena y muy simpática, pero a mí me parece de una desvergüenza que alguien defienda que se utilicen los espacios públicos para poner a disposición de quien tiene beneficios todos los años. Muy lícito, porque es la economía en la que estamos. Muy lícito sí, pero aún –en fin, iba a utilizar una expresión que no se debe, eh?–, señor Rodríguez, aun por encima aplaudir, mean por nosotros y decimos que llueve. Pues no, pues no, pues no.*

*Y yo creo que hay que ser capaces de empatizar con una realidad. Seguramente no se le puede obligar a una entidad financiera a que abra x espacios, pero lo que no se podrá es incentivar, por si fuera poco, que muchos vecinos y vecinas quedan sin un servicio de cercanías. Porque, los servicios financieros, los servicios bancarios, ¿son servicios importantes, son servicios de primera necesidad? ¿O no? ¿O no? Yo solo dejo aquí una reflexión: antes, más pronto que tarde, en España volveremos a hablar de unos servicios de una empresa pública*



pública que terá (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**), que terá que resolver, esa empresa pública –e se non ó tempo– a fenda que hai, non só dixital, senón o ámbito demográfico. Cando se vive en grandes metrópoles non hai ningún problema, hai moitos, pero non hai ese. Agora, está moi ben falar da demografía e da España baleirada, pero a ver quen lle pon o cascabel ó gato. Seguramente, os que se din liberais e defensores do capitalismo salvaxe, nese momento dirán, aí, a ver se hai unha empresa pública que sexa capaz de resolvelo. Eu creo que hai que garantir dalgún xeito que non exista nin fenda dixital nin que os servizos financeiros, a (**óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo da intervención**) accesibilidade dos mesmos dependa de se un vive no centro da cidade ou vive no barrio máis alonxado.

Polo tanto, fagamos unha reflexión. E desde logo, imposible apoiar a súa emenda cando o que está pedindo é que aínda por riba poñamos medios públicos, cando esas empresas teñen beneficios suficientes. E por certo, e por certo...

### **Presidencia**

Ten que rematar.

Señor Lage, ten que rematar.

### **Señor Lage Tuñas**

Estanse cargando o emprego que existe neses servizos, porque falamos moitas veces do emprego que hai noutros ámbitos, pero dos que hai nos servizos financeiros, e fálase pouco e tamén teñen consecuencias para a economía local.

*que tendrá (se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención), que tendrá que resolver, esa empresa pública –y si no al tiempo– la brecha que hay, no solo digital, sino el ámbito demográfico. Cuando se vive en grandes metrópolis no hay ningún problema, hay muchos, pero no hay ese. Ahora, está muy bien hablar de la demografía y de la España vaciada, pero a ver quién le ponen el cascabel al gato. Seguramente, los que se dicen liberales y defensores del capitalismo salvaje, en ese momento dirán, ay, a ver si hay una empresa pública que sea capaz de resolverlo. Yo creo que hay que garantizar de alguna manera que no exista ni brecha digital ni que los servicios financieros, la (se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de la intervención) accesibilidad de los mismos dependa de si uno vive en el centro de la ciudad o vive en el barrio más alejado.*

*Por lo tanto, hagamos una reflexión. Y desde luego, imposible apoyar su enmienda cuando lo que está pidiendo es que por si fuera poco pongamos medios públicos, cuando esas empresas tienen beneficios suficientes. Y por cierto, y por cierto...*

### **Presidencia**

*Tiene que finalizar.*

*Señor Lage, tiene que finalizar.*

### **Señor Lage Tuñas**

*Se están cargando el empleo que existe en esos servicios, porque hablamos muchas veces del empleo que hay en otros ámbitos, pero de los que hay en los servicios financieros, y se habla poco y también tienen consecuencias para la economía local.*



Nada máis e moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Non aceptan a emenda.

Imos votar primeiro a emenda do PP e despois, de non prosperar, a moción da Marea.

### **Votación da emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular á segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda de substitución do Grupo Municipal do Partido Popular á segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica, contra o peche de oficinas bancarias, producíndose o seguinte resultado:

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota en contra o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).

Vota en contra a concelleira non adscrita dona Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota en contra a concelleira non adscrita dona Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Contabilízase así mesmo a abstención da señora concelleira dona Avia Veira González, de acordo co artigo 100.1 do

*Nada más y muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*No aceptan la enmienda.*

*Vamos a votar primero la enmienda del PP y después, de no prosperar, la moción de la Marea.*

### **Votación de la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Popular a la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda de sustitución del Grupo Municipal del Partido Popular a la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, contra el cierre de oficinas bancarias, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota en contra el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

*Vota en contra el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).*

*Vota en contra la concejala no adscrita doña Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota en contra la concejala no adscrita doña Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Se contabiliza asimismo la abstención de la señora concejala doña Avia Veira González, de acuerdo con el artículo*



ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

### **Presidencia**

Moitas grazas, queda rexeitada.

### **Votación da segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a segunda moción do Grupo Municipal da Marea Atlántica, contra o peche de oficinas bancarias, producíndose o seguinte resultado:

Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

Contabilízase así mesmo a abstención da señora concelleira dona Avia Veira González, de acordo co artigo 100.1 do ROF, por ausentarse do Salón de Sesións unha vez iniciada a deliberación e non estar presente no momento da votación.

**158. Moción presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica contra**

*100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presente en el momento de la votación.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, queda rechazada.*

### **Votación de la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la segunda moción del Grupo Municipal de la Marea Atlántica, contra el cierre de oficinas bancarias, produciéndose el siguiente resultado:*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (BNG) (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 voto).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

*Se contabiliza asimismo la abstención de la señora concejala doña Avia Veira González, de acuerdo con el artículo 100.1 del ROF, por ausentarse del Salón de Sesiones una vez iniciada la deliberación y no estar presente en el momento de la votación.*

**158. Moción presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica contra**



**o peche de oficinas bancarias.**

**Acordo**

1. Instar o Goberno municipal a mostrar o seu apoio á veciñanza ante as reclamacións sobre o previsible peche da última sucursal bancaria que queda nos barrios de Mesoiro Vello, Novo Mesoiro, Feáns e Urbanización Breogán e mediar coa entidade bancaria para que este peche non se produza.

2. Instar á Xunta de Galicia a que estude deixar sen efecto a convocatoria de axudas para abrir caixeiros da que se beneficiará Abanca á conta da desertización bancaria rural.

3. Instar o Goberno municipal a presionar ás entidades bancarias para que manteñan abertas as súas oficinas e os horarios de atención ao público, estudando a posibilidade de retirar os fondos municipais desas entidades, de incorporar clausulado na contratación de créditos e servizos financeiros que penalice o peche de sucursais ou evitar que se publiciten como patrocinadoras en eventos financiados con cartos municipais, entre outras vías de presión.

**Presidencia**

Ben, pediríalles que deixaran de condicionar á Presidencia mandando mensaxes dicindo que teñen fame, eh! Fagan máis por controlar os tempos das súas intervencións, que levan unha mañá extensa, todos.

Ben, eu ía continuar, pero déanlle as grazas á señora García, que autoriza a que a terceira moción da Marea se debata pola tarde e facemos agora a pausa. Se é por min, quedábamós.

Ata as tres e media, grazas.

***el cierre de oficinas bancarias.***

**Acuerdo**

*1. Instar al Gobierno municipal a mostrar su apoyo a la vecindad ante las reclamaciones sobre el previsible cierre de la última sucursal bancaria que queda en los barrios de Mesoiro Vello, Novo Mesoiro, Feáns y Urbanización Breogán y mediar con la entidad bancaria para que este cierre no se produzca.*

*2. Instar a la Xunta de Galicia a que estudie dejar sin efecto la convocatoria de ayudas para abrir cajeros de la que se beneficiará Abanca a costa de la desertización bancaria rural.*

*3. Instar al Gobierno municipal a presionar a las entidades bancarias para que mantengan abiertas sus oficinas y los horarios de atención al público, estudiando la posibilidad de retirar los fondos municipales de esas entidades, de incorporar clausulado en la contratación de créditos y servicios financieros que penalice el cierre de sucursales o evitar que se publiciten como patrocinadoras en eventos financiados con dinero municipal, entre otras vías de presión.*

**Presidencia**

*Bien, les pediría que dejaran de condicionar a la Presidencia mandando mensajes diciendo que tienen hambre, ¿eh! Hagan más por controlar los tiempos de sus intervenciones, que llevan una mañana extensa, todos.*

*Bien, yo iba a continuar, pero denle las grazas a la señora García, que autoriza a que la tercera moción de la Marea se debata por la tarde y hacemos ahora la pausa. Si es por mí, quedábamós.*

*Hasta las tres y media, grazas.*





**Ás catorce horas e trinta minutos a Presidencia resolve facer un receso na sesión, que se retoma ás quince horas e cincuenta e tres cos mesmos asistentes relacionados ut supra.**

### **Presidencia**

Boa tarde a todos e a todas.

Retomamos a sesión co debate —garden silencio— da última das mocións da Marea Atlántica en defensa do dereito á saúde e da atención primaria.

Consta unha emenda de substitución do Grupo do Partido Popular.

Ten a palabra a señora Cameán.

**Terceira. Moción en defensa do dereito á saúde e da atención primaria.**

**Sobre esta moción o Grupo Municipal do Partido Popular presenta unha emenda de substitución.**

### **Señora Cameán Calvete**

Moitísimas grazas, alcaldesa.

Moi boa tarde a todas e a todos.

Ben, os últimos anos de austeridade e deficiente xestión sanitaria foron o que podemos denominar a outra pandemia. Esa outra pandemia que sumada á COVID-19 deixaron ao descuberto a nosa atención primaria. Se a situación de partida ben a coñecíamos —no noso día a día cotiá xa era complicada e lembremos esa escaseza de persoal nos centros de saúde, a sobrecarga asistencial, as listas de agarda

*A las catorce horas y treinta minutos la Presidencia resuelve hacer un receso en la sesión, que se reanuda a las quince horas y cincuenta y tres minutos con los mismos asistentes relacionados ut supra.*

### **Presidencia**

*Buenas tardes a todos y a todas.*

*Retomamos la sesión con el debate — guarden silencio— de la última de las mociones de la Marea Atlántica en defensa del derecho a la salud y de la atención primaria.*

*Consta una enmienda de sustitución del Grupo del Partido Popular.*

*Tiene la palabra la señora Cameán.*

*Tercera. Moción en defensa del derecho a la salud y de la atención primaria.*

*Sobre esta moción el Grupo Municipal del Partido Popular presenta una enmienda de sustitución.*

### **Señora Cameán Calvete**

*Muchísimas gracias, alcaldesa.*

*Muy buenas tardes a todas y a todos.*

*Bien, los últimos años de austeridad y deficiente gestión sanitaria fueron lo que podemos denominar la otra pandemia. Esa otra pandemia que sumada a la COVID-19 dejaron al descubierto nuestra atención primaria. Si la situación de partida bien la conocíamos —en nuestro día a día cotidiano ya era complicada y recordemos esa escasez de personal en los centros de salud, la sobrecarga asistencial, las listas de espera*

interminables e un longo, longuíssimo etcétera—, pois, como dicía, a crise do coronavirus o que fixo foi, precisamente, agravar unha situación que xa de partida era moi mala. E nós creemos que a atención primaria na nosa área sanitaria, na área sanitaria da Coruña, se atopa nunha situación de abandono e tamén de desmantelamento ante o que podemos denominar o insuficiente investimento por parte da Xunta de Galicia, que é neste caso quen ten as competencias.

Se ben é certo que ningún sistema sanitario podía estar preparado para unha pandemia de tal magnitude, tamén é un feito que se afrontou esta pandemia cun sistema de saúde que xa viña estando moi debilitado a consecuencia, como dicía inicialmente, desas medidas de austeridade levadas a cabo nos últimos anos polo Partido Popular e que fixeron moitísimo dano, especialmente na atención primaria.

A estes problemas que xa existían houbo que engadirle o peche dalgúns centros de saúde, o cambio de un modelo presencial a outro modelo telefónico e esta situación provocou que moitísimas persoas quedasen case desamparadas. A Comisión de Atención Primaria, vímolos tamén nestes días, da área sanitaria da Coruña mantivo diversas concentracións diante dos centros de saúde da cidade e tamén no punto de atención continuada, pois moi sinxelo, para poñer de manifesto o que estamos dicindo aquí, o deterioro da atención primaria e tamén das súas condicións de traballo das profesionais que se están a queixar da falta de cobertura das baixas e da sobrecarga asistencial.

Tamén queremos lembrar que a Plataforma SOS Sanidade Pública vén

*interminables y un largo, larguísimo etcétera—, pues, como decía, la crisis del coronavirus lo que hizo fue, precisamente, agravar una situación que ya de partida era muy mala. Y nosotros creemos que la atención primaria en nuestra área sanitaria, en el área sanitaria de A Coruña, se encuentra en una situación de abandono y también de desmantelamiento ante lo que podemos denominar la insuficiente inversión por parte de la Xunta de Galicia, que es en este caso quien tiene las competencias.*

*Si bien es cierto que ningún sistema sanitario podía estar preparado para una pandemia de tal magnitud, también es un hecho que se afrontó esta pandemia con un sistema de salud que ya venía estando muy debilitado a consecuencia, como decía inicialmente, de esas medidas de austeridad llevadas a cabo en los últimos años por el Partido Popular y que hicieron muchísimo daño, especialmente en la atención primaria.*

*A estos problemas que ya existían hubo que añadirle el cierre de algunos centros de salud, el cambio de un modelo presencial a otro modelo telefónico y esta situación provocó que muchísimas personas quedaran casi desamparadas. La Comisión de Atención Primaria, lo vimos también en estos días, del área sanitaria de A Coruña mantuvo diversas concentraciones delante de los centros de salud de la ciudad y también en el punto de atención continuada, pues muy sencillo, para poner de manifiesto lo que estamos diciendo aquí, el deterioro de la atención primaria y también de sus condiciones de trabajo de las profesionales que se están quejando de la falta de cobertura de las bajas y de la sobrecarga asistencial.*

*También queremos recordar que la Plataforma SOS Sanidad Pública viene de*



de convocar unha manifestación en Santiago de Compostela, unha manifestación que se vai celebrar o día 14 de novembro deste ano e que se vai a celebrar con unha motivación fundamental que é denunciar publicamente o desmantelamento e tamén a privatización da atención primaria. Segundo traslada esta plataforma, a situación que se atravesa na atención primaria é moi grave, é moi preocupante e ten unha consecuencia directa que é unha insuficiencia orzamentaria por parte da Xunta de Galicia. Deste xeito, o que reclama a Plataforma SOS Sanidade Pública é un incremento orzamentario que se amplíe tamén ao persoal dos centros de saúde e que se poña a atención primaria no centro do sistema.

É por todo isto que pedimos ao resto de grupos políticos o seu apoio. Simplemente os acordos que propoñemos nesta moción son moi sinxelos: é que se aproveite o Consello Local de Saúde para que saia unha declaración pública de apoio á nosa atención primaria, propoñemos nun segundo acordo que a Xunta de Galiza aumente ese investimento público e nun terceiro acordo que se apoie esta manifestación convocada por SOS Sanidade Pública.

Nada máis, moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas.

Señora Faraldo, o seu turno.

### **Señora Faraldo Calvo**

Desde Podemos subscribimos toda iniciativa ou acción que se faga en defensa da sanidade pública, e esta

*convocar una manifestación en Santiago de Compostela, una manifestación que se va a celebrar el día 14 de noviembre de este año y que se va a celebrar con una motivación fundamental que es denunciar públicamente el desmantelamiento y también la privatización de la atención primaria. Según traslada esta plataforma, la situación que se atraviesa en la atención primaria es muy grave, es muy preocupante y tiene una consecuencia directa que es una insuficiencia presupuestaria por parte de la Xunta de Galicia. De este modo, lo que reclama la Plataforma SOS Sanidad Pública es un incremento presupuestario que se amplíe también al personal de los centros de salud y que se ponga la atención primaria en el centro del sistema.*

*Es por todo esto que pedimos al resto de grupos políticos su apoyo. Simplemente los acuerdos que proponemos en esta moción son muy sencillos: es que se aproveche el Consejo Local de Salud para que salga una declaración pública de apoyo a nuestra atención primaria, proponemos en un segundo acuerdo que la Xunta de Galicia aumente esa inversión pública y en un tercer acuerdo que se apoye esta manifestación convocada por SOS Sanidad Pública.*

*Nada más, muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Señora Faraldo, su turno.*

### **Señora Faraldo Calvo**

*Desde Podemos suscribimos toda iniciativa o acción que se haga en defensa de la sanidad pública, y esta moción lo es.*

moción o é.

Queremos aproveitar este momento para poñer en relevo o inxente traballo que nesta ardua tarefa fai a Plataforma SOS Sanidade Galicia, plataforma á que Podemos Galicia adheriuse. E plataforma que, ante a situación concreta da atención primaria, convocou varias xuntanzas este verán, a fin de abordar accións das que saíron, entre outras, a mobilización que terá lugar o 14 de novembro en Santiago contra o desmantelamento da atención primaria por parte do Goberno do PP. Desas xuntanzas ás que acudimos nace o informe no que se diagnostica o proceso de deterioro da atención primaria como consecuencia de: unha, a política da Xunta de Galicia de recortar recursos, desmantelar centros, eliminar prazas de profesionais e de someter aos centros de saúde ás xerencias hospitalarias; e dúas, a obsolescencia dun modelo medicalizado, hexemonizado por unhas consultas médicas masificadas orientadas á enfermidade só e ao abuso irracional de medicamentos en detrimento das actividades de promoción, prevención e rehabilitación da saúde.

Nesas xuntanzas houbo unanimidade en valorar moi grave a situación da atención primaria en Galicia como consecuencia da insuficiencia orzamentaria, da falta de persoal tras o recortes dos últimos anos, a non substitución das ausencias por vacacións ou baixas laborais, as trabas de acceso aos centros con colas nas rúas, as listas de agarda que chegaron a ser en algúns centros máis dun mes de espera, a limitación das consultas presenciais priorizando as consultas telefónicas ou telemáticas, o peche de centros periféricos, graves problemas para contactar telefonicamente cos centros para conseguir citas presenciais xerando

3. Modificar a Lei 37/1992, do Imposto sobre o Valor Engadido, para facer permanente a rebaixa do IVE da electricidade do 21 % ao 10 %.
4. Impulsar o descenso da factura eléctrica a través da revisión dos tramos horarios, na medida en que o período val de luns a venres, no que a tarifa é máis barata, vai desde as 12 horas da noite ata as 8 da mañá, o que fai moi difícil o aforro das familias.
5. Ampliar o dereito de poder acollerse ao Prezo Voluntario do Pequeno Consumidor (PVPC) ata potencias iguais ou inferiores a 15 KW para o consumidor doméstico, co fin de facilitar o acceso ao Bono Social Eléctrico.

***161. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre rebaja del precio de la luz, enmendada por el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego***

**Acuerdo**

*La Corporación Municipal de A Coruña en Pleno acuerda instar al Gobierno de España a:*

- 1. Rebajar el tipo de gravamen del Impuesto sobre el Valor de la Producción de Energía Eléctrica del 7 %, modificando la Ley 15/2012, de 27 de diciembre, de medidas fiscales para la sostenibilidad energética.*
- 2. Modificar la Ley 24/2013, del sector eléctrico, para que, entre otros aspectos, determinados costes regulatorios que se trasladan a la factura eléctrica (deuda del sistema eléctrico y costes extrapeninsulares) sean financiados íntegramente con cargo a los Presupuestos Generales del Estado.*
- 3. Modificar la Ley 37/1992, del Impuesto sobre el Valor Añadido, para hacer permanente la rebaja del IVA de la electricidad del 21 % al 10 %.*
- 4. Impulsar el descenso de la factura eléctrica a través de la revisión de los tramos horarios, en la medida en que el período valle de lunes a viernes, en el que la tarifa es más barata, va desde las 12 horas de la noche hasta las 8 de la mañana, lo que hace muy difícil el ahorro de las familias.*
- 5. Ampliar el derecho de poder acogerse al Precio Voluntario del Pequeño Consumidor (PVPC) hasta potencias iguales o inferiores a 15 KW para el consumidor doméstico, con el fin de*



*facilitar el acceso al Bono Social Eléctrico.*

6. Loitar contra a pobreza enerxética entre os consumidores máis vulnerables, establecendo axudas específicas para o pagamento de facturas e asumindo o 100 % dos custos, para evitar o corte da subministración eléctrica.

*6. Luchar contra la pobreza energética entre los consumidores más vulnerables, estableciendo ayudas específicas para el pago de facturas y asumiendo el 100 % de los costes, para evitar el corte del suministro eléctrico.*

7. Beneficiar os territorios de produción de enerxía eléctrica compensando o forte impacto ambiental e social derivado da súa produción a través dun abaratamento dos prezos.

*7. Beneficiar a los territorios de producción de energía eléctrica compensando el fuerte impacto ambiental y social derivado de su producción a través de un abaratamiento de los precios.*

8. Modificar a Lei 24/2013, do sector eléctrico, de maneira que o prezo da electricidade se estipule en función dos custos de xeración de cada tecnoloxía.

*8. Modificar la Ley 24/2013, del sector eléctrico, de manera que el precio de la electricidad se estipule en función de los costes de generación de cada tecnología.*

9. Abordar as modificacións legislativas necesarias para endurecer o réxime de incompatibilidades que afecta a persoas que ostentaron responsabilidades políticas, co fin de rematar co fenómeno coñecido como “portas xiratorias”.

*9. Abordar las modificaciones legislativas necesarias para endurecer el régimen de incompatibilidades que afecta a personas que ostentaron responsabilidades políticas, con el fin de finalizar con el fenómeno conocido como “puertas giratorias”.*

**Terceira. Moción sobre transporte público urbano de viaxeiros.**

***Tercera. Moción sobre transporte público urbano de viajeros.***

**Sobre esta moción consta presentada unha emenda de substitución e adición do Grupo Municipal da Marea Atlántica.**

***Sobre esta moción consta presentada una enmienda de sustitución y adición del Grupo Municipal de la Marea Atlántica.***

### **Presidencia**

Consta unha emenda de substitución e adición da Marea Atlántica.

Señor Deus, ten a palabra.

**Señor Deus Álvarez**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

### **Presidencia**

Consta una enmienda de sustitución y adición de la Marea Atlántica.

*Señor Deus, tiene la palabra.*

**Señor Deus Álvarez**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*A mobilidade é un punto de vital importancia no día a día dun concello e en maior medida na dinámica cotiá das nosas cidades. O Concello da Coruña, coa finalidade de fomentar o uso do bus urbano debe estudar medidas encamiñadas a promocionalo e que supoñan, ademais, un beneficio social. Unha medida entre os máis novos sería estudar a gratuidade para os menores de idade que hai no noso municipio, o que permitiría concienciarlos da necesidade de contar cunha cidade máis sostible, limpa, con menos atascos e rúidos, por tanto, un investimento de futuro no noso municipio. Outras medidas poden ser a creación de bonos de carácter mensual ou semanal, con viaxes ilimitadas neste período e a posta en marcha de novas liñas de bus e a mellora das frecuencias. Sen dúbida, para reducir a dependencia do vehículo privado é necesario mellorar o transporte público, urbano e interurbano. No PMUS de 2013 establécese un plan de acción para o fomento do uso do transporte público, implantación das vías prioritarias vixiadas con sistema de prioridade para o bus; mellora da tarxeta Millennium e implantación de bonos ou tarifas planas; a reorganización da rede de paradas do bus urbano; a reordenación da rede de autobuses urbanos; a mellora do transporte metropolitano ou un plan de aparcamentos disuasorios.*

**Ás dezaseis horas e cincuenta e sete minutos saen do Salón de Sesións os señores Lage Tuñas e Lema Suárez.**

*Tamén no noso programa, o máis votado da cidade, se formulaban propostas na liña na que agora propoñemos na nosa moción. É o que ten dispoñer dunha folla de ruta, ser un partido serio, con clara vocación de goberno, afastado de tanta improvisación e postureo, como o que*

La movilidad es un punto de vital importancia en el día a día de un ayuntamiento y en mayor medida en la dinámica cotidiana de nuestras ciudades. El Ayuntamiento de A Coruña, con la finalidad de fomentar el uso del bus urbano debe estudiar medidas encaminadas a promocionalo y que supongan, además, un beneficio social. Una medida entre los más jóvenes sería estudiar la gratuidad para los menores de edad que hay en nuestro municipio, lo que permitiría concienciarlos de la necesidad de contar con una ciudad más sostenible, limpia, con menos atascos y ruidos, por tanto, una inversión de futuro en nuestro municipio. Otras medidas pueden ser la creación de bonos de carácter mensual o semanal, con viajes ilimitados en este periodo y la puesta en marcha de nuevas líneas de bus y la mejora de las frecuencias. Sin duda, para reducir la dependencia del vehículo privado es necesario mejorar el transporte público, urbano e interurbano. En el PMUS de 2013 se establece un plan de acción para el fomento del uso del transporte público, implantación de las vías prioritarias vigiladas con sistema de prioridad para el bus; mejora de la tarjeta Millennium e implantación de bonos o tarifas planas; la reorganización de la red de paradas del bus urbano; la reordenación de la red de autobuses urbanos; la mejora del transporte metropolitano o un plan de aparcamientos disuasorios.

**A las dieciséis horas y cincuenta y siete minutos salen del Salón de Sesiones los señores Lage Tuñas y Lema Suárez.**

También en nuestro programa, el más votado de la ciudad, se planteaban propuestas en la línea en la que ahora proponemos en nuestra moción. Es lo que tiene disponer de una hoja de ruta, ser un partido serio, con clara vocación de gobierno, alejado de tanta improvisación y

*estamos afeitos ver. O exemplo máis evidente é a aposta que a Xunta de Galicia fixo polo transporte público colectivo. A Xunta destina nada menos que 80 millóns de euros ao ano para levar o bus aos 15.000 núcleos de poboación de Galicia. Ademais, esténdese a gratuidade do transporte público aos menores de 21 anos, para tratar de concienciarlos nunha mobilidade responsable, ou a aplicación de descontos a familias numerosas. Sen dúbida, na nosa área, o plan de transporte metropolitano é unha aposta decidida da Xunta para avanzar nunha mobilidade máis limpa e sostible, pero sobre todo, é un plan social, posto que a mobilidade é un dereito esencial. Estas medidas supuxeron un incremento do 30 % no uso do transporte público na área da Coruña. Actualmente hai 160.000 veciños da área que empregan a tarxeta do transporte metropolitano.*

*Sen dúbida, máis se podería mellorar se contásemos cunha estación Intermodal, como xa dispoñen a maioría das cidades galegas, situándose a cidade nestes momentos no furgón de cola, grazas á memorable xestión de Marea e agora do Goberno de Sánchez. Que lonxe queda aquel mes de xullo de 2019, señora alcaldesa! E é que non ter as ideas claras e tomar decisións improvisadas en materia de mobilidade lévanos a imponer medidas populistas co único fin de parecer que estamos a facer algo.*

*Ao pau xudicial que supuxo a intención do Goberno de Xulio Ferreiro de recortar o tempo da concesión da Compañía de Tranvías -lembremos que a xustiza europea deu a razón á compañía e o seu contrato segue en vigor ata 2024- agora atopámonos con que a sentenza do Tribunal Superior de*

postureo, como lo que estamos acostumbrados a ver. El ejemplo más evidente es la apuesta que la Xunta de Galicia ha hecho por el transporte público colectivo. La Xunta destina nada menos que 80 millones de euros al año para llevar el bus a los 15.000 núcleos de población de Galicia. Además, se extiende la gratuidad del transporte público a los menores de 21 años, para tratar de concienciarlos en una movilidad responsable, o la aplicación de descuentos a familias numerosas. Sin duda, en nuestra área, el plan de transporte metropolitano es una apuesta decidida de la Xunta para avanzar en una movilidad más limpia y sostenible, pero sobre todo, es un plan social, puesto que la movilidad es un derecho esencial. Estas medidas han supuesto un incremento del 30 % en el uso del transporte público en el área de A Coruña. Actualmente hay 160.000 vecinos del área que emplean la tarjeta del transporte metropolitano.

Sin duda, más se podría haber mejorado si contásemos con una estación Intermodal, como ya disponen la mayoría de las ciudades gallegas, situándose la ciudad en estos momentos en el furgón de cola, gracias a la memorable gestión de Marea y ahora del Gobierno de Sánchez. ¡Qué lejos queda aquel mes de julio de 2019, señora alcaldesa! Y es que no tener las ideas claras y tomar decisiones improvisadas en materia de movilidad nos lleva a imponer medidas populistas con el único fin de parecer que estamos haciendo algo.

Al varapalo judicial que supuso la intención del Gobierno de Xulio Ferreiro de recortar el tiempo de la concesión de la Compañía de Tranvías -recordemos que la justicia europea dio la razón a la compañía y su contrato sigue en vigor hasta 2024- ahora nos encontramos con que la sentencia del Tribunal Superior de Xustiza





*Xustiza de Galicia anula a decisión unilateral de baixada das tarifas do bus que aplicou a Marea, ou sexa, que a súa decisión foi ilegal. Ambas as decisións foron adoptadas polo Goberno de Xulio Ferreiro sen consenso ningún coa Compañía de Tranvías. Segundo o tribunal as medidas adoptáronse sen xustificar e sen pasar polas canles que permite o convenio e a lei. Señor Martínez, eu lin as súas declaracións. Ou sexa, o que eu entendo que lle din non é que non puidesen tomar medidas relativas ao transporte urbano na Coruña. O que lles din é que as tiñan que tomar axustadas á lei, a lei que debe rexer, tanto para os que gobernan como para os seus administrados. E todo isto que vai significar para os coruñeses? Pois que se alguén non o remedia (óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención) o Concello deberá compensar á empresa a redución de ingresos que experimentou desde 2019 co diñeiro de todos os coruñeses. Outra herdanza máis da Marea. Confiamos que neste momento si sexa o sentido común e a legalidade o que presida a toma de decisións duns e doutros. Queremos que as medidas que propoñemos na nosa moción poidan ser as primeiras a adoptar dentro dun plan integral de mellora do transporte público que non vimos no mandato anterior e que, ao ritmo que estamos indo, tampouco veremos neste mandato. Moitas grazas.*

### **Presidencia**

Ben, continuamos.

Señora Faraldo, ten a palabra.

### **Señora Faraldo Calvo**

A verdade é que nun momento tan delicado como este non sabería se esta

de Galicia anula la decisión unilateral de bajada de las tarifas del bus que aplicó la Marea, o sea, que su decisión fue ilegal. Ambas decisiones fueron adoptadas por el Gobierno de Xulio Ferreiro sin consenso alguno con la Compañía de Tranvías. Según el tribunal las medidas se adoptaron sin justificar y sin pasar por los cauces que permite el convenio y la ley. Señor Martínez, yo he leído sus declaraciones. O sea, lo que yo entiendo que le dicen no es que no pudiesen tomar medidas relativas al transporte urbano en La Coruña. Lo que les dicen es que las tenían que haber tomado ajustadas a la ley, la ley que debe regir, tanto para los que gobiernan como para sus administrados. ¿Y todo esto qué va a significar para los coruñeses? Pues que si alguien no lo remedia (*se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención*) el Concello deberá compensar a la empresa la reducción de ingresos que experimentó desde 2019 con el dinero de todos los coruñeses. Otra herencia más de la Marea. Confiamos que en este momento sí sea el sentido común y la legalidad el que presida la toma de decisiones de unos y de otros. Queremos que las medidas que proponemos en nuestra moción puedan ser las primeras a adoptar dentro de un plan integral de mejora del transporte público que no vimos en el mandato anterior y que, al paso que vamos, tampoco veremos en este mandato. Muchas gracias.

### **Presidencia**

Bien, continuamos.

Señora Faraldo, tiene la palabra.

### **Señora Faraldo Calvo**

La verdad es que en un momento tan delicado como este no sabría si esta

moción peca de oportunista ou ten matices de certo descaro, porque a batalla pola mellora do transporte público na nosa cidade vai moito máis alá de reduci-la aos tres puntos cos que o PP parece querer quedar ben con dios e co diablo. Neste momento non nos treme o pulso nin os treme a nosa voz á hora de recoñecer a valentía do goberno anterior na defensa do interese xeral con respecto ás políticas de transporte público, que levaron a reducións tarifarias históricas na cidade, é dicir, como nunca antes se viran, pensando, o digo a viva voz e sen complexos, no ben común. Por iso, ante a situación na que nos atopamos coa recente sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, cremos que o Concello ten, nesa mesma liña, a obriga de recorrela, pero non só por pelexar para protexer os intereses da cidadanía -que tamén, é o máis importante- senón porque é unha batalla de posicións na que o Concello ten que amosar as súas fortalezas fronte ao monopolio do transporte de autobuses urbanos. A gratuidade e as bonificacións para incentivar o uso do transporte público é, ademais, un dos grandes aliados nos principios básicos de mobilidade e contra o cambio climático, que pasa, ineludiblemente, pola reordenación das liñas do bus, polo aumento das mesmas, das paradas, das frecuencias e cabería, ademais, esixir ao Concello a aposta pola xestión directa do servizo, camiñando cara a municipalización. Esta moción, dito en ton coloquial, colle o rábano polas follas, pero en todo caso, sendo medidas positivas neses tres puntos básicos, aínda que se queden na superficie, pois imos a votar a favor. Tamén imos votar a favor da emenda, porque entendemos que amplía positivamente esta moción. Grazas.

*moción peca de oportunista o tiene matices de cierto descaro, porque la batalla por la mejora del transporte público en nuestra ciudad va mucho más allá de reducirla a los tres puntos con los que el PP parece querer quedar bien con dios y con el diablo. En este momento no nos tiembla el pulso ni nos tiembla nuestra voz a la hora de reconocer la valentía del gobierno anterior en la defensa del interés general con respecto a las políticas de transporte público, que llevaron a reducciones tarifarias históricas en la ciudad, es decir, como nunca antes se habían visto, pensando, lo digo a viva voz y sin complejos, en el bien común. Por eso, ante la situación en la que nos encontramos con la reciente sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia, creemos que el Ayuntamiento tiene, en esa misma línea, la obligación de recurrirla, pero no solo por pelear para proteger los intereses de la ciudadanía -que también, es lo más importante- sino porque es una batalla de posiciones en la que el Ayuntamiento tiene que mostrar sus fortalezas frente al monopolio del transporte de autobuses urbanos. La gratuidad y las bonificaciones para incentivar el uso del transporte público es, además, uno de los grandes aliados en los principios básicos de movilidad y contra el cambio climático, que pasa, ineludiblemente, por la reordenación de las líneas del bus, por el aumento de las mismas, de las paradas, de las frecuencias y cabría, además, exigir al Ayuntamiento la apuesta por la gestión directa del servicio, caminando hacia la municipalización. Esta moción, dicho en tono coloquial, coge el rábano por las hojas, pero en todo caso, siendo medidas positivas en esos tres puntos básicos, aunque se queden en la superficie, pues vamos a votar a favor. También vamos a votar a favor de la enmienda, porque entendemos que amplía positivamente esta moción. Gracias.*



**Presidencia**

Moitas grazas, señora Faraldo.

Turno para o BNG, señora Veira.

**Señora Veira González**

Grazas, señora alcaldesa.

Desde o Grupo Municipal do BNG anunciamos que imos votar a favor da moción e tamén a favor da emenda que presenta a Marea Atlántica porque incide nunha das cuestións que estamos dicindo estes días, que hai que recorrer esa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Creemos que hai moito que traballar en materia de transporte público na nosa cidade. Vimos insistindo en moitos plenos, se non é a través de preguntas escritas, a través de preguntas orais, rogos ou mocións, en que é preciso termos un transporte público na nosa cidade adaptado ás necesidades das maiorías sociais, adaptábel a distintas situacións, cunhas liñas máis áxiles, que conecten os barrios máis afastados, as zonas con maiores centros de traballo, polígonos industriais, centros de saúde ou centros de ensino, que atraen persoas de distintos barrios e mesmo, concellos da comarca.

**Ás dezasete horas e cinco minutos entra no Salón de Sesións o señor Lema Suárez.**

Consideramos, como temos reflectido nalgúñas mocións xa aprobadas en Pleno, que é importante traballar para mellorar as frecuencias e os horarios, tanto no inicio do servizo como no final. E tamén, por suposto, é importante, por

**Presidencia**

*Muchas gracias, señora Faraldo.*

*Turno para el BNG, señora Veira.*

**Señora Veira González**

*Gracias, señora alcaldesa.*

*Desde el Grupo Municipal del BNG anunciamos que vamos a votar a favor de la moción y también a favor de la enmienda que presenta la Marea Atlántica porque incide en una de las cuestiones que estamos diciendo estos días, que hay que recurrir esa sentencia del Tribunal Superior de Justicia de Galicia.*

*Creemos que hay mucho que trabajar en materia de transporte público en nuestra ciudad. Venimos insistiendo en muchos plenos, si no es a través de preguntas escritas, a través de preguntas orales, ruegos o mociones, en que es preciso tener un transporte público en nuestra ciudad adaptado a las necesidades de las mayorías sociales, adaptable a distintas situaciones, con unas líneas más ágiles, que conecten los barrios más lejanos, las zonas con mayores centros de trabajo, polígonos industriales, centros de salud o centros de enseñanza, que atraen personas de distintos barrios e incluso, ayuntamientos de la comarca.*

***A las diecisiete horas y cinco minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lema Suárez.***

*Consideramos, como hemos reflejado en algunas mociones ya aprobadas en Pleno, que es importante trabajar para mejorar las frecuencias y los horarios, tanto en el inicio del servicio como en el final. Y también, por supuesto, es importante, por*

iso tamén imos votar a favor da emenda da Marea Atlántica, repensarnos o modelo de xestión de cara ao remate da actual concesión en 2024, cuestión na que levamos insistindo desde o mandato pasado, cando se declarara caducada a concesión, e se fixeron traballos para redactar uns pregos que regulasen o servizo de cara a unha nova licitación pública e que eu mesma puiden consultar, e desde o BNG cremos que fronte a esa xestión directa que pode permitírnos dunha maneira máis áxil, eficaz, gobernar a nosa mobilidade en transporte público na Coruña sen ningunha empresa privada con intereses económicos polo medio, beneficios millonarios a costa dun cálculo do prezo da tarifa perverso para os intereses municipais e que, sinceramente, ten demostradas poucas ou ningunhas ganas de colaborar para mellorar a mobilidade na cidade da Coruña, xa que se negan ata a modificar as liñas de autobús e, mesmo, ten recortados servizos desde o inicio da pandemia e o Goberno local non está facendo para mudar iso. Véxase o caso do bus nocturno, que non se retomou desde marzo de 2020. Para nós é imprescindible facer un estudo sobre os diferentes modos de xestión. Foi unha das cousas que incluímos no acordo de mandato asinado co Partido Socialista, cremos que se debe apostar pola xestión directa, que se debe facer unha prospección, ademais, para ver se é posíbel acceder a fondos europeos ou empregar fondos dos Next Generation para mellorar a mobilidade real dos coruñeses e das coruñesas a través desta xestión directa e cremos que cunha xestión directa do transporte público teríamos na man do propio Concello o deseño da nosa mobilidade, aforraríamos, sen dúbida, litixiosidades e discusións con empresas privadas, sobre beneficios, prezos, liñas, frecuencias, horarios, remates das

*eso también vamos a votar a favor de la enmienda de la Marea Atlántica, repensar el modelo de gestión de cara al final de la actual concesión en 2024, cuestión en la que llevamos insistiendo desde el mandato pasado, cuando se había declarado caducada la concesión, y se hicieron trabajos para redactar unos pliegos que regularan el servicio de cara a una nueva licitación pública y que yo misma pude consultar, y desde el BNG creemos que frente a esa gestión directa que puede permitírnos de una manera más ágil, eficaz, gobernar nuestra movilidad en transporte público en A Coruña sin ninguna empresa privada con intereses económicos de por medio, beneficios millonarios a costa de un cálculo del precio de la tarifa perverso para los intereses municipales y que, sinceramente, ha demostrado pocas o ningunas ganas de colaborar para mejorar la movilidad en la ciudad de A Coruña, ya que se niegan hasta a modificar las líneas de autobús e, incluso, ha recortado servicios desde el inicio de la pandemia y el Gobierno local no está haciendo nada para cambiar eso. Véase el caso del bus nocturno, que no se retomó desde marzo de 2020. Para nosotros es imprescindible hacer un estudio sobre los diferentes modos de gestión. Fue una de las cosas que incluimos en el acuerdo de mandato firmado con el Partido Socialista, creemos que se debe apostar por la gestión directa, que se debe hacer una prospección, además, para ver si es posible acceder a fondos europeos o emplear fondos de los Next Generation para mejorar la movilidad real de los coruñeses y de las coruñesas a través de esta gestión directa y creemos que con una gestión directa del transporte público tendríamos en la mano del propio Ayuntamiento el diseño de nuestra movilidad, ahorraríamos, sin duda, litigiosidades y discusiones con empresas privadas, sobre beneficios, precios,*





concesións, etc, como vivimos nestes últimos anos e especialmente nestes últimos días. Nada máis.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Veira.

Pola Marea Atlántica, señora Delso.

### **Señora Delso Carreira**

Moitas grazas, señora alcaldesa.

Hai que dicir, señor Deus, que esta moción é un tanto un brindis ao sol e inclúe tres propostas coas que poderíamos estar de acordo se non fora porque non inclúe as medidas imprescindibles para garantir un transporte público, democrático e de calidade e que están máis que diagnosticadas na Coruña, comezando pola reforma global do mapa de liñas acordado e insistentemente demandado e que, lamentablemente, segue pendente. Incluimos algunhas destas medidas imprescindibles coma a emenda: esa necesaria aposta por unha xestión pública, directa, unha vez remate a concesión actual, así como a necesidade de avanzar e concretar os trámites para facer realidade unha autoridade única de transporte metropolitano. E, por suposto, defender o interese público e esgotar todas as vías xudiciais en defensa da baixada do prezo do autobús, da gratuidade para menores de 13 anos e as bonificacións acordadas no pasado mandato, medidas e políticas públicas para as maiorías sociais que tiveron un efecto claro, a multiplicación do uso do transporte público na nosa cidade en máis dun millón de viaxes, dos cales máis de 300.000 corresponden a menores de 13 anos. Unha política

*líneas, frecuencias, horarios, finalizacións de las concesiones, etc, como vivimos en estos últimos años y especialmente en estos últimos días. Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Veira.*

*Por la Marea Atlántica, señora Delso.*

### **Señora Delso Carreira**

*Muchas gracias, señora alcaldesa.*

*Hay que decir, señor Deus, que esta moción es un tanto un brindis al sol e incluye tres propuestas con las que podríamos estar de acuerdo si no fuese porque no incluye las medidas imprescindibles para garantizar un transporte público, democrático y de calidad y que están más que diagnosticadas en A Coruña, comenzando por la reforma global del mapa de líneas acordado e insistentemente demandado y que, lamentablemente, sigue pendiente. Incluimos algunas de estas medidas imprescindibles como la enmienda: esa necesaria apuesta por una gestión pública, directa, una vez finalice la concesión actual, así como la necesidad de avanzar y concretar los trámites para hacer realidad una autoridad única de transporte metropolitano. Y, por supuesto, defender el interés público y agotar todas las vías judiciales en defensa de la bajada del precio del autobús, de la gratuidad para menores de 13 años y las bonificaciones acordadas en el pasado mandato, medidas y políticas públicas para las mayorías sociales que tuvieron un efecto claro, la multiplicación del uso del transporte público en nuestra ciudad en más de un millón de viajes, de los cuales más de 300.000 corresponden a menores de 13 años. Una política tarifaria*



tarifaria xusta e social que tivo un efecto multiplicador no uso do transporte público. Falemos entón diso, de transporte público colectivo e dalgunhas das medidas urxentes e imprescindibles que xa foron, por certo, acordadas neste Salón de Plenos e moitas delas formaron parte do acordo de investidura do Grupo Municipal da Marea Atlántica co Goberno municipal. Acordos pendentes en materia de transporte público colectivo, un ámbito no que, francamente, agardábamos máis do actual Goberno municipal. Aínda están a tempo e dende a Marea Atlántica seguiremos insistindo para que o fagan, para que presenten esa necesaria proposta actualizada de reforma global do mapa de liñas, que aumente os horarios, as frecuencias, tal e como reclama a veciñanza, especialmente nos barrios peor comunicados, así como nos principais nodos de actividade diaria, centros de saúde, centros escolares, polígonos industriais.

Outra media imprescindible pasa por tomar en consideración esa realidade metropolitana na que vive gran parte da poboación e para iso é fundamental que o Goberno municipal xunto coa Xunta de Galicia axilicen os trámites que sexan precisos para a posta en marcha da autoridade única de transporte metropolitana como primeiro paso para a súa futura integración na Área Metropolitana da Coruña.

Fálase, na moción, do acceso da mocidade ao transporte público colectivo e para iso é imprescindible continuar establecendo bonificacións para as xeracións máis novas xunto con esa necesaria ampliación de horarios e frecuencias. Falouse tamén da necesaria ampliación de horarios e frecuencias do bus nocturno. Poñamos un exemplo: falabamos esta semana coa veciñanza de

*justa y social que tuvo un efecto multiplicador en el uso del transporte público. Hablemos entonces de eso, de transporte público colectivo y de algunas de las medidas urgentes e imprescindibles que ya fueron, por cierto, acordadas en este Salón de Plenos y muchas de ellas formaron parte del acuerdo de investidura del Grupo Municipal de la Marea Atlántica con el Gobierno municipal. Acuerdos pendientes en materia de transporte público colectivo, un ámbito en el que, francamente, esperábamos más del actual Gobierno municipal. Aún están a tiempo y desde la Marea Atlántica seguiremos insistiendo para que lo hagan, para que presenten esa necesaria propuesta actualizada de reforma global del mapa de líneas, que aumente los horarios, las frecuencias, tal y como reclama la vecindad, especialmente en los barrios peor comunicados, así como en los principales nodos de actividad diaria, centros de salud, centros escolares, polígonos industriales.*

*Otra medida imprescindible pasa por tomar en consideración esa realidad metropolitana en la que vive gran parte de la población y para eso es fundamental que el Gobierno municipal junto con la Xunta de Galicia agilicen los trámites que sean precisos para la puesta en marcha de la autoridad única de transporte metropolitano como primer paso para su futura integración en el Área Metropolitana de A Coruña.*

*Se habla, en la moción, del acceso de la juventud al transporte público colectivo y para eso es imprescindible continuar estableciendo bonificaciones para las generaciones más jóvenes junto con esa necesaria ampliación de horarios y frecuencias. Se habló también de la necesaria ampliación de horarios y frecuencias del bus nocturno. Pongamos un ejemplo: hablábamos esta semana con*

Novo Mesoiro. A situación da mocidade de Novo Mesoiro é sangrante. Nun barrio onde case o 30 % do censo é menor de 14 anos e outro tanto menor de idade, estamos falando dun barrio onde para baixar aos institutos polas mañás e para regresar a mediodía teñen quedado rapaces e rapazas en terra por falta de autobuses e xa non falemos das frecuencias de máis de 30 minutos en fins de semana. Como casa iso cos paradigmas de mobilidade sostible, de cidade para as persoas, de dereito á cidade das que falamos o outro día no foro da mobilidade e coas que estamos, obviamente de acordo? Hai outras medidas acordadas e pendentes que, simplemente, lembro; esa necesaria tarxeta Millennium Sen Barreiras para persoas en situación de vulnerabilidade con diversidade funcionais, que acordamos, tamén, co Goberno municipal no pacto de investidura e da que non temos noticias ou a **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** posta en marcha da app Millennium Próxima para o pago do transporte público a través do móbil e cuxa implantación inmediata foi anunciada en varias ocasións.

Máis nada.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora Delso.

Señor Díaz Villoslada, ten a palabra.

### **Señor Díaz Villoslada**

Señor Deus, aínda que a moción que presentan se circunscribe a medidas respecto do transporte público urbano, realmente vén utilizala para facer gala das políticas máis autonómicas en

*la vecindad de Novo Mesoiro. La situación de la juventud de Novo Mesoiro es sangrante. En un barrio donde casi el 30 % del censo es menor de 14 años y otro tanto menor de edad, estamos hablando de un barrio donde para bajar a los institutos por las mañanas y para regresar a mediodía han quedado chicos y chicas en tierra por falta de autobuses y ya no hablemos de las frecuencias de más de 30 minutos en fines de semana. ¿Cómo casa eso con los paradigmas de movilidad sostenible, de ciudad para las personas, de derecho a la ciudad de las que hablamos el otro día en el foro de la movilidad y con las que estamos, obviamente de acuerdo? Hay otras medidas acordadas y pendientes que, simplemente, recuerdo; esa necesaria tarjeta Millennium Sin Barreras para personas en situación de vulnerabilidad con diversidad funcionales, que acordamos, también, con el Gobierno municipal en el pacto de investidura y de la que no tenemos noticias o la **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** puesta en marcha de la app Millennium Próxima para el pago del transporte público a través del móvil y cuya implantación inmediata fue anunciada en varias ocasiones.*

*Nada más.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora Delso.*

*Señor Díaz Villoslada, tiene la palabra.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Señor Deus, aunque la moción que presentan se circunscribe a medidas respecto del transporte público urbano, realmente la viene a utilizar para hacer gala de las políticas más autonómicas en*

transporte interurbano. Está ben pero eu creo que se trata máis de centrar na cuestión. Por certo, en transporte metropolitano seguimos agardando a que a Xunta de Galicia diga algo sobre esa posible necesidade de xestión metropolitana do transporte de cara a esa conformación da autoridade única do transporte metropolitano pero, sobre esas políticas de transporte non se fala, non interesa, e son as que realmente en grande medida poden dar solucións a problemas urbanos e problemas da primeira coroa metropolitana da Coruña.

**Ás dezasete horas e dez minutos entra no Salón de Sesiós o señor Lage Tuñas.**

Eu supoño que a moción que presentan estaba descontextualizada porque está asinada o 9 de setembro respecto da sentenza que coñecemos todos que vén de dar o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia o 1 de outubro pasado e nese sentido apelaba ao sentido común á hora de tomar decisións neste ámbito e iso é o que o Goberno municipal vai facer. Por iso anuncio que ímonos abster nesta moción, ímonos abster respecto da emenda da moción precisamente desde esa perspectiva, tendo en conta que hai unha sentenza recentemente ditada que revoca os acordos do anterior Goberno municipal sobre a redución da tarifa do transporte público urbano de autobús, sentenza que estamos a estudar para analizar a súa posible impugnación casacional ou no seu defecto de cara á necesaria execución, pero sempre, evidentemente, dentro do que é a defensa máis pensada do que son os intereses municipais. Por iso, neste contexto, como lle dicía, contextualizando a moción a este momento procesual, poderíamos dicir, estaríamos sendo

*transporte interurbano. Está bien pero yo creo que hay que centrarse más en la cuestión. Por cierto, en transporte metropolitano seguimos esperando a que la Xunta de Galicia diga algo sobre esa posible necesidad de gestión metropolitana del transporte de cara a esa conformación de la autoridad única del transporte metropolitano pero, sobre esas políticas de transporte no se habla, no interesa, y son las que realmente en gran medida pueden dar soluciones a problemas urbanos y problemas de la primera corona metropolitana de A Coruña.*

**A las diecisiete horas y diez minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Lage Tuñas.**

*Yo supongo que la moción que presentan estaba descontextualizada porque está firmada el 9 de septiembre respecto de la sentencia que conocemos todos que ha dado el Tribunal Superior de Justicia de Galicia el 1 de octubre pasado y en ese sentido apelaba al sentido común a la hora de tomar decisiones en este ámbito y eso es lo que el Gobierno municipal va a hacer. Por eso anuncio que nos vamos a abstener en esta moción, nos vamos a abstener respecto de la enmienda de la moción precisamente desde esa perspectiva, toda vez que hay una sentencia recién dictada que revoca los acuerdos del anterior Gobierno municipal sobre la reducción de la tarifa del transporte público urbano de autobús, sentencia que estamos estudiando para analizar su posible impugnación casacional o en su defecto de cara a la necesaria ejecución, pero siempre, evidentemente, dentro de lo que es la defensa más pensada de lo que son los intereses municipales. Por eso, en este contexto, como le decía, contextualizando la moción a este momento procesal, podríamos decir, que estaríamos siendo*



imprudentes se aceptáramos nestes momentos esta moción.

A sentenza, opinable, evidentemente, porque eu podo defender o obxecto principal do acordo que se tomara, o obxecto social e de favorecer ao transporte público colectivo, neste caso, no autobús urbano, pero, lóxicamente, calquera finalidade hai que instrumentala xuridicamente ben e esa é a cuestión que un pouco formula a sentenza cando nos di que: *a cuestión non é o que fixo a administración, pode entrar dentro do razoable e proporcionado, a cuestión é se a administración actuou conforme ás normas da concesión.*

Insisto, estamos a estudar a posible impugnación e casación desta sentenza e as decisións se tomarán desde a perspectiva máis xurídica e institucional na defensa dos intereses municipais, pero como xa teño dito ou reiterado noutros debates e aínda que todos compartimos que o transporte en autobús na cidade é o principal elemento de mobilidade porque é o que é capaz de mover máis número de viaxeiros e estando, ademais, diante dunha necesaria nova licitación de cara a 2024, resultado tamén, doutro proceso xudicial, non procede, nestes momentos e o digo claramente e o veño dicindo, acometer unha reforma global da malla de bus urbano, porque temos que preparar unha nova licitación e temos que tratar de ir mellorando, si, progresivamente, algunhas liñas. Estamos a traballar, como saben, na liña 11, no reforzo da 14 e si que estamos traballando na conformación dunha posible nova liña que lle dea mellor **(óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención)** Novo Mesoiro e a Someso. Pero

*imprudentes si aceptásemos en estos momentos esta moción.*

*La sentencia, opinable, evidentemente, porque yo puedo defender el objeto principal del acuerdo que se había tomado, el objeto social y de favorecer al transporte público colectivo, en este caso, en el autobús urbano, pero, lógicamente, cualquier finalidad hay que instrumentarla jurídicamente bien y esa es la cuestión que un poco formula la sentencia cuando nos dice que: la cuestión no es lo que hizo la administración, puede entrar dentro de lo razonable y proporcionado, la cuestión es si la administración actuó conforme a las normas de la concesión.*

*Insisto, estamos estudiando la posible impugnación y casación de esta sentencia y las decisiones se tomarán desde la perspectiva más jurídica e institucional en la defensa de los intereses municipales, pero como ya he dicho o reiterado en otros debates y aunque todos compartimos que el transporte en autobús en la ciudad es el principal elemento de movilidad porque es el que es capaz de mover mayor número de viajeros y estando, además, ante una necesaria nueva licitación de cara a 2024, resultado también, de otro proceso judicial, no procede, en estos momentos y lo digo claramente y lo vengo diciendo, acometer una reforma global de la malla de bus urbano, porque tenemos que preparar una nueva licitación y tenemos que tratar de ir mejorando, sí, progresivamente, algunas líneas. Estamos trabajando, como saben, en la línea 11, en el refuerzo de la 14 y si que estamos trabajando en la conformación de una posible nueva línea que le dé mejor **(se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención)** Novo Mesoiro y a Someso. Pero necesitamos un marco jurídico estable y, por supuesto, también, un marco*



necesitamos un marco xurídico estable e, por suposto, tamén, un marco orzamentario estable nestas conversas orzamentarias, para poder traballar de cara ao futuro en mellor réxime de bonificacións a menores de 18, menores de 26 ou a maiores de 65 anos.

Insisto, para rematar, que temos un bo servizo público de transporte en autobús, o din os indicadores comparativos do Observatorio de Mobilidade Metropolitana de todo o país, mellorable, si, pero temos bos indicadores, tanto no nivel da oferta como no nivel da demanda. En todo caso, insisto, temos que preparar unha nova licitación nun marco xurídico estable, que aínda descoñecemos porque aínda a sentenza non é firme, e necesitamos, tamén, un marco orzamentario que nos permitira avanzar en un mellor réxime de bonificacións. Máis nada. Grazas.

#### **Presidencia**

Moitas grazas.

Remata o debate e procedemos á votación. Entendo que non aceptan a emenda.

#### **Señor Deus Álvarez**

*Non, señora alcaldesa, porque desvirtúa o obxecto da moción nestes momentos.*

#### **Presidencia**

Moi ben, moitas grazas, señor Deus.

Procedemos, primeiro, á votación da emenda e despois, de non prosperar esta, a votación da moción.

#### **Votación da emenda presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica**

*presupuestario estable en estos diálogos presupuestarios, para poder trabajar de cara al futuro en un mejor régimen de bonificaciones a menores de 18, menores de 26 o a mayores de 65 años.*

*Insisto, para finalizar, que tenemos un buen servicio público de transporte en autobús, lo dicen los indicadores comparativos del Observatorio de Movilidad Metropolitana de todo el país, mejorable, sí, pero tenemos buenos indicadores, tanto en el nivel de la oferta como en el nivel de la demanda. En todo caso, insisto, tenemos que preparar una nueva licitación en un marco jurídico estable, que aún desconocemos porque aún la sentencia no es firme, y necesitamos, también, un marco presupuestario que nos permita avanzar en un mejor régimen de bonificaciones. Nada más. Gracias.*

#### **Presidencia**

*Muchas gracias.*

*Finaliza el debate y procedemos a la votación. Entiendo que no aceptan la enmienda.*

#### **Señor Deus Álvarez**

*No, señora alcaldesa, porque desvirtúa el objeto de la moción en estos momentos.*

#### **Presidencia**

*Muy bien, muchas gracias, señor Deus.*

*Procedemos, primero, a la votación de la enmienda y después, de no prosperar esta, la votación de la moción.*

#### **Votación de la enmienda presentada por el Grupo Municipal de la Marea**





**á terceira moción do Grupo Municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a emenda presentada polo Grupo Municipal da Marea Atlántica á terceira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, sobre transporte público urbano de viaxeiros, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstencións).

Vota en contra o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 votos).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Abstense a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

**Presidencia**

Queda rexeitada.

**Votación da terceira moción do Grupo Municipal do Partido Popular**

Seguidamente pola Presidencia sométese a votación a terceira moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, sobre transporte público urbano de viaxeiros, producíndose o seguinte resultado:

Abstense o Grupo Municipal do Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstencións).

**Atlántica a la tercera moción del Grupo Municipal del Partido Popular**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la enmienda presentada por el Grupo Municipal de la Marea Atlántica a la tercera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre transporte público urbano de viajeros, produciéndose el siguiente resultado:*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstenciones).*

*Vota en contra el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 votos).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 abstención).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

**Presidencia**

*Queda rechazada.*

**Votación de la tercera moción del Grupo Municipal del Partido Popular**

*Seguidamente por la Presidencia se somete a votación la tercera moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular, sobre transporte público urbano de viajeros, produciéndose el siguiente resultado:*

*Se abstiene el Grupo Municipal del Partido Socialista (PSdeG-PSOE) (9 abstenciones).*



Vota a favor o Grupo Municipal do Partido Popular (PP) (9 votos).

Abstense o Grupo Municipal da Marea Atlántica (MA) (5 abstencións).

Vota a favor o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (2 votos).

Abstense a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 abstención).

Vota a favor a concelleira non adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).

#### **Presidencia**

Queda aprobada.

**162. Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre transporte público urbano de viaxeiros**

#### **Acordo**

1. Establecer a gratuidade do transporte público urbano de viaxeiros para menores de 18 anos.

2. Crear bonos de carácter semanal, mensual, etc. con viaxes ilimitadas durante ese período.

3. Poñer en marcha novas liñas de autobús urbano, mellorando así as frecuencias e chegando a toda a cidade.

#### **Presidencia**

Rematamos o debate das mocións. Pasamos xa ás preguntas de resposta oral.

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POLO**

*Vota a favor el Grupo Municipal del Partido Popular (PP) (9 votos).*

*Se abstiene el Grupo Municipal de la Marea Atlántica (MA) (5 abstenciones).*

*Vota a favor el Grupo Municipal del Bloque Nacionalista Galego (2 votos).*

*Se abstiene la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Mónica Martínez Lema (1 abstención).*

*Vota a favor la concejala no adscrita D.<sup>a</sup> Isabel Faraldo Calvo (1 voto).*

#### **Presidencia**

*Queda aprobada.*

**162. Moción presentada por el Grupo Municipal del Partido Popular sobre transporte público urbano de viajeros**

#### **Acuerdo**

*1. Establecer la gratuidad del transporte público urbano de viajeros para menores de 18 años.*

*2. Crear bonos de carácter semanal, mensual, etc. con viajes ilimitados durante ese período.*

*3. Poner en marcha nuevas líneas de autobús urbano, mejorando así las frecuencias y llegando a toda la ciudad.*

#### **Presidencia**

*Terminamos el debate de las mociones. Pasamos ya a las preguntas de respuesta oral.*

**PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO**



**GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO**

**Primeira. Pregunta de resposta oral  
sobre a Casa Cornide.**

**Presidencia**

Ten a palabra o Bloque Nacionalista Galego para a súa pregunta sobre a Casa Cornide.

Bueno, non pasa nada se queren facer a outra. A ver, esperamos, esperamos, non pasa nada.

**Señor Jorquera Caselas**

Se non hai inconveniente empezamos pola do elevador do Monte de San Pedro.

**Presidencia**

Empezamos polo final, elevador do Monte de San Pedro.

Non, Casa Cornide, veña, Casa Cornide? Si? Vamos.

**Señora Veira González**

Descúlpeme que perdín os papeis literalmente.

Que pasos está a dar o Goberno local para avanzar no camiño cara á recuperación da Casa Cornide para as coruñesas e os coruñeses?

**Señor Celemín Santos**

*Os pasos xustos e necesarios.*

**Señora Veira González**

Señor Celemín, nunca defrauda.

**MUNICIPAL DEL BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO**

**Primera. Pregunta de respuesta oral  
sobre la Casa Cornide.**

**Presidencia**

Tiene la palabra el Bloque Nacionalista Galego para su pregunta sobre la Casa Coride.

Bueno, no pasa nada si quieren hacer la otra. A ver, esperamos, no pasa nada.

**Señor Jorquera Caselas**

Si no hay inconveniente empezamos por la del elevador del Monte de San Pedro.

**Presidencia**

Empezamos por el final, elevador del Monte de San Pedro.

No, Casa Cornide, venga, ¿Casa Cornide? ¿Sí? Vamos.

**Señora Veira González**

Discúlpeme que perdí los papeles literalmente.

¿Qué pasos está dando el Gobierno local para avanzar en el camino hacia la recuperación de la Casa Cornide para las coruñesas y los coruñeses?

**Señor Celemín Santos**

Los pasos justos y necesarios.

**Señora Veira González**

Señor Celemín, nunca defrauda.

Con esta pregunta o que queremos coñecer son dúas cuestións ao redor da Casa Cornide e apuntar outras cuestións ao redor da memoria democrática.

As dúas preguntas que lle queremos facer directamente ao Goberno local sobre a Casa Cornide son: primeiro, cando vai presentar a demanda xudicial para recuperar para o público a Casa Cornide, tendo en conta que hai 9 meses que o Goberno local ten no seu poder o informe de tres profesores da Universidade da Coruña que explican que esa demanda é viábel e como se podería enfocar?

**Ás dezasete horas e dezaseis minutos sae do Salón de Sesiós a señora Rey García e pasa a presidir a sesión o señor Borrego Vázquez.**

Dende a Marea Atlántica pedimos que, antes de iniciar a licitación de parques e xardíns, xa o pedimos hai 5 meses, se expuxeran os pregos publicamente, porque entendemos que é unha maneira de enriquecelos, non só coas aportacións dos partidos políticos, senón tamén da plantilla, da veciñanza, dos ecoloxistas, etc., etc., tendo en conta que é un contrato importante para a cidade, o de conservación de zonas verdes. Pero non se expuxeron, non hai avances, non se iniciou a licitación.

Tampouco sabemos, aínda que pedimos a información varias veces, en que se investiu a bolsa de melloras de parques e xardíns, que case son 4 millóns de euros anuais. En 2 anos, 2019, 2020, deberían terse investido 7 millóns de euros nas zonas verdes que, á marxe do mantemento rutinario, rematan notándose. Durante o mandato da Marea Atlántica fixéronse as hortas, fixéronse as áreas caninas, fixéronse o plan de infraestrutura verde, fixéronse un montón de traballos, o plan e expansión do arborado, incrementouse o arborado un 10 % e iso remátase vendo na cidade. Tampouco sabemos nada, aínda que presentamos un recurso de reposición. Faltaríanos acudir á valedora do pobo.

As hortas están desatendidas, non se ampliaron as hortas, non se construíron hortas novas, non se relevaron, tampouco as parcelas, nin se deu

*del comité de parque y jardines, por la mañana se manifestaban los de la planta de tratamiento y todos se quejan, la verdad, de falta de interlocución. En este caso, en parques y jardines demandan que se repiense la distribución por lotes, que se garanticen que se van a cubrir las bajas y otras cuestiones de garantías laborales y salariales.*

*Desde la Marea Atlántica pedimos que, antes de iniciar la licitación de parques y jardines, ya lo pedimos hace 5 meses, se expusieran los pliegos públicamente, porque entendemos que es una manera de enriquecerlos, no solo con las aportaciones de los partidos políticos, sino también de la plantilla, del vecindario, de los ecologistas, etc., etc., toda vez que es un contrato importante para la ciudad, el de conservación de zonas verdes. Pero no se expusieron, no hay avances, no se inició la licitación.*

*Tampoco sabemos, aunque pedimos la información varias veces, en qué se invirtió la bolsa de mejoras de parques y jardines, que casi son 4 millones de euros anuales. En 2 años, 2019, 2020, deberían haberse invertido 7 millones de euros en las zonas verdes que, al margen del mantenimiento rutinario, acaban notándose. Durante el mandato de la Marea Atlántica se hicieron las huertas, se hicieron las áreas caninas, se hicieron el plan de infraestructura verde, se hicieron un montón de trabajos, el plan y expansión del arbolado, se incrementó el arbolado un 10 % y eso se acaba viendo en la ciudad. Tampoco sabemos nada, aunque presentamos un recurso de reposición. Nos faltaría acudir a la valedora del pueblo.*

*Las huertas están desatendidas, no se ampliaron las huertas, no se construyeron huertas nuevas, no se relevaron, tampoco las parcelas, ni se dio solución a las*

solución ás persoas xa veteranas que queren seguir utilizándoas, e tamén as novas que queren entrar a formar parte deste equipamento municipal. Paralizouse o plan de infraestrutura verde e creo que se está perdendo a oportunidade de acudir ás convocatorias dos Next Generation que, por exemplo, poderían axudar a implementar o parque-cidade no Birloque, unha iniciativa preciosa que tenta poñer en valor o corredor ecolóxico do río de Monelos.

O peor de todo é que esta inacción que se ve simplemente no manexo e na xestión dos parques e xardíns se ve tamén noutras áreas da Concellaría de Medio Ambiente. Na xestión de residuos temos a planta de Nostián sen licitar, non se están executando as melloras do contrato de recollida para a prevención de residuos, non hai política de benestar animal, non hai proxectos nin medidas relativas á calidade das augas, en cambio climático practicamente nada que aportar e a verdade é que nos preguntamos se está pasando algo na Concellaría de Medio Ambiente. Agora o BNG pois acaba de poñer enriba da mesa outra cuestión que é preocupante.

**Ás dezasete horas e corenta e un minutos entra no Salón de Sesións o señor Coira Andrade e sae a señora Veira González.**

Nos sorprende que as intervencións da concelleira vaian habitualmente no sentido de defender as empresas concesionarias ás que, ao fin e ao cabo, se lles paga para que presten un servizo. En realidade, se defende as empresas concesionarias e se abronca a cidadanía, que é unha cuestión que nos chama moito a atención. E a verdade é que cremos que tal e como está a Concellaría de Medio Ambiente, mellor sería

*personas ya veteranas que quieren seguir utilizándolas, y también las nuevas que quieren entrar a formar parte de este equipamiento municipal. Se paralizó el plan de infraestructura verde y creo que se está perdiendo la oportunidad de acudir a las convocatorias de los Next Generation que, por ejemplo, podrían ayudar a implementar el parque-ciudad en el Birloque, una iniciativa preciosa que intenta poner en valor el corredor ecológico del río de Monelos.*

*Lo peor de todo es que esta inacción que se ve simplemente en el manejo y en la gestión de los parques y jardines se ve también en otras áreas de la Concejalía de Medio Ambiente. En la gestión de residuos tenemos la planta de Nostián sin licitar, no se están ejecutando las mejoras del contrato de recogida para la prevención de residuos, no hay política de bienestar animal, no hay proyectos ni medidas relativas a la calidad de las aguas, en cambio climático prácticamente nada que aportar y la verdad es que nos preguntamos si está pasando algo en la Concejalía de Medio Ambiente. Ahora el BNG pues acaba de poner encima de la mesa otra cuestión que es preocupante.*

**A las diecisiete horas y cuarenta y un minutos entra en el Salón de Sesiones el señor Coira Andrade y sale la señora Veira González.**

*Nos sorprende que las intervenciones de la concejala vayan habitualmente en el sentido de defender las empresas concesionarias a las que, al fin y al cabo, se les paga para que presten un servicio. En realidad, se defiende a las empresas concesionarias y se abronca a la ciudadanía, que es una cuestión que nos llama mucho la atención. Y la verdad es que creemos que tal y como está la Concejalía de Medio Ambiente, mejor*

concentrarse en que o traballo avance, que sexa máis eficaz e que ao final se cumpla (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) –e acabo– xa que non hai unha aposta decidida polas políticas medio ambientais, polo menos, as cuestións de trámite da concellería non se poden ter desta maneira. Moitas grazas.

### **Señora Fontán Prado**

Ben, efectivamente o contrato de xardíns está en prórroga dende o mes de xuño e lle podo garantir que aos que máis présa lles ten rematar é a nós. Se vostede recorda, vostede lembra, na última comisión informativa que tivemos, falamos precisamente longo e tendido destes pregos e, bueno, xa expliquei alí, precisamente porque seguíamos coa idea da redistribución en 4 lotes e non en un, e parecía que todos habíamos entendido perfectamente a explicación, por tanto, non me vou, unha vez máis, a estender nela. Voume estender no momento en que estamos con respecto aos pregos.

Os pregos teñen 4 fases. A primeira delas é un prego de prescricións técnicas, feita; uns anexos de inventario, documentación gráfica e listados, feitos; un cadro de características do contrato, feitos; e un estudo económico que está finalizándose agora mesmo, e é precisamente por unha subida, unha subida que vai... ciméntase en que hai un incremento de superficie para este prego con respecto ao prego anterior dun 30,66 %, e do arborado dun 388 % con respecto ao prego do ano 2015. O contrato agrupa a infraestrutura verde da cidade en 4 lotes, os 3 primeiros abarcan espacialmente todo o ámbito territorial do Concello da Coruña, concentrándose o lote 2 nunha gran parte dos parques,

*sería concentrarse en que el trabajo avance, que sea más eficaz y que al final se cumpla (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) –y acabo– ya que no hay una apuesta decidida por las políticas medio ambientales, por lo menos, las cuestiones de trámite de la concejalía no se pueden tener de esta manera. Muchas gracias.*

### **Señora Fontán Prado**

*Bien, efectivamente el contrato de jardines está en prórroga desde el mes de junio y le puedo garantizar que a los que más prisa les tiene finalizar es a nosotros. Si usted recuerda, usted recuerda, en la última comisión informativa que tuvimos, hablamos precisamente largo y tendido de estos pliegos y, bueno, ya expliqué allí, precisamente porque seguíamos con la idea de la redistribución en 4 lotes y no en uno, y parecía que todos habíamos entendido perfectamente la explicación, por tanto, no me voy, una vez más, a extender en ella. Me voy a extender en el momento en que estamos con respeto a los pliegos.*

*Los pliegos tienen 4 fases. La primera de ellas es un pliego de prescripciones técnicas, hecha; unos anexos de inventario, documentación gráfica y listados, hechos; un cuadro de características del contrato, hechos; y un estudio económico que está finalizándose ahora mismo, y es precisamente por una subida, una subida que va... se cimienta en que hay un incremento de superficie para este pliego con respecto al pliego anterior de un 30,66 %, y del arbolado de un 388 % con respecto al pliego del año 2015. El contrato agrupa la infraestructura verde de la ciudad en 4 lotes, los 3 primeros abarcan espacialmente todo el ámbito territorial del Ayuntamiento de A Coruña, concentrándose el lote 2 en una gran parte*



xardíns e prazas arboradas de interés especial, xa sexa pola presenza de especies de alto valor vegetal ou polo seu carácter histórico, cultural, turístico, etc. O cuarto lote está reservado a centros especiais de emprego e empresas de inserción, destinado á conservación e mantemento das zonas verdes interiores dos cemiterios municipais, os hortos urbanos, á case totalidade das xardineiras situadas en espazos públicos de todo o ámbito municipal e as zonas axardinadas de varios centros municipais. Establecéronse 4 niveis de mantemento segundo as necesidades de intervención, tipoloxía dos traballos e frecuencia dos mesmos. Tres deles son de aplicación en espazos urbanizados e axardinados e o cuarto se reserva para mantemento, conservación e mellora de espazo sen urbanizar e/ou espazos urbanizados naturalizados.

Ademais desta clasificación inclúense outras categorías que contan cun programa de xestión específico, como son estanques naturalizados, hortos urbanos, áreas de esparcemento canino e xardineiras. Por outra parte, dada a importancia e o peso que deben ter na infraestrutura verde, estableceuse uns programas específicos para a xestión de todo o arbolado da cidade, contemplando o coste económico de todos e cada un dos exemplares existentes. Esta circunstancia difire substancialmente respecto do contrato vixente, xa que nel só se valoraba o mantemento unitario do arbolado viario e do monumental. Neste novo contrato contéplase tanto estes como os situados en zonas axardinadas e incluso en zonas forestais.

Engadir, ademais, que se establece un capítulo de sanidade vexetal na que o emprego de produtos fitosanitarios está

*de los parques, jardines y plazas arboladas de interés especial, ya sea por la presencia de especies de alto valor vegetal o por su carácter histórico, cultural, turístico, etc. El cuarto lote está reservado a centros especiales de empleo y empresas de inserción, destinado a la conservación y mantenimiento de las zonas verdes interiores de los cementerios municipales, los huertos urbanos, a la casi totalidad de las jardineras ubicadas en espacios públicos de todo el ámbito municipal y las zonas ajardinadas de varios centros municipales. Se establecieron 4 niveles de mantenimiento según las necesidades de intervención, tipología de los trabajos y frecuencia de los mismos. Tres de ellos son de aplicación en espacios urbanizados y ajardinados y el cuarto se reserva para mantenimiento, conservación y mejora de espacio sin urbanizar y/o espacios urbanizados naturalizados.*

*Además de esta clasificación se incluyen otras categorías que cuentan con un programa de gestión específico, como son estanques naturalizados, huertos urbanos, áreas de esparcimiento canino y jardineras. Por otra parte, dada la importancia y el peso que deben tener en la infraestructura verde, se estableció unos programas específicos para la gestión de todo el arbolado de la ciudad, contemplando el coste económico de todos y cada uno de los ejemplares existentes. Esta circunstancia difiere sustancialmente respecto del contrato vigente, ya que en él solo se valoraba el mantenimiento unitario del arbolado viario y del monumental. En este nuevo contrato se contempla tanto estos como los ubicados en zonas ajardinadas e incluso en zonas forestales.*

*Añadir, además, que se establece un capítulo de sanidad vegetal en la que el empleo de productos fitosanitarios está*





moi restrinxido e se establece tamén unha pequena partida para realizar un estudo e plan de radicación da flora exótica invasora, para o cal tamén entraremos en conversas persoalmente coa Consellería de Medio Ambiente, que sabemos que ten un plan no que se refire ao plumacho.

Decirlle, asemade, que no tema que falan vostedes das hortas urbanas, están previstas sacar a adxudicación en breve, se pode ser antes do nadal, pero queríamos que remataran todas as concesións vixentes para facer a adxudicación todas ao mesmo tempo.

Nada máis e moitas grazas.

### **Presidencia**

Moitas grazas, señora García e señora Fontán.

Segunda pregunta da Marea Atlántica.

**Segunda. Pregunta de resposta oral sobre as tarifas de bus urbano.**

### **Señora García Gómez**

Si, grazas.

Cando ten previsto Inés Rey desbloquear a bonificación do billete de bus a menores de 26 e maiores de 65 acordadas coa Marea Atlántica na investidura?

### **Señor Díaz Villoslada**

Si, señora García, non é por quitarlle importancia ao asunto, porque a ten e o sabemos, e case un pouco da mesma liña na intervención anterior en relación coa moción de Marea, entendo que a pregunta está formulada antes de que se

*muy restringido y se establece también una pequeña partida para realizar un estudio y plan de radicación de la flora exótica invasora, para lo cual también entraremos en conversaciones personalmente con la Consellería de Medio Ambiente, que sabemos que tiene un plan en el que se refiere al plumacho.*

*Decirle, al mismo tiempo, que en el tema que hablan ustedes de las huertas urbanas, están previstas sacar la adjudicación en breve, se puede ser antes de la navidad, pero me los quería que habían finalizado todas las concesiones vigentes para hacer la adjudicación todas al mismo tiempo.*

*Nada más y muchas gracias.*

### **Presidencia**

*Muchas gracias, señora García y señora Fontán.*

*Segunda pregunta de la Marea Atlántica.*

***Segunda. Pregunta de respuesta oral sobre las tarifas de bus urbano.***

### **Señora García Gómez**

*Sí, gracias.*

*¿Cuándo ha previsto Inés Rey desbloquear la bonificación del billete de bus a menores de 26 y mayores de 65 acordadas con la Marea Atlántica en la investidura?*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí, señora García, no es por quitarle importancia al asunto, porque la tiene y lo sabemos, y casi un poco de la misma línea en la intervención anterior en relación con la moción de Marea, entiendo que la pregunta está formulada antes de que se*

ditara a sentenza á que vimos facendo referencia do Tribunal Superior que revoca ese acordo que se tomara de redución da tarifa, e este réxime de bonificacións, que é certo que está no acordo de investidura e sobre o que temos que traballar, non estaba bloqueado senón que estaba, por dicilo dunha forma, sub iúdice, entón necesitamos ese marco xurídico estable e un marco orzamentario no que temos que seguir traballando.

### **Señora García Gómez**

Si. En 2018, tras un longo proceso que se inicia xa en 2017 e culmina en 2019 coa súa implementación práctica, o Goberno de Xulio Ferreiro baixa, por primeira vez na historia da concesión, o billete do bus. O número de viaxes nese mesmo ano de baixada de tarifas se incrementa rapidamente ata 1 millón de viaxes anualmente. Os tribunais en primeira instancia avalan a medida, pero esta semana, efectivamente, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla en contra. É unha sentenza que se pode recorrer e nós consideramos que se debe recorrer.

O deber de Inés Rey agora mesmo é esgotar as vías legais e defender con contundencia o interese xeral da Coruña. Pola Coruña, pero non só pola Coruña, porque aquí, neste caso, hai moito máis en xogo. Non somos os únicos que discrepan, dende o respecto, coa sentenza. Para discrepar cunha sentenza se habilitaron os recursos xudiciais e outros que discreparon foron os tribunais do contencioso-administrativo en primeira instancia, que nos deu a razón en base a dous argumentos fundamentais: a normativa europea permite revisar unha concesión, sobre todo as concesións relativas a transportes

*hubiera dictado la sentencia a la que venimos haciendo referencia del Tribunal Superior que revoca ese acuerdo que se había tomado de reducción de la tarifa, y este régimen de bonificaciones, que es cierto que está en el acuerdo de investidura y sobre el que tenemos que trabajar, no estaba bloqueado sino que estaba, por decirlo de una forma, sub iúdice, entonces necesitamos ese marco jurídico estable y un marco presupuestario en el que tenemos que seguir trabajando.*

### **Señora García Gómez**

*Sí. En 2018, tras un largo proceso que se inicia ya en 2017 y culmina en 2019 con su implementación práctica, el Gobierno de Xulio Ferreiro baja, por primera vez en la historia de la concesión, el billete del bus. El número de viajes en ese mismo año de bajada de tarifas se incrementa rápidamente hasta 1 millón de viajes anualmente. Los tribunales en primera instancia avalan la medida, pero esta semana, efectivamente, el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla en contra. Es una sentencia que se puede recurrir y nosotros consideramos que se debe recurrir.*

*El deber de Inés Rey ahora mismo es agotar las vías legales y defender con contundencia el interés general de A Coruña. Por A Coruña, pero no solo por A Coruña, porque aquí, en este caso, hay mucho más en juego. No somos los únicos que discrepan, desde el respeto, con la sentencia. Para discrepar con una sentencia se habilitaron los recursos judiciales y otros que discreparon fueron los tribunales de lo contencioso-administrativo en primera instancia, que nos dio la razón en base a dos argumentos fundamentales: la normativa europea permite revisar una concesión, sobre todo las concesiones relativas a transportes*

por razóns de interese público cando se produce un beneficio excesivo, e o interese público da medida que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sorprendentemente cuestiona, é manifesto cando se trata de evitar que a cidadanía teña que asumir un sobrepago, abonar máis do necesario por un servizo esencial.

Neste caso de Tranvías, as condicións cúmprense, os beneficios excesivos da Compañía de Tranvías son evidentes. Tranvías é un exemplo máis das concesións feitas a medida do interese empresarial e da obtención dun lucro abusivo a costa de todos e de todas.

Dende 1977, durante o reinado de Paco Vázquez, o prezo do billete non fixo máis que subir, porque a concesión estaba deseñada precisamente para iso, para que a tarifa do bus só se puidera revalorizar, sempre subir, incluso durante as crises económicas máis graves, como foi o estoupido da burbulla inmobiliaria. Neste sentido, entendemos as cautelas do Bloque Nacionalista Galego cando se fala da tarifa, pero temos que lembrar que cando o bipartito, precisamente, tralo estoupido da burbulla inmobiliaria, o billete do bus seguiu subindo.

Tanto antes como despois da baixada do billete, os beneficios de Tranvías superaron os 3.000.000 € e os dividendos que se repartiron entre os accionistas non variaron, mantivéronse nos 2.600.000 €. O que si baixou foi o reinvestimento no mantemento e nas melloras do servizo: 0 € dende os últimos –teño entendido que– 7 anos.

Malia todo, Tranvías recibiu 5.000.000 € do Estado para compensar os desequilibrios causados pola pandemia.

*por razones de interés público cuando se produce un beneficio excesivo, y el interés público de la medida que el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sorprendentemente cuestiona, es manifesto cuando se trata de evitar que la ciudadanía tenga que asumir un sobrepago, abonar más de lo necesario por un servicio esencial.*

*En este caso de Tranvías, las condiciones se cumplen, los beneficios excesivos de la Compañía de Tranvías son evidentes. Tranvías es un ejemplo más de las concesiones hechas a medida del interés empresarial y de la obtención de un lucro abusivo a costa de todos y de todas.*

*Desde 1977, durante el reinado de Paco Vázquez, el precio del billete no hizo más que subir, porque la concesión estaba diseñada precisamente para eso, para que la tarifa del bus solo se pudiera revalorizar, siempre subir, incluso durante las crisis económicas más graves, como fue la explosión de la burbuja inmobiliaria. En este sentido, entendemos las cautelas del Bloque Nacionalista Galego cuando se habla de la tarifa, pero tenemos que recordar que cuando el bipartito, precisamente, tras la explosión de la burbuja inmobiliaria, el billete del bus siguió subiendo.*

*Tanto antes como después de la bajada del billete, los beneficios de Tranvías superaron los 3.000.000 € y los dividendos que se repartieron entre los accionistas no variaron, se mantuvieron en los 2.600.000 €. Lo que sí bajó fue la reinversión en el mantenimiento y en las mejoras del servicio: 0 € desde los últimos –tengo entendido que– 7 años.*

*A pesar de todo, Tranvías recibió 5.000.000 € del Estado para compensar los desequilibrios causados por la pandemia. Siempre es bueno recordar que*

Sempre é bo lembrar que os beneficios de Tranvías son 30 veces superiores aos da súa homóloga en Vigo, Vitrasa.

A medida adoptada pola Marea Atlántica non pretendía evitar o sobrepago, perdón, non pretendía evitar os beneficios de Tranvías, senón o sobrepago que lastra realmente as aportacións da cidadanía, e había marxe para iso porque había beneficios excesivos. Séguenos habendo, por iso cremos que inda segue sendo posible as bonificacións a menores de 25 e a maiores de 65. **(Óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención).**

Si, o interese casacional de recorrer a sentenza é evidente e cremos que o Goberno de Inés Rey debe defendelo con vehemencia. O dereito europeo debe aplicarse e permite modificar unha concesión en vigor e adaptala a ese interese xeral. Existe xurisprudencia abonda do TXUE que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia debería ter en conta.

Falamos de Tranvías pero hai outras moitas concesións do vazquismo que seguimos pagando cos cartos de todos e todas. Estamos pensando, por exemplo, no Pazo da Ópera, na planta de Nostián ou no propio elevador do Monte de San Pedro. Falamos de transporte público agora pero poderíamos falar da electricidade, da xestión do lixo, das residencias de maiores. Son todos servizos esenciais que se converteron nunha lucrativa fonte de beneficios a custa das nosas necesidades **(óense dous sinais acústicos indicativos da finalización do tempo de intervención).**

Aquí está moito máis en xogo que o prezo do transporte público. Hai unha

*los beneficios de Tranvías son 30 veces superiores a los de su homóloga en Vigo, Vitrasa.*

*La medida adoptada por la Marea Atlántica no pretendía evitar el sobrepago, perdón, no pretendía evitar los beneficios de Tranvías, sino el sobrepago que lastra realmente las aportaciones de la ciudadanía, y había margen para eso porque había beneficios excesivos. Los sigue habiendo, por eso creemos que todavía siguen siendo posible las bonificaciones a menores de 25 y a mayores de 65. **(Se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención).***

*Sí, el interés casacional de recurrir la sentencia es evidente y creemos que el Gobierno de Inés Rey debe defenderlo con vehemencia. El derecho europeo debe aplicarse y permite modificar una concesión en vigor y adaptarla a ese interés general. Existe jurisprudencia suficiente del TJUE que el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia debería tener en cuenta.*

*Hablamos de Tranvías pero hay otras muchas concesiones del vazquismo que seguimos pagando con el dinero de todos y todas. Estamos pensando, por ejemplo, en el Palacio de la Ópera, en la planta de Nostián o en el propio elevador del Monte de San Pedro. Hablamos de transporte público ahora pero podríamos hablar de la electricidad, de la gestión de la basura, de las residencias de mayores. Son todos servicios esenciales que se convirtieron en una lucrativa fuente de beneficios a costa de nuestras necesidades **(se oyen dos señales acústicas indicativas de la finalización del tiempo de intervención).***

*Aquí está mucho más en juego que el precio del transporte público. Hay una*





cuestión de que prevalece, se o interese xeral ou o lucro empresarial abusivo, e se o Goberno, un goberno elixido democraticamente, pode tomar decisións sen beneficio da cidadanía ou se ten que se dobreoar ante ese poder económico que non se presenta ás eleccións pero al final remata mandando máis do que parece. Moitas grazas.

### **Señor Díaz Villoslada**

Si, señora García, eu, de verdade que sen acritude, pero eu creo que convén ir abandonando tópicos, sobre todo cando recaen sentenzas, pronunciamentos xudiciais que, evidentemente, podemos compartir ou non compartir, que temos que acatar e se son susceptibles de impugnación, pois teremos que impugnar en función dos intereses municipais.

Digo que isto de agora, estender unha mancha de sospeita sobre o conxunto do réxime concesional municipal non parece o máis acaído despois de sufrir un varapalo xudicial como este. Outra cousa é que a sentenza fora positiva, eu estaría encantado de que fora positiva a sentenza do Tribunal Superior, porque podemos concordar, e así estamos acordando neste diálogo e en acordos de investidura, en mellorar o réxime de bonificación do bus urbano, pero, ante un varapalo xudicial como este, insistir nesa sombra de dúbida xeneralizada non parece o máis, polo menos, o máis prudente.

Insisto, os servizos xurídicos municipais están estudando os termos da sentenza. O recurso de casación é un recurso, como saben, de carácter extraordinario. Se hai motivo casacional teríamos que presentar ese recurso de casación, insisto, en virtude dos intereses e en

*cuestión de que prevalece, si el interés general o el lucro empresarial abusivo, y si el Gobierno, un gobierno elegido democráticamente, puede tomar decisiones sin beneficio de la ciudadanía o si tiene que doblegarse ante ese poder económico que no se presenta a las elecciones pero al final finaliza mandando más de lo que parece. Muchas gracias.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí, señora García, yo, de verdad que sin acritud, pero yo creo que conviene ir abandonando tópicos, sobre todo cuando recaen sentencias, pronunciamientos judiciales que, evidentemente, podemos compartir o no compartir, que tenemos que acatar y si son susceptibles de impugnación, pues tendremos que impugnar en función de los intereses municipales.*

*Digo que esto de ahora, extender una mancha de sospecha sobre el conjunto del régimen concesional municipal no parece lo más apropiado después de sufrir un varapalo judicial como este. Otra cosa es que la sentencia fuese positiva, yo estaría encantado de que fuese positiva la sentencia del Tribunal Superior, porque podemos concordar, y así estamos acordando en este diálogo y en acuerdos de investidura, en mejorar el régimen de bonificación del bus urbano, pero, ante un varapalo judicial como este, insistir en esa sombra de duda generalizada no parece lo más, por lo menos, lo más prudente.*

*Insisto, los servicios jurídicos municipales están estudiando los términos de la sentencia. El recurso de casación es un recurso, como saben, de carácter extraordinario. Si hay motivo casacional tendríamos que presentar ese recurso de casación, insisto, en virtud de los intereses*



defensa dos intereses municipais pero fagámolo coa máxima prudencia. Podemos entender e entendíamos a finalidade lexítima en termos sociais, en termos de mobilización de transporte público, da finalidade de aquel acordo que agora resulta revocado pero as finalidades políticas, sociais, teñen que ter unha instrumentación xurídica correcta que a priori non é a que acepta o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, incluso o que está é a negar a aplicación retroactiva dese regulamento comunitario. Haberá que discutir se é posible nesa casación esa retroactividade ou non, porque, como dicía, non se trata tanto de defender se o fin é o lexítimo, que é certo que en termos de xustiza é o que hai que traballar, pero hai que instrumentar xuridicamente ben as decisións e non parece que así se fixera.

Insisto, necesitamos ese marco xurídico de estabilidade para tomar decisións de mellora progresiva no transporte público, necesitamos un mellor marco orzamentario, por suposto, e a oportunidade sen fondos de reconstrucións e, por outra parte, temos que ter claro que estamos a iniciar xa a preparación da nova licitación porque é un proceso que vai ser complexo, que vai ser denso, que vai necesitar de moitos estudos técnicos para levar adiante unha nova licitación que estableza un novo futuro para o transporte público colectivo en autobús na nosa cidade e insisto, de paso, que deberíamos falar de autobús urbano correlativamente co autobús metropolitano do que a Xunta, en principio, insisto, segue sen querer falar. Grazas.

**Presidencia**

*y en defensa de los intereses municipales pero hagámoslo con la máxima prudencia. Podemos entender y entendíamos la finalidad legítima en términos sociales, en términos de movilización de transporte público, de la finalidad de aquel acuerdo que ahora resulta revocado pero las finalidades políticas, sociales, tienen que tener una instrumentación jurídica correcta que a priori no es la que acepta el Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, incluso lo que está es negando la aplicación retroactiva de ese reglamento comunitario. Habrá que discutir a ser posible en esa casación esa retroactividad o no, porque, como decía, no se trata tanto de defender si el fin es el legítimo, que es cierto que en términos de justicia es lo que hay que trabajar, pero hay que instrumentar jurídicamente bien las decisiones y no parece que así se hubiera hecho.*

*Insisto, necesitamos ese marco jurídico de estabilidad para tomar decisiones de mejora progresiva en el transporte público, necesitamos un mejor marco presupuestario, por supuesto, y la oportunidad sin fondos de reconstrucciones y, por otra parte, tenemos que tener claro que estamos iniciando ya la preparación de la nueva licitación porque es un proceso que va a ser complejo, que va a ser denso, que va a necesitar de muchos estudios técnicos para llevar adelante una nueva licitación que establezca un nuevo futuro para el transporte público colectivo en autobús en nuestra ciudad e insisto, de paso, que deberíamos hablar de autobús urbano correlativamente con el autobús metropolitano del que la Xunta, en principio, insisto, sigue sin querer hablar. Gracias.*

**Presidencia**



Moitas grazas.

*Muchas gracias.*

Terceira e última pregunta da Marea Atlántica. Señora García.

*Tercera y última pregunta de la Marea Atlántica. Señora García.*

**Terceira. Pregunta de resposta oral sobre o Porto interior.**

***Tercera. Pregunta de respuesta oral sobre el Puerto interior.***

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si.

*Sí.*

Vai a señora Rey decidir a adquisición con fondos municipais de solos públicos portuarios por riba do triple do seu valor?

*¿Va la señora Rey a decidir la adquisición con fondos municipales de suelos públicos portuarios por encima del triple de su valor?*

**Señor Díaz Villoslada**

***Señor Díaz Villoslada***

Si, señora García. Tamén sen acritude pero é un pouco torticeira a formulación da pregunta. Torticeira no sentido de que non é xusta a formulación porque os procesos nos que o Concello poida estar falando para participar na adquisición de solos portuarios públicos unha vez que se desafecten será conforme as taxacións que establece a lexislación de patrimonio das Administracións Públicas, co cal ese sería o valor que teñen que ter os terreos no momento correspondente.

*Sí, señora García. También sin acritud pero es un poco torticero el planteamiento de la pregunta. Torticero en el sentido de que no es justo el planteamiento porque los procesos en los que el Ayuntamiento pueda estar hablando para participar en la adquisición de suelos portuarios públicos una vez que se desafecten será conforme las tasaciones que establece la legislación de patrimonio de las Administraciones Públicas, con lo cual ese sería el valor que tienen que tener los terrenos en el momento correspondiente.*

**Señora García Gómez**

***Señora García Gómez***

Si, desas taxacións podemos falar porque a verdade é que xa as pedimos varias veces e non hai maneira de que poidamos revisalas. Pero a iso chegamos máis tarde.

*Sí, de esas tasaciones podemos hablar porque la verdad es que ya las pedimos varias veces y no hay manera de que podamos revisarlas. Pero a eso llegamos más tarde.*

Hoxe apróbase o proxecto de Orzamentos Xerais do Estado onde, agás sorpresa maiúscula, non se incorpora ningunha disposición en relación aos peiraos interiores da Coruña, ningunha disposición dirixida á condonación da

*Hoy se aprueba el proyecto de Presupuestos Generales del Estado donde, excepto sorpresa mayúscula, no se incorpora ninguna disposición en relación a los muelles interiores de A Coruña, ninguna disposición dirigida a la*

débeda nin tampouco a facer ningún tipo de achega equivalente, que é esa alternativa que sempre apoiamos aquí na moción. Nin condonación parcial, nin condonación total nin nada polo estilo, entón a primeira pregunta que xurde tamén é se o Goberno de Inés Rey vai utilizar a súa liña directa e vai facer algo para incorporar A Coruña a estes orzamentos xerais do Estado porque, de momento, bueno, pois ese exemplo que tiñamos con Valencia no que, para os Orzamentos de 2021 se incorporou unha disposición adicional que lles perdoou máis de 400.000.000 €, pois de momento na Coruña non se aplica.

Na Coruña, os foguetes artificiais dos concertos agora do Porto á beira do mar e dos edificios singulares que quere construír a Xunta para algún fin de equipamento serven para celebrar e, sobre todo, para despistar do tremendo calado das decisións que se están tomando na actualidade e a un ritmo de vértigo.

A Coruña xa está poñendo 20.000.000 € enriba da mesa para adquirir terreos portuarios que xa son públicos, no canto de investilos nos barrios que hoxe nolo demandaban, por exemplo o barrio dos Mallos, a Sagrada Familia ou outros moitos que están agardando por investimento municipal. E non só vai pagar polos terreos portuarios senón que o fará por riba do seu valor e nós, comparando con outra referencia próxima e cercana, que foron os terreos da Solana, comprobamos que por Batería e Calvo Sotelo se pretende pagar máis de 6 veces o valor que se calculou para taxar os terreos da Solana, que temos moi recentes. Como se chega a ese valor? Señor Villoslada, non o sabemos. Como se chega á conclusión de que Batería e Calvo Sotelo valen 20.000.000

*condonación de la deuda ni tampoco a hacer ningún tipo de aportación equivalente, que es esa alternativa que siempre apoyamos aquí en la moción. Ni condonación parcial, ni condonación total ni nada por el estilo, entonces la primera pregunta que surge también es si el Gobierno de Inés Rey va a utilizar su línea directa y va a hacer algo para incorporar A Coruña a estos presupuestos generales del Estado porque, de momento, bueno, pues ese ejemplo que teníamos con Valencia en el que, para los Presupuestos de 2021 se incorporó una disposición adicional que les perdonó más de 400.000.000 €, pues de momento en A Coruña no se aplica.*

*En A Coruña, los cohetes artificiales de los conciertos ahora del Puerto a la orilla del mar y de los edificios singulares que quiere construir la Xunta para algún fin de equipamiento sirven para celebrar y, sobre todo, para despistar del tremendo calado de las decisiones que se están tomando en la actualidad y a un ritmo de vértigo.*

*A Coruña ya está poniendo 20.000.000 € encima de la mesa para adquirir terrenos portuarios que ya son públicos, en vez de invertirlos en los barrios que hoy nos lo demandaban, por ejemplo el barrio de los Mallos, la Sagrada Familia u otros muchos que están esperando por inversión municipal. Y no solo va a pagar por los terrenos portuarios sino que lo hará por encima de su valor y nosotros, comparando con otra referencia próxima y cercana, que fueron los terrenos de la Solana, comprobamos que por Batería y Calvo Sotelo se pretende pagar más de 6 veces el valor que se calculó para tasar los terrenos de la Solana, que tenemos muy recientes. ¿Cómo se llega a ese valor? Señor Villoslada, no lo sabemos. Como se llega a la conclusión de que Batería y Calvo Sotelo valen 20.000.000 €*



€ pois non o sabemos. Se vostede o sabe, ten unha oportunidade estupenda para explicalo aquí. O que si cremos é que é un desembolso incomprensible eses 20 millóns de euros que, ademais, deixan unha pregunta no aire e é que vai pasar cos outros 280 millóns, co outro máis do 90 % da débeda da Autoridade Portuaria que segue pesando como unha lousa enriba da cidade.

Ademais de pagar polos terreos portuarios, co préstamo do Porto aquí se está facendo negocio e o lamentable é que o negocio o faga unha administración pública estatal. A cidade, non só ten que cargar co sobrecusto da construción do Porto exterior, senón que está pagando, está asumindo que haxa que pagar intereses por uns 50 millóns dese préstamo que non foron dar aínda ao seu destino. Se a Autoridade Portuaria ten 50.000.000 € dese crédito aínda sen utilizar e recibe, por telos a prazo fixo, uns 30.000 € ao ano e en 2020 está pagando 3 millóns e medio de intereses a Puertos del Estado nun negocio ruinoso que tamén está enriba das costas da Coruña.

**Ás dezaioito horas e un minuto sae do Salón de Sesións o señor García Fernández.**

E lembrar, lembrar unha vez máis que o Concello vai poñer 20.000.000 €, a Autoridade Portuaria xa pagou 40 millóns en intereses e aquí (**óese un sinal acústico indicativo da finalización do tempo de intervención**) Puertos del Estado non se moveu nin un milímetro da súa posición e o marco da débeda, o marco de que A Coruña carga coa débeda da Autoridade Portuaria, A Coruña ten que pagar ou ben monetariamente ou ben en dereitos urbanísticos a construción do Porto exterior, ese marco, non só non se moveu

*pues no lo sabemos. Si usted lo sabe, tiene una oportunidad estupenda para explicarlo aquí. Lo que sí creemos es que es un desembolso incomprensible esos 20 millones de euros que, además, dejan una pregunta en el aire y es qué va a pasar con los otros 280 millones, con el otro más del 90 % de la deuda de la Autoridad Portuaria que sigue pesando como una losa encima de la ciudad.*

*Además de pagar por los terrenos portuarios, con el préstamo del Puerto aquí se está haciendo negocio y lo lamentable es que el negocio lo haga una administración pública estatal. La ciudad, no solo tiene que cargar con el sobrecoste de la construcción del Puerto exterior, sino que está pagando, está asumiendo que haya que pagar intereses por unos 50 millones de ese préstamo que no fueron a dar aún a su destino. Si la Autoridad Portuaria tiene 50.000.000 € de ese crédito aún sin utilizar y recibe, por tenerlos a plazo fijo, unos 30.000 € al año y en 2020 está pagando 3 millones y medio de intereses a Puertos del Estado en un negocio ruinoso que también está arriba de las costas de A Coruña.*

**A las dieciocho horas y un minuto sale del Salón de Sesiones el señor García Fernández.**

*Y recordar, recordar una vez más que el Ayuntamiento va a poner 20.000.000 €, la Autoridad Portuaria ya pagó 40 millones en intereses y aquí (**se oye una señal acústica indicativa de la finalización del tiempo de intervención**) Puertos del Estado no se movió ni un milímetro de su posición y el marco de la deuda, el marco de que A Coruña carga con la deuda de la Autoridad Portuaria, A Coruña tiene que pagar o bien monetariamente o bien en derechos urbanísticos la construcción del Puerto exterior, ese marco, no solo no se movió ni un milímetro sino que está más*



nin un milímetro senón que está máis próximo que nunca. Preguntarlles ao Partido Socialista e a todos os representantes aquí no Pleno da Corporación se van trasladar ao Congreso a demanda da Coruña de incorporar nos Orzamentos Xerais do Estado disposicións para abordar o problema da débeda da Autoridade Portuaria.

Nada máis. Moitas grazas.

### **Señor Díaz Villoslada**

Si, falaba dos orzamentos do Estado, non sei se liña directa ou semidirecta pero si conversas directas e resultados tanxibles son os 171.000.000 € para a conexión ferroviaria Langosteira, pero aí temos que sumarnos todos: Ministerio, Concello, Xunta de Galicia, e iso está aí. É unha realidade tanxible que se está ultimando para poder licitar este importante proxecto para a viabilidade, xa non só de Punta Langosteira, senón de todo o sistema portuario da Coruña.

Señora García, sabe e temos falado en moitas ocasións desta importante cuestión, porque é unha cuestión relevante para o presente e para o futuro da cidade, que realmente podemos acreditar ou podemos subliñar que estamos dando o mellor cumprimento posible aos acordos plenarios e sinceramente así o penso en relación con esta cuestión. O último acordo plenario de setembro que trae causa dos acordos plenarios anteriores fala, en primeiro lugar, de traballar para superar ese marco xurídico de determinacións urbanísticas dos convenios 2004 e estamos traballando nesa liña; fala dunha solución global de traballar coas zonas 1 e 2, é dicir, Batería, Calvo Sotelo e máis a zona de San Diego co peirao de

*próximo que nunca. Preguntarles al Partido Socialista y a todos los representantes aquí en el Pleno de la Corporación si van a trasladar al Congreso la demanda de A Coruña de incorporar en los Presupuestos Generales del Estado disposiciones para abordar el problema de la deuda de la Autoridad Portuaria.*

*Nada más. Muchas gracias.*

### **Señor Díaz Villoslada**

*Sí, hablaba de los presupuestos del Estado, no sé si línea directa o semidirecta pero sí conversaciones directas y resultados tangibles son los 171.000.000 € para la conexión ferroviaria Langosteira, pero ahí tenemos que sumarnos todos: Ministerio, Ayuntamiento, Xunta de Galicia, y eso está ahí. Es una realidad tangible que se está ultimando para poder licitar este importante proyecto para la viabilidad, ya no solo de Punta Langosteira, sino de todo el sistema portuario de A Coruña.*

*Señora García, sabe y hemos hablado en muchas ocasiones de esta importante cuestión, porque es una cuestión relevante para el presente y para el futuro de la ciudad, que realmente podemos acreditar o podemos subrayar que estamos dando el mejor cumplimiento posible a los acuerdos plenarios y sinceramente así lo pienso en relación con esta cuestión. El último acuerdo plenario de septiembre que trae causa de los acuerdos plenarios anteriores habla, en primer lugar, de trabajar para superar ese marco jurídico de determinaciones urbanísticas de los convenios 2004 y estamos trabajando en esa línea; habla de una solución global de trabajar con las zonas 1 y 2, es decir, Batería, Calvo Sotelo y la zona de San Diego con el muelle de petroleros y frente*





petroleiros e fronte á resistencia e así da Autoridade Portuaria e da Xunta de Galicia que prefiren circunscribirse á zona 1, estamos enfocando unha nova planificación para o conxunto das zonas 1 e 2 do Porto interior. Outro dos compromisos de traballo é certo que fai unha declaración de máximos que é avogar por esa condonación total ou parcial ou por traballar con axudas equivalentes e nós entendemos que as fórmulas que estamos encontrando para darlle certa viabilidade económica e financeira á Autoridade Portuaria, porque se a cidade é importante para o Porto o Porto é importante para a cidade e son as fórmulas nas que estamos a traballar, é dicir, estamos a constituír ese ente público de xestión, ou acordando constituír ese ente público de xestión como tamén se reflicte nos acordos plenarios nos que as administracións coas aportacións que fan non perderan de titularidade pública os solos portuarios que finalmente se acorde desafectar.

Da conexión ferroviaria a Langosteira xa teño falado e, nese sentido, non teñan dúbida en ningún momento de que os importes de taxación dos que se fala son importes oficiais, é dicir, se a zona 1 Batería e Calvo Sotelo está taxada actualmente por Puertos del Estado, na última taxación realizada que perdeu vixencia en febreiro e que habería que actualizar, é de 19.800.000 €, e iso está nos documentos de taxación de Puertos del Estado, non se trata de ningunha invención. Cando se fala desas taxacións que a Autoridade Portuaria ou Puertos del Estado vén de autorizar hai pouco en relación coa tarificación para a ocupación do solo portuario mediante concesións e autorizacións ten esa finalidade exclusivamente, que é establecer as bases impositivas das

*a la resistencia y así de la Autoridad Portuaria y de la Xunta de Galicia que prefieren circunscribirse a la zona 1, estamos enfocando una nueva planificación para el conjunto de las zonas 1 y 2 del Puerto interior. Otro de los compromisos de trabajo es cierto que hace una declaración de máximos que es abogar por esa condonación total o parcial o por trabajar con ayudas equivalentes y nosotros entendemos que las fórmulas que estamos encontrando para darle cierta viabilidad económica y financiera a la Autoridad Portuaria, porque si la ciudad es importante para el Puerto el Puerto es importante para la ciudad y son las fórmulas en las que estamos trabajando, es decir, estamos constituyendo ese ente público de gestión, o acordando constituir ese ente público de gestión como también se refleja en los acuerdos plenarios en los que las administraciones con las aportaciones que hacen no pierdan de titularidad pública los suelos portuarios que finalmente se acuerde desafectar.*

*De la conexión ferroviaria a Langosteira ya he hablado y, en ese sentido, no tengan duda en ningún momento de que los importes de tasación de los que se habla son importes oficiales, es decir, si la zona 1 Batería y Calvo Sotelo está tasada actualmente por Puertos del Estado, en la última tasación realizada que perdió vigencia en febrero y que habría que actualizar, es de 19.800.000 €, y eso está en los documentos de tasación de Puertos del Estado, no se trata de ninguna invención. Cuando se habla de esas tasaciones que la Autoridad Portuaria o Puertos del Estado acaba de autorizar hace poco en relación con la tarificación para la ocupación del suelo portuario mediante concesiones y autorizaciones tiene esa finalidad exclusivamente, que es establecer las bases impositivas de las*



tarifas das autorizacións e de concesións portuarias.

Pero, en todo caso, e remato, os importes que finalmente se teñan que acordar relativos aos valores de taxación serán os que se determinen legalmente e cos procedementos legais que estean establecidos para ese momento, pero os importes dos que se están a falar actualmente son as taxacións oficiais realizadas polo sistema portuario, concretamente por Puertos del Estado.

Non teño nada máis que dicir pero si insistir en que eu creo que se está dando unha correcta lectura e aplicación aos distintos acordos plenarios, se non en todos os puntos de máximos si na súa meirande parte e, sobre todo, no que estamos traballando é en facilitar a viabilidade financeira á Autoridade Portuaria porque é importante para a cidade e consolidar a dispoñibilidade de solos públicos e no espazo portuario que se vaia desafectar.

Máis nada e grazas.

**Ás dezaioito horas e seis minutos entra no Salón de Sesións o señor García Fernández.**

#### **Presidencia**

Moitas grazas.

Remata o turno de preguntas da Marea Atlántica. Vamos xa co Partido Popular. Primeira pregunta relativa a vivenda, señor Deus.

#### **PREGUNTAS DE RESPUESTA ORAL PRESENTADAS POR EL GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR**

*tarifas de las autorizaciones y de concesiones portuarias.*

*Pero, en todo caso, y finalizo, los importes que finalmente se tengan que acordar relativos a los valores de tasación serán los que se determinen legalmente y con los procedimientos legales que estén establecidos para ese momento, pero los importes de los que se están hablando actualmente son las tasaciones oficiales realizadas por el sistema portuario, concretamente por Puertos del Estado.*

*No tengo nada más que decir pero sí insistir en que yo creo que se está dando una correcta lectura y aplicación a los distintos acuerdos plenarios, si no en todos los puntos de máximos sí en su mayor parte y, sobre todo, en lo que estamos trabajando es en facilitar la viabilidad financiera a la Autoridad Portuaria porque es importante para la ciudad y consolidar la disponibilidad de suelos públicos y en el espacio portuario que se vaya desafectar.*

*Nada más y gracias.*

*A las dieciocho horas y seis minutos entra en el Salón de Sesiones el señor García Fernández.*

